En relación coa pregunta con resposta escrita **número 46994**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta don Martín Seco García, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto da exclusión das axudas directas a autónomos á práctica totalidade das explotacións agrogandeiras"**, (publicada no BOPG número 443, do 27 de xaneiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Ao igual que para o caso das persoas traballadoras autónomas do sector do mar, e ademais das axudas directas postas en marcha en xaneiro do ano 2023 a través do Programa IMPACTO AUTÓNOMO, **ás que poden acceder, e de feito accederon, as persoas autónomas do sector agrario que cumpran os requisitos da convocatoria de axudas**, xa anteriormente por mor da Pandemia da covid-19, as Xunta de Galicia tiña implementados e xestionados ata seis Plans de Rescate, entre os exercicios 2020 e 2022, dirixidos fundamentalmente a microempresas e persoas traballadoras autónomas, posto que se trata dos principais protagonistas na creación de emprego e axentes dinamizadores da economía na nosa Comunidade Autónoma.

A administración autonómica é consciente de que foron e son as estas microempresas e persoas traballadoras autónomas en especial, as que sufriron o maior impacto da crise xerada pola evolución da COVID-19, e moitas deles pertencen aos sectores máis afectados pola COVID-19.

Así, en 2020 e 2021 a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade implantou axudas para as persoas traballadoras autónomas, entre elas as do sector do mar, **xestionándose un total máis de 415 millóns de euros entre o I, II, III e IV Plan de Rescate**, que se uniron



ás axudas específicas implantadas dende a Consellería do Medio Rural ás persoas autónomas do sector agrario e gandeiro.

De igual xeito, en 2023, convocáronse axudas específicas dirixidas a todas as persoas traballadoras autónomas, **incluídas as dos sectores agrícola e gandeiro**: O Programa Xempre Autónomo, dotado con 12M de euros; As axudas para a conciliación da persoa traballadora autónoma, dotadas con 1M de euros; O Programa Nova oportunidade, cun orzamento de 1,5M de euros, ou os dous programas de Apoio ao emprendemento cunha dotación de 13M de euros.

Sinalar ademais, en relación á obrigatorioidade de presentar electrónicamente as solicitudes, o disposto na Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, en concreto no seu artigo 10:

Artigo 10. Obrigatorioidade do emprego dos medios electrónicos

1. No ámbito do sector público autonómico estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, ademais dos indicados no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os suxeitos seguintes:

a) Os traballadores autónomos e traballadoras autónomas para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 17:17:23
Nº Rexistro: 59705
Data envío: 13/09/2023 17:17:23.649

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2023 15:17:21

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 47003**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o atraso nos informes solicitados dende o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico en relación cos parque eólicos necesarios para o rearranque de Alcoa en San Cibrao"**(publicada no BOPG número 443 do 27 de xaneiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"O artigo 6.4 da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico de Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, establece:

"4. Non poderán implantarse parques eólicos fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, a excepción das modificacións substanciais dos parques en funcionamento nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, así como aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de enerxía.

En calquera caso, todos os proxectos deberán cumprir as distancias mínimas ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano e urbanizable residencial establecidas no artigo 33, e será necesario que o uso do solo sexa compatible coa implantación destas infraestruturas."



En relación cos parques eólicos que firmaron acordos de compras de enerxía con Aluminio Español, S.L.U. (PPA) para a subministración de enerxía a prezos máis competitivos, debemos sinalar que o Consello da Xunta acordou segundo o establecido no artigo 6.4 da Lei 8/2009 excepciónar os seguintes proxectos de tramitación ministerial para que poidan ser tramitados:

PARQUE	PROMOTOR	POTENCIA (MW)	SOLICITUDE	CONSELLO
Borrasca	Greenalia	84	13/07/2022	03/11/2022
Monzón	Greenalia	54,4	13/07/2022	03/11/2022
Ventisca	Greenalia	89,6	13/07/2022	03/11/2022
Boura	Greenalia	72,8	13/07/2022	17/11/2022
Levante	Greenalia	106,4	26/08/2022	17/11/2022
Badulaque	Endesa	90	04/09/2022	17/11/2022
Barqueiro	Endesa	150	03/09/2022	17/11/2022
Santuário	Endesa	180	02/09/2022	17/11/2022
Tesouro	Endesa	60	02/09/2022	17/11/2022
Caaveiro	Endesa	78	02/09/2022	17/11/2022
Moeche	Endesa	53	05/09/2022	17/11/2022

Polo tanto, antes de contar coas devanditas declaracións de excepcionalidade acordadas polo Consello da Xunta, estes parques eólicos foron informados desfavorablemente. Porén, en canto obtiveran as declaracións permitíase a súa tramitación. Os organismos da Xunta emitiron os seus informes en prazo e todos estes parques obtiveron declaración de impacto ambiental, ben favorable (todos os parques agás un) ou ben desfavorable (o parque eólico Caaveiro por estar en zona BIC)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:34:00
Nº Rexistro: 59330
Data envío: 11/09/2023 11:34:00.797

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:33:58

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 47205**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a tramitación do parque eólico Troitomil e outros parques eólicos previstos no concello da Baña e nos concellos limítrofes"**, (publicada no BOPG número 443, do 27 de xaneiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"O parque eólico Troitomil conta con informe do 01.10.2020, no que se indica que os aeroxeradores cumpren as distancias de 500 m e se recollen os organismos que deberán emitir informe para a aprobación definitiva do proxecto sectorial.

Asemade, o proxecto definitivamente aprobado correspóndese co proxecto avaliado por Medio Ambiente para a emisión da declaración de impacto ambiental de data 04.11.2022. Esa documentación recolle os cambios debidos aos informes ambientais e ás alegacións formuladas durante a información pública, de acordo co recollido na lexislación. O órgano ambiental non apreciou a necesidade de someter de novo á información pública.

Pola súa parte, no expediente consta informe do órgano de conca en relación ao EIA, ao PIA e á separata do proxecto, informes, todos eles, favorables. Ademais, establécese o requisito de que, previo ao inicio de obras, o promotor deberá obter a autorización de Augas de Galicia para a correcta execución das mesmas mantendo a seguridade das captacións de augas da zona.

De igual xeito, o proxecto conta con informes favorables da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de datas 26.06.2021 e 27.09.2022, onde se recollen todas as medidas cautelares para a conservación do patrimonio.

Por último, cómpre sinalar que os parques eólicos proxectados na zona contan cada un



deles cun estudo de impacto ambiental que recolle estudos sinérxicos con parques eólicos e liñas na súa contorna. Todos os parques foron avaliados ambientalmente, de feito, o parque eólico Barrosino obtivo DIA negativa, sendo tan só autorizados, despois dunha avaliación ambiental favorable, os parques eólicos Troitomil e Vilartoxo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2023 12:38:15
Nº Rexistro: 59769
Data envío: 14/09/2023 12:38:15.726

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2023 10:38:08

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 47292**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"as previsións da Xunta de Galicia de recadar un informe xurídico sobre o cumprimento dos compromisos do plan industrial da empresa Estela Eólica"**(publicada no BOPG número 443 do 27 de xaneiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Mediante Resolución do 23 de xaneiro de 2014, a entón Dirección Xeral de Enerxía e Minas aceptou a renuncia de Estela Eólica SL á potencia admitida a trámite mediante a Orde do 29 de marzo de 2010, de acordo coa Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, baseada na imposibilidade material de continuar o procedemento por causas sobrevindas. En consecuencia, procedeu ao arquivo dos expedientes de:

Zona	Promotor	Parque	ADE	Potencia(MW)
3	Estela Eólica, S.L.	Meda	Meda	48
3	Estela Eólica, S.L.	San Cristovo	San Cristovo	18
3	Estela Eólica, S.L.	Serra da Lagoa	Serra da Lagoa	48
9	Estela Eólica, S.L.	Bullos	Monte do Gato	21
9	Estela Eólica S.L.	Pena do Corvo	Pico Felga	18
10	Estela Eólica, S.L.	As Penizas	Cabanelas	33
			Total	186

Os parques eólicos de Gato e Felga foron admitidos a trámite, respectivamente, con data 16.03.2018 e 6.02.2018, máis de catro anos despois do arquivo dos parques eólicos



que se mencionan na pregunta. Estas solicitudes foron realizadas dentro do procedemento liberalizado que marca a Lei 5/2017, do 19 de outubro, pola que se modifica a Lei 8/2009 de acordo co proceso de liberalización do sector de xeración eléctrica que culminou co cambio normativo.

Atendendo a esta modificación fíxose necesaria a actualización da lexislación específica do sector eólico no ámbito autonómico, permitindo a presentación de parques eólicos cun procedemento máis áxil e sen a necesidade de ordes de convocatoria. Foi dentro deste marco regulatorio liberalizado cando se presentaron os parques de Gato e Felga". O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:33:42
Nº Rexistro: 59327
Data envío: 11/09/2023 11:33:42.234

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:33:39

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 47298**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir o cumprimento do plan industrial na tramitación do parque eólico Os Cotos en Cerdedo-Cotobade"**, (publicada no BOPG número 443, do 27 de xaneiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"En relación coa pregunta sobre a execución do plan industrial de Tiraventos debemos sinalar que a empresa executou o seu plan industrial a través da actuación do Plan de CZ veterinaria fabricación de vacinas Biofabri, presentando, durante o período de execución, a documentación acreditativa á Comisión de Seguimento do emprego e investimento executados desde o ano 2011 ata o ano 2020, quedando acreditada a súa execución, superándose as cifras de emprego e investimento marcadas na resolución da Orde de 29 de marzo de 2010.

EMPRESA	POTENCIA ADXUDICADA	POTENCIA QUE CONTINUA	PROPORCIONALIDADE		EXECUTADO		Parque	Potencia admitida	Actuaciones
			IMPORTE	empregos	IMPORTE	empregos			
TIRAVENTOS, S.L.	51	51	20.705.000 €	59	38.250.879,75 €	86	Os Cotos	30	Plan de CZ veterinaria fabricación vacunas- BIOFABRI
							O Merendón	21	

Na tramitación do parque dos Cotos tivéronse en conta para a súa autorización os informes emitidos polos distintos organismos consultados, así como a obtención da declaración de impacto ambiental favorable. A vinculación do parque e do plan industrial é indispensable para non perder a potencia adxudicada, pero, en ningún caso, o cumprimento dos plans inflúe na tramitación dos parques como sucede no caso desta empresa en concreto, na que o parque eólico de Merendón obtivo declaración de impacto ambiental negativa, o que



impediu a súa autorización sen ter en conta para nada o cumprimento do seu plan asociado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:33:15
Nº Rexistro: 59323
Data envío: 11/09/2023 11:33:15.109

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:33:12

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. Ff

En relación coa pregunta con resposta escrita - **número 47655**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **"os recursos técnicos da Sociedade galega do medio ambiente para tratar a xestión de residuos orgánicos dos concello adscrito ao seu sistema"**, (publicada no BOPG número 443, do 27 de xaneiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

En resposta á pregunta parlamentaria con **nº de rexistro 47653-47654-47655**, relativa á xestión dos residuos orgánicos; formulada polo Grupo Parlamentario do PSOE, a resposta que pode achegar a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é a seguinte:

A rede de infraestruturas que está a executar a Xunta para propiciar a valorización da materia orgánica estará conformada por 4 plantas de biorresiduos (unha por provincia) e 13 plantas de transferencia de apoio ás que se dotará dun punto de transvasamento para a materia orgánica recollida de forma separada nos municipios.

Con estas infraestruturas, os municipios adheridos a Sogama disporán dunha planta de biorresiduos ou de transferencia a menos de 50 quilómetros de distancia.

Cómpre lembrar que a xestión dos residuos é competencia municipal, polo que son os gobernos locais os que teñen a potestade para someter os residuos ao tratamento que consideren máis axeitado.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:32:30
Nº Rexistro: 59317
Data envío: 11/09/2023 11:32:30.922

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:32:28

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 47987**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego do aumento dos delitos de odio contra as persoas LGTBI"**, (publicada no BOPG número 447, do 2 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Para loitar contra a LGBTfobia e os delitos de odio é preciso un punto de vista integral que permita despregar diferentes políticas públicas nos eidos da prevención, resposta integral á violencia e na protección e reparación das vítimas.

Desde o ano 2018 véñense asinando, anualmente, entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (a través da Secretaría Xeral da Igualdade) convenios con diferentes entidades para o desenvolvemento de actividades e programas dirixidos á promoción, aplicación e desenvolvemento de actuacións e medidas destinadas a avanzar no fomento e a promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade, sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI. Entre estas, campañas de información social que promovan comportamentos e actitudes de respecto e igualdade ou actuacións para previr e intervir ante condutas de discriminación ou de posible acoso, violencia de xénero e/ou maltrato infantil, que puideran producirse por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, especialmente dende o ámbito familiar e social.

O Observatorio LGBTIQ+ conta agora mesmo con dous grupos de traballo: un adicado aos colectivos especialmente vulnerables e outro adicado á educación e deportes. Froito dos seus traballos elaboráronse tres dos que se extraen interesantes conclusións e propostas que deberán ser analizadas no observatorio para a súa posible implementación. Polo de



pronto, ademais dos ditos informes, desde a SXI estanse elaborando unha serie de decálogos de boas prácticas en diferentes eidos clave da sociedade (educación, familias, deporte, etcétera).

A maiores ás funcións importantes do Observatorio LGBTIQ+: Manter comunicación permanente coas instancias públicas e privadas pertinentes para a materialización dos dereitos das persoas LGBTI ou Propoñer a realización de investigacións e estudos específicos que resulten de interese para o coñecemento da situación das persoas LGTBI na Comunidade Autónoma de Galicia, entre outros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 17:16:57
Nº Rexistro: 59701
Data envío: 13/09/2023 17:16:57.289

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2023 15:16:54

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 48064**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as accións previstas pola Xunta de Galicia para evitar que a empresa Alcoa San Cibrao incumpra os acordos"**, (publicada no BOPG número 447, do 2 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia leva estando presente en todas as comisións de seguimento da situación de Alcoa ininterrompidamente desde a primeira, amosando, sempre, o seu compromiso co mantemento do emprego na Mariña lucense.

De feito, grazas ás modificacións legislativas efectuadas pola Administración autonómica, incentivouse a firma de contratos PPAs por parte da empresa con promotores eólicos. Este resultado conseguiuase grazas a dúas medidas: a posibilidade de desenvolver proxectos eólicos fóra das áreas de desenvolvemento eólicos (zonas ADE), e o outorgamento da condición de iniciativa empresarial prioritaria a aqueles proxectos que subscribiran un contrato de este tipo cunha empresa con centro de traballo en Galicia e lle subministraran o 50% da enerxía producida polo parque eólico.

Como se dixo, grazas a estas medidas Alcoa acabou firmando dous PPAs coas empresas Enel e Greenalia, co fin último de conseguir unha estabilidade e seguridade no prezo da enerxía, ante a dificultade por parte de Goberno central de fixar un prezo enerxético estable.

En calquera caso, os proxectos fóra de ADE foron declarados excepcionais polo Consello da Xunta por tratarse de proxectos que teñen unha clara incidencia territorial pola súa



entidade económica e social e posúen unha función vertebradora e estruturante do territorio, nun prazo inferior a tres semanas desde que o promotor presentou a documentación completa, o cal posibilitou que estes parques puideran tramitarse.

Ademais, esta declaración de excepcionalidade habilitou a tramitación do proxecto, pero estableceu tamén o condicionante de que as devanditas declaracións quedarían sen efecto no caso de que non se cumpriran os requisitos que motivaron a súa declaración. Polo tanto, a Administración autonómica garante que estes proxectos enerxéticos destinarán a súa enerxía a Alcoa.

Así mesmo, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Industria e Innovación, concedeu unha axuda de 985.000 euros á planta de Alcoa San Cibrao para a mellora da súa eficiencia enerxética. En concreto, a empresa investirá 3,4 millóns de euros na fundición e conformado de ánodos para a substitución do consumo de fuelóleo por gas natural co obxectivo de reducir en preto dun 3% o consumo inicial, o que supón máis de 4 millóns de kWh ao ano.

O proxecto contempla a conexión co gasoduto, así como a instalación dunha estación de regulación e medida para facturación, tubaxe de distribución, ademais de elementos para regulación, control e supervisión tanto dos equipos de combustión como dos fornos de elaboración. De feito, trátase dun proxecto comprometido pola empresa no plan de investimentos acordado coas persoas traballadoras da factoría.

Estes apoios enmárcanse na liña da Xunta de Galicia destinada a impulsar proxectos de eficiencia e aforro enerxético tanto en pemes como en grandes empresas do sector industrial.

Deste xeito, a Administración autonómica mostra o seu compromiso co mantemento da actividade industrial en Alcoa e a súa vontade de buscar solucións que permitan apoiar a industria electointensiva e o mantemento do emprego nun momento de grandes dificultades.

En definitiva, a competitividade da planta depende do desenvolvemento, por parte do Goberno central, dun marco de subministración eléctrica competitiva, estable e predicible para a industria electointensiva española, de maneira que lle permita competir en



igualdade de condicións desde o punto de vista do prezo eléctrico co resto da industria electrointensiva europea.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:31:56
Nº Rexistro: 59312
Data envío: 11/09/2023 11:31:56.015

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:31:53

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 48252**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto das condicións das axudas a persoas autónomas do sector do mar"**, (publicada no BOPG número 447, do 2 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Ademais das axudas directas postas en marcha en xaneiro do ano 2023 a través do Programa IMPACTO AUTÓNOMO, **ás que poden acceder, e de feito accederon, as persoas autónomas do sector do mar que cumpran os requisitos da convocatoria de axudas**, xa anteriormente por mor da Pandemia da covid-19, as Xunta de Galicia tiña implementados e xestionados ata seis Plans de Rescate, entre os exercicios 2020 e 2022, dirixidos fundamentalmente a microempresas e persoas traballadoras autónomas, posto que se trata dos principais protagonistas na creación de emprego e axentes dinamizadores da economía na nosa Comunidade Autónoma.

A administración autonómica é consciente de que foron e son as estas microempresas e persoas traballadoras autónomas en especial, as que sufriron o maior impacto da crise xerada pola evolución da COVID-19, e moitas deles pertencen aos sectores máis afectados pola COVID-19.

Así, en 2020 e 2021 a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade implantou axudas para as persoas traballadoras autónomas, entre elas as do sector do mar, **xestionándose un total máis de 415 millóns de euros entre o I, II, III e IV Plan de Rescate**, que se uniron ás axudas específicas implantadas dende a Consellería do Mar, dirixidas ás persoas autónomas dos sectores da pesca, acuicultura e marisqueo.



De igual xeito, en 2023, convocáronse axudas específicas dirixidas a todas as persoas traballadoras autónomas, **incluídas as do sector do mar**: O Programa Xempre Autónomo, dotado con con 12M de euros; As axudas para a conciliación da persoa traballadora autónoma, dotadas con 1M de euros; O Programa Nova oportunidade, cun orzamento de 1,5M de euros, ou os dous programas de Apoio ao emprendemento cunha dotación de 13M de euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 17:16:36
Nº Rexistro: 59698
Data envío: 13/09/2023 17:16:36.977

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2023 15:16:34

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 48410**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **"a valoración do Goberno galego da execución do programa 751A, Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia, dos orzamentos do ano 2022, a 30 de setembro"** (publicada no BOPG número 447 do 2 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A contención do consumo afectou dun modo transversal a todos os sectores produtivos e de servizos, pero incidiu dunha forma especialmente gravosa na actividade comercial, unha das máis sensibles ao comportamento do consumo.

O Goberno galego foi consciente desde un primeiro momento da importancia e da necesidade da reactivación do consumo e da dinamización da actividade comercial para o mantemento dun sector que é estratéxico na nosa economía.

En concreto, para a reactivación do sector comercial, é preciso activar unha serie de medidas para impulsar a dixitalización e reforzar a súa dinamización co fin de manter o tecido comercial e, ademais, evitar unha perda de competitividade.

A crise sanitaria puxo de manifesto como a dixitalización e o uso das novas tecnoloxías configúranse como ferramentas fundamentais para manter a actividade do comercio, polo que é preciso a posta en marcha de mecanismos de xestión integral que permitan combinar a venda física coa venda en liña e a distancia.



Ademais, ante a contracción do consumo e o descenso da confianza das persoas consumidoras, é necesario intervir reactivando a demanda e, paralelamente, apoiar ás pequenas empresas para manterse no intervalo de tempo que dure a reactivación.

Por todo isto, a Xunta de Galicia puxo en marcha unha estratexia de liñas de axudas dirixidas a mellorar a competitividade do comercio e a garantir o mantemento do tecido comercial e artesanal, así como para incentivar o consumo.

Para acadar estes obxectivos, a data 30 de setembro de 2022 tiñáanse activado distintas liñas de axudas para o sector artesanal e comercial por importe de 16,4M€, o que supón un 74,18% do orzamento total do programa 751A que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

Todas estas liñas de axudas orientadas á reactivación da actividade comercial e do consumo comprenden actuacións que en moitos casos precisan dun desenvolvemento continuado ao longo de todo o exercicio ou, no seu caso, un período de tempo amplo para a súa implantación.

Por iso, co fin de abarcar o maior número de actuacións e actividades que poden ser obxecto de axuda, o período subvencionable de cada convocatoria para a súa realización e pagamento iníciase o 1 de xaneiro e remata ao longo do cuarto trimestre do 2022, adaptándose así e comprendendo os distintos períodos de intensa actividade comercial, incluída a campaña de Nadal 2021-2022. En consecuencia, é no cuarto trimestre do ano cando se executan os pagamentos das axudas, previa xustificación da súa realización”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:31:03
Nº Rexistro: 59304
Data envío: 11/09/2023 11:31:03.218

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:31:00

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 48616**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto dos proxectos dos parques eólicos Porto Vidros e Campo das Rosas en Cerdedo-Cotobade promovidos por Naturgy"**, (publicada no BOPG número 451, do 9 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"En relación coa fragmentación dos expedientes dos parques eólicos, cómpre efectuar as seguintes consideracións:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, define o fraccionamento de proxectos como o 'mecanismo artificioso de división dun proxecto co obxectivo de evitar a avaliación de impacto ambiental ordinaria, no caso de que a suma das magnitudes supere os limiares establecidos no Anexo I'. O pretendido fraccionamento tería como fin último eludir a avaliación ambiental ordinaria. Porén no caso de parques eólicos próximos entre si, non é posible (mediante o fraccionamento) evitar o seu sometemento ao procedemento ordinario de avaliación ambiental, pola obriga de considerar os efectos sinérxicos ou acumulativos con outros parques xa construídos e/ou avaliados.

Así, no ámbito dos parques eólicos, o referido Anexo I establece que estarán sometidas á avaliación ambiental ordinaria, entre outras, as 'Instalacións para a utilización da forza do vento para a produción de enerxía (parques eólicos) que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou que teñan máis de 30 MW ou que se atopen a menos de 2 km doutro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental'.



Polo tanto, no caso das instalacións de aproveitamento eólico, o fraccionamento que se alega de adverso non produce os efectos denunciados (evitar que o proxecto teña que ser sometido a unha avaliación ambiental ordinaria).

Por outra banda, a Lei 21/2013 obriga a que os estudos de impacto ambiental que presenten os promotores deban contemplar os efectos sinérxicos ou acumulativos derivados da existencia doutros parques eólicos ou outro tipo de instalacións nas proximidades. Polo tanto, ese suposto 'partimento' dos proxectos non evita que a avaliación ambiental deba ter en conta o efecto derivado da proximidade doutras instalacións e infraestruturas.

O proxecto do parque eólico conta cun estudo de sinerxías incluído no estudo de impacto ambiental cunha zona de estudo dos parques eólicos e liñas eléctricas situadas na súa contorna.

Cómpre sinalar que nada impide, desde o punto de vista da lexislación ambiental e do sector eléctrico, a execución de parques próximos entre si por parte dun mesmo ou distintos promotores e compartindo certas instalacións. Así o ten declarado o Tribunal Supremo na súa sentenza do 11 de decembro de 2013 cando di que 'una cosa es que los distintos elementos e instalaciones de un parque eólico deban tener una consideración unitaria y otra que ello impida que puedan existir parques próximos y que estos puedan compartir la ubicación de algunos elementos o la línea de vertido a la red'.

Pola contra, tanto a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico como o Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, así como o Real Decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, obrigan a que se compartan as infraestruturas de evacuación, precisamente para evitar un maior impacto ambiental. En concreto, a disposición final segunda do Real Decreto 1183/2020, modifica o Real Decreto 1955/2000 para condicionar a autorización administrativa das infraestruturas de evacuación á presentación, por parte dos titulares de ditas liñas de evacuación, dun documento que acredite a existencia dun acordo vinculante para o uso compartido das mesmas por parte de todos os titulares de permisos de acceso e conexión na mesma posición de liña. En palabras do Alto Tribunal, na devandita sentenza do 11 de decembro de



2013, 'no podría darse un tratamento separado a grupos de aerogeneradores de forma artificiosa y tratarlos como parques autónomos, o duplicar instalaciones con el mismo fin, pues ello comportaría efectivamente un fraude de ley que, al margen de su mayor impacto medioambiental, podría suponer una alteración de la competencia o una evitación de mayores exigencias medioambientales'.

Pola súa parte, a Lei 8/2009 do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, define parque eólico como a instalación de produción de electricidade a partir de enerxía eólica, constituída por un ou varios aerogeneradores interconectados electricamente con liñas propias, que comparten unha mesma estrutura de accesos e control, con medición de enerxía propia, así como coa obra civil necesaria. Polo tanto, de acordo con esta definición, pode colixirse o carácter unitario dun parque e considerarse autónomo e independente sempre que teña capacidade de funcionamento separado, sen prexuízo de que comparta infraestruturas de evacuación con outros parques. É máis, compartir infraestruturas de evacuación supón, como é lóxico, un menor impacto ambiental, obxectivo a perseguir neste tipo de instalacións. Nesta mesma liña, a utilización de accesos comúns supón un uso máis racional do terreo, reducindo a superficies afectadas polas instalacións.

No que respecta á definición de instalacións de conexión a Lei 8/2009 remítese ao establecido no artigo 30 do mencionado Real Decreto 1955/2000, entendendo por instalacións de conexión de centrais de xeración aquelas que sirvan de ligazón entre unha ou varias centrais de xeración de enerxía eléctrica e a correspondente instalación de transporte ou distribución, incluíndo liñas e subestacións.

En calquera caso, os proxectos eólicos son sometidos a avaliación ambiental ordinaria, e nela avalíanse os efectos sinérxicos. Así, por exemplo, o informe do 18.12.2022 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural relativo ao parque eólico Campo das Rosas establece que 'En base ás análises efectuadas e resultados obtidos, non se prevén modificacións na intensidade dos efectos sinérxicos das instalacións existentes, autorizadas e tramitadas nas áreas analizadas como consecuencia da acumulación de infraestruturas (en explotación ou en autorización máis as proxectadas). O resultados indican que o parque eólico e liña eléctrica proxectada non producirá un incremento significativo da intensidade dos efectos sinérxicos nas áreas analizadas dentro da envolvente de 5 km.'



De igual forma, o informe da Axencia Turismo de Galicia do 30.03.2022 dispón que 'o impacto que terá o parque eólico 'Campo das Rosas' no turismo rural local así como na súa contorna é reducido e que deberán ser atenuados polas medidas compensatorias e correctivas a incluír na Declaración de Impacto Ambiental.

Así mesmo e tras a análise turística da instalación e en concreto sobre a posible incidencia do parque eólico Campo das Rosas sobre a festa de interese turístico da Rapa das Bestas de Sabucedo, destacar que a afección considérase na mesma liña que o resto da actuación, tendo presente que a súa afección visual é real e preséntase analizada no estudio de impacto turístico aportado.'

E por último, cómpre indicar que as empresas adxudicatarias do concurso do 2010 terán que cumprir cos seus compromisos adquiridos, e a Xunta de Galicia velará polo seu cumprimento."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:30:48
Nº Rexistro: 59302
Data envío: 11/09/2023 11:30:48.750

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:30:46

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ff

En relación coa pregunta con resposta escrita- **número 48829**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outras/outros deputadas/os do mesmo grupo, sobre **"as políticas económicas previstas polo Goberno galego para xerar emprego"**, (publicada no BOPG número 451, do 9 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Dende a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, as liñas de traballo en relación á políticas económicas dirixidas a incentivar o emprego podemos destacar o seguinte:

No primeiro semestre de 2023, **Galicia é a segunda CCAA por número de axudas ao emprego publicadas pola Xunta** (44 apoios), representando o 10,4% do total de axudas ao emprego de todo o Estado (423), só por detrás de Navarra (62 // 14,66%).

En termos de investimento económico, **Galicia sitúase no terceiro lugar cun total de 274,2M€ (e un 12,09%)**, só por detrás de Valencia (17,09% // 387,5M€) e de Andalucía (12,51% // 283,8M€).

Atendendo a esa perspectiva, Galicia amosa **un destacado esforzo investidor en materia de axudas para o emprego** e de atención a este conxunto de políticas de apoio, en comparación co resto de comunidades autónomas:

- A Xunta ocupa **o segundo posto por orzamento dedicado ao emprego con 274,2M€**, xa que dedica o 1,94% sobre o total do seu orzamento, só por detrás de Extremadura (2,33% // 166,8M€) ¹. A media estatal sitúase no 0,89%, menos da metade do investimento feito en Galicia (un 118,57% por baixo).

¹ Para facer a comparativa tense en conta o investimento do total das axudas destinadas ao emprego sobre o orzamento total da CCAA. Os 274,2M€ son o resultado da suma das axudas ao emprego das consellerías de Promoción do Emprego e Igualdade, de Medio Rural, do Igape e da Vicepresidencia segunda de Presidencia.



- No mesmo nivel, Galicia sitúase no **3º lugar por investimento por poboación parada media entre xaneiro e maio²**, cun investimento por persoa parada de **1.945,38€**, só por detrás de Extremadura (2.021,39€) e de Navarra (1.957,74€), tendo en conta que a media do conxunto de CCAA foi de 908,39€, moi lonxe do esforzo, un 114,16% menos.
- En clave autonómica, **a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade representa o 70,69% do número de axudas publicadas** (incluídas as demais consellerías e deputacións provinciais), **e o 87,64% atendendo ao investimento aplicado (255,4M€)**.
- Tendo en conta só o esforzo investidor da Xunta de Galicia, **a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade supón o 93,18% das axudas publicadas e o 93,14% do orzamento aplicado (os mencionados 255,4M€)**

² Galicia representa só o 4,96% do total da poboación parada media do que vai de 2023.



Comparativa conxunto CCAA – Nº de apoios // Orzamento total dos apoios

CC.AA.	Nº apoios publicados	% s/ total apoios	Orzamento 2023	Orzamento 2024 e ss.	Total orzamento 23-24	% Total orzamento
Andalucía	27	6,38%	261.296.048,84 €	22.556.222,00 €	283.852.270,84 €	12,51%
Aragón	25	5,91%	55.747.536,19 €	14.411.431,79 €	70.158.967,98 €	3,09%
Asturias	16	3,78%	22.593.230,94 €	13.895.000,00 €	36.488.230,94 €	1,61%
Baleares	17	4,02%	30.285.906,71 €	7.968.573,29 €	38.254.480,00 €	1,69%
Canarias	9	2,13%	32.560.803,00 €		32.560.803,00 €	1,44%
Cantabria	15	3,55%	17.261.750,00 €	5.000.000,00 €	22.261.750,00 €	0,98%
Castilla La Mancha	23	5,44%	119.079.942,04 €	8.664.723,17 €	127.744.665,21 €	5,63%
Castilla y León	8	1,89%	60.630.000,00 €	1.395.000,00 €	62.025.000,00 €	2,73%
Cataluña	16	3,78%	176.419.628,66 €	127.893,45 €	176.547.522,11 €	7,78%
Ceuta	4	0,95%	4.498.099,58 €		4.498.099,58 €	0,20%
España	7	1,65%	51.444.243,86 €	3.996.686,14 €	55.440.930,00 €	2,44%
Euskadi	20	4,73%	128.945.681,90 €	24.232.515,00 €	153.178.196,90 €	6,75%
Extremadura	37	8,75%	136.284.847,95 €	30.554.581,99 €	166.839.429,94 €	7,36%
Galicia	44	10,40%	199.315.466,53 €	74.891.841,95 €	274.207.308,48 €	12,09%
La Rioja	14	3,31%	9.463.552,50 €	3.368.638,12 €	12.832.190,62 €	0,57%
Madrid	23	5,44%	258.855.174,93 €		258.855.174,93 €	11,41%
Murcia	21	4,96%	34.703.893,89 €	8.750.000,00 €	43.453.893,89 €	1,92%
Navarra	62	14,66%	57.099.599,64 €	4.440.000,00 €	61.539.599,64 €	2,71%
Valencia	35	8,27%	384.038.324,97 €	3.500.000,00 €	387.538.324,97 €	17,09%
Total xeral	423	100,00%	2.040.523.732,13 €	227.753.106,90 €	2.268.276.839,03 €	100,00%

Comparativa conxunto CCAA vs Orzamento autonómico

CC.AA.	Orzamento CCAA23	Total apoios publicados	% s/ total orzamento
Andalucía	41.077.207.630,00 €	283.852.270,84 €	0,69%
Aragón	7.800.013.830,00 €	70.158.967,98 €	0,90%
Asturias	5.903.686.960,00 €	36.488.230,94 €	0,62%
Baleares	7.133.371.720,00 €	38.254.480,00 €	0,54%
Canarias	11.059.201.630,00 €	32.560.803,00 €	0,29%
Cantabria	3.507.353.720,00 €	22.261.750,00 €	0,63%
Castilla La Mancha	11.571.457.310,00 €	127.744.665,21 €	1,10%
Castilla y León	12.752.807.820,00 €	62.025.000,00 €	0,49%
Cataluña	47.156.286.930,00 €	176.547.522,11 €	0,37%
Ceuta	345.803.772,00 €	4.498.099,58 €	1,30%
España		55.440.930,00 €	-
Euskadi	14.314.935.460,00 €	153.178.196,90 €	1,07%
Extremadura	7.162.130.880,00 €	166.839.429,94 €	2,33%
Galicia	14.154.837.620,00 €	274.207.308,48 €	1,94%
La Rioja	1.898.969.370,00 €	12.832.190,62 €	0,68%
Madrid	28.142.467.640,00 €	258.855.174,93 €	0,92%
Melilla	352.355.995,00 €		0,00%
Murcia	7.770.713.380,00 €	43.453.893,89 €	0,56%
Navarra	5.748.951.170,00 €	61.539.599,64 €	1,07%
Valencia	28.959.782.370,00 €	387.538.324,97 €	1,34%
		Promedio	0,89%
		Diferenza	118,57%

Comparativa conxunto CCAA atendendo ao esforzo medio por persoa parada rexistrada

CC.AA.	Primedio paro rexistrado	Total apoios publicados	% s/ total orzamento
Andalucía	730.674	283.852.270,84 €	388,48
Aragón	57.158	70.158.967,98 €	1.227,46
Asturias	61.618	36.488.230,94 €	592,17
Baleares	32.859	38.254.480,00 €	1.164,20
Canarias	183.048	32.560.803,00 €	177,88
Cantabria	33.414	22.261.750,00 €	666,24
Castilla La Mancha	140.442	127.744.665,21 €	909,59
Castilla y León	119.188	62.025.000,00 €	520,40
Cataluña	345.226	176.547.522,11 €	511,40
Ceuta	10.216	4.498.099,58 €	440,30
España	2.841.830	55.440.930,00 €	-
Euskadi	109.934	153.178.196,90 €	1.393,37
Extremadura	82.537	166.839.429,94 €	2.021,39
Galicia	140.953	274.207.308,48 €	1.945,38
La Rioja	14.432	12.832.190,62 €	889,15
Madrid	310.348	258.855.174,93 €	834,08
Melilla	8.262		0,00
Murcia	91.075	43.453.893,89 €	477,12
Navarra	31.434	61.539.599,64 €	1.957,74
Valencia	339.013	387.538.324,97 €	1.143,14
		Promedio	908,39
		Diferenza	114,16%

Comparativa CCAA Galicia

Entidade	Nº de apoios	% Total apoios	Orzamento 2023	Orzamento 2024 e ss.	Total orzamento 23-24	% Total orzamento
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade	41	70,69%	196.615.466,53 €	58.791.841,95 €	255.407.308,48 €	87,64%
Consellería do Medio Rural	1	1,72%	1.600.000,00 €	14.900.000,00 €	16.500.000,00 €	5,66%
Deputación Provincial da Coruña	12	20,69%	13.082.000,00 €		13.082.000,00 €	4,49%
Deputación Provincial de Ourense	1	1,72%	1.575.000,00 €		1.575.000,00 €	0,54%
Deputación Provincial de Pontevedra	1	1,72%	2.553.600,00 €		2.553.600,00 €	0,88%
Instituto Galego de Promoción Económica	1	1,72%	100.000,00 €	1.200.000,00 €	1.300.000,00 €	0,45%
Presidencia da Xunta de Galicia	1	1,72%	1.000.000,00 €		1.000.000,00 €	0,34%
Total xeral	58	100,00%	216.526.066,53 €	74.891.841,95 €	291.417.908,48 €	100,00%



Comparativa Xunta de Galicia

“

Etiquetas de fila	Nº de apoios	% Nº apoios	Orzamento 2023	Orzamento 2024 e ss	Total orzamento 2023-24	% Total orzamento
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade	41	93,18%	196.615.466,53 €	58.791.841,95 €	255.407.308,48 €	93,14%
Consellería do Medio Rural	1	2,27%	1.600.000,00 €	14.900.000,00 €	16.500.000,00 €	6,02%
Instituto Galego de Promoción Económica	1	2,27%	100.000,00 €	1.200.000,00 €	1.300.000,00 €	0,47%
Presidencia da Xunta de Galicia	1	2,27%	1.000.000,00 €		1.000.000,00 €	0,36%
Total general	44	100,00%	199.315.466,53 €	74.891.841,95 €	274.207.308,48 €	100,00%

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:30:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:30:14
Nº Rexistro: 59297
Data envío: 11/09/2023 11:30:14.968

CSV: BOPGDSPG-XHCPCP×Or-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 48965**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsión do Goberno galego respecto da aprobación da construción do parque eólico de Carboeiro en Silleda"**, (publicada no BOPG número 451, do 9 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"O parque eólico Carboeiro conta con declaración de impacto ambiental do día 11.01.2023, e as modificación efectuadas no proxecto recóllense dentro da documentación ambiental avaliada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático e están recollidas na devandita declaración de impacto ambiental.

Durante a execución e funcionamento do parque realizaranse os seguimentos ambientais e revisión dos cumprimentos que marque a autorización administrativa mediante o seguimento ambiental durante toda a fase de funcionamento do parque.

Pola súa parte, durante o procedemento administrativo encamiñado á resolución de autorización administrativa, a administración asegurase de que a empresa promotora conteste a todas as alegacións presentadas mediante a revisión documental do expediente.

En calquera caso, a autorización administrativa unicamente poderá outorgarse no cumprimento de todos os requisitos e condicionantes que marca tanto a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, como a normativa básica estatal, e entre eses condicionantes estará o de que o promotor deberá acreditar contar con permisos de acceso e conexión vixentes."



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 12:15:46
Nº Rexistro: 59385
Data envío: 11/09/2023 12:15:46.515

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 10:15:43

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 49059**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego de solicitar a prohibición de instalación de parques ou polígonos para a produción de enerxía eléctrica mediante eólica mariña na costa de Galicia e o Cantábrico Noroeste"**, (publicada no BOPG número 451, do 9 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"En relación cos documentos de inicio de proxecto que están a presentar algúns promotores respecto de proxectos de eólica mariña, a Xunta de Galicia considera que, ao non estar aínda desenvolvido e aprobado o novo marco normativo para as instalacións de xeración de enerxía eléctrica no mar territorial, non procede nestas momentos avaliar ningunha iniciativa concreta, nin sequera no trámite de consultas previas ambientais.

Isto é así, xa que a disposición adicional terceira do Real Decreto-lei 12/2021, do 24 de xuño, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da fiscalidade enerxética e en materia de xeración de enerxía, e sobre xestión do canon de regulación e da tarifa de utilización do auga, establece:

'Solicitudes de autorización administrativa de instalaciones presentadas al amparo del Real Decreto 1028/2007, de 20 de junio, por el que se establece el procedimiento administrativo para la tramitación de las solicitudes de autorización de instalaciones de generación eléctrica en el mar territorial.

1. Desde la entrada en vigor de este real decreto-ley, y hasta la aprobación por el Gobierno de un nuevo marco normativo para las instalaciones de generación de



energía eléctrica en el mar territorial, no se admitirán nuevas solicitudes de reserva de zona de instalaciones de generación eólicas marinas en el marco del procedimiento establecido en el título II del Real Decreto 1028/2007, de 20 de junio.

2. Tampoco se admitirán nuevas solicitudes de autorización administrativa de instalaciones de generación eólicas marinas al amparo de lo establecido en el artículo 32 del Real Decreto 1028/2007, de 20 de junio.

Aquellas solicitudes de autorización administrativa presentadas con anterioridad a la entrada en vigor de esta disposición adicional continuarán con su tramitación según lo previsto en el Real Decreto 1028/2007, de 20 de junio.'

Así, aínda que por Resolución do 2 de decembro de 2022, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación formulou declaración ambiental estratéxica dos plans de ordenación do espazo marítimo (POEMs), sendo finalmente, por Real Decreto 150/2023, do 28 de febreiro, aprobados os plans de ordenación do espazo marítimo das cinco demarcacións mariñas españolas a realidade é que, ata a data de hoxe, aínda non se aprobou polo Goberno un novo marco normativo para as instalacións de xeración de enerxía eléctrica no mar territorial.

Polo tanto, debido a que os documentos de inicio que se someten a consultas foron presentados con posterioridade á entrada en vigor do Real Decreto-lei 12/2021, debería aplicarse o disposto nese mesmo Real Decreto-lei e non admitirse a trámite, en virtude do establecido na súa disposición adicional terceira.

Este foi precisamente o sentido dos informes emitidos por todos os organismos da Xunta de Galicia que foron consultados ata o momento.

En calquera caso, a Xunta de Galicia considera que o desenvolvemento da eólica mariña en Galicia debe levarse a cabo baixo a premisa da coexistencia coas actividades que xa se veñen desenvolvendo no mar, especialmente a actividade pesqueira, de xeito que poidan ser aproveitadas todas as oportunidades de impacto socioeconómico positivo no noso territorio asociadas ao desenvolvemento desta tecnoloxía dun xeito sustentable, coexistente coa actividade pesqueira e respectuoso cos nosos ecosistemas mariños."



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 12:15:26
Nº Rexistro: 59382
Data envío: 11/09/2023 12:15:26.093

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 10:15:23

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 49065**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego de reclamar a capacidade de decisión sobre a implantación de eólica mariña"**, (publicada no BOPG número 451, do 9 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia unicamente valorará positivamente as iniciativas encamiñadas ao desenvolvemento da eólica mariña en Galicia sempre e cando cumpran coa premisa da coexistencia coas actividades que xa se veñen a desenvolver no mar, especialmente a actividade pesqueira.

En calquera caso, hai que ter en conta que o Parlamento de Galicia vén de aprobar a Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, coa que se concretan as súas competencias no eido do seu litoral incluíndo, entre outras, as que poidan corresponder ás instalacións de xeración eléctrica que teñan que ocupar o mar e as súas instalacións complementarias. Precisamente, esta Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, permite ao Goberno galego dispoñer de máis capacidade de decisión, entre outros eidos, no desenvolvemento da eólica mariña, constituíndo un avance na defensa das competencias autonómicas.

Ademais, a través desta Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, así como do anteproxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, e a expensas da normativa estatal pendente de desenvolver neste eido, a Xunta de Galicia considera que



ambas normas permitirán garantir a avaliación do impacto das instalacións eólicas mariñas sobre os recursos pesqueiros, así como a avaliación do impacto socioeconómico da implantación da eólica mariña en Galicia.

Por último, debe quedar claro que a Administración autonómica considera que o desenvolvemento da eólica mariña en Galicia debe levarse a cabo baixo a premisa da coexistencia coas actividades que xa se veñen a desenvolver no mar, especialmente a actividade pesqueira, de xeito que poidan ser aproveitadas todas as oportunidades de impacto socioeconómico positivo no noso territorio asociadas ao desenvolvemento desta tecnoloxía dun xeito sustentable, coexistente coa actividade pesqueira e respectuoso cos nosos ecosistemas mariños.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 12:15:12
Nº Rexistro: 59380
Data envío: 11/09/2023 12:15:12.531

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 10:15:09

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 49140**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Noa Presas Bergantiños, sobre **“os resultados e conclusións da aplicación do Plan de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021”**, (publicada no BOPG número 455, do 16 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O II Plan Galego de Benestar Laboral, Conciliación e Corresponsabilidade 2022-2025 foi aprobado no Consello da Xunta de Galicia con data 27/04/2023.

O II Plan Galego de Benestar Laboral, Conciliación e Corresponsabilidade 2022-2025 ten como finalidade servir de marco programático ao traballo da Administración autonómica en prol da conciliación corresponsable e o benestar laboral

Destacan como novidades as seguintes:

- Reducir o número de medidas: para contar cun plan máis ambicioso e eficiente, contéplase o aumento de actuacións e a redución de medidas de 100 a 42.
- Flexibilizar as medidas: para facilitar o encaixe de varias actuacións, levadas a cabo por distintos organismos, en cada medida.
- Incorporar o concepto de Benestar Laboral: para consolidar accións de apoio e recoñecemento ás empresas para a implantación efectiva de medidas de conciliación, flexibilización do tempo de traballo e racionalización horaria.
- Incorporar a dignificación do ámbito dos coidados: como pilar fundamental da nosa sociedade, que merece ser recoñecido e remunerado dignamente.
- Incorporar os Principios Reitores de Ruralidade e Discapacidade: propostos polo Consello Galego das Mulleres como resultado do proceso participativo.



- Buscar a coherencia co VIII Plan Galego de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 e a Lei 5/2021 de Impulso Demográfico de Galicia

ESTRUTURA DO PLAN:

En concordancia co I Plan de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021, o presente plan conta con 5 Áreas Estratéxicas, nas cales se enmarcan 42 medidas estruturadas ao redor de 11 obxectivos específicos, cunha dotación orzamentaria que chega aos 1.108,8 M €:

ÁREAS ESTRATÉXICAS	Nº obxectivos específicos	Nº medidas	Orzamento
ÁREA ESTRATÉXICA 1. Sensibilización e coñecemento	2	7	1 M €
ÁREA ESTRATÉXICA 2. Coeducación	2	6	120 m €
ÁREA ESTRATÉXICA 3. Xestión corresponsable dos tempos e dos espazos	2	5	146 M €
ÁREA ESTRATÉXICA 4. Compromiso co benestar laboral	3	12	11 M €
ÁREA ESTRATÉXICA 5. Fortalecemento dos recursos de apoio	2	12	949 M €
TOTAL	11	42	1.108,8 M €

Temas centrais deste II Plan galego de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade 2022-2025

- Acabar coa desigualdade no reparto dos coidados, tanto de forma remunerada como non remunerada, dada a desvantaxe das mulleres para progresar na súa carreira profesional ou acceder a esferas de decisión pola falta de corresponsabilidade ou desigual asunción do traballo doméstico e as responsabilidades dos coidados.
- Fortalecer e ampliar o apoio á conciliación e os coidados, para lograr un novo modelo que conteña a modernización dos servizos sociais, o recoñecemento e apoio á diversidade de familias e a implicación das distintas administracións públicas.
- Procurar a implicación de todos os axentes sociais (empresas, sindicatos, tecido asociativo de mulleres...) para o fomento de novas formas de organización do traballo, de novas modalidades de xestión dos recursos humanos e de novas condicións laborais nas administracións e nas empresas en prol do benestar laboral.



- Intensificar o apoio por parte da Administración Autonómica, para ofrecer máis e mellores medidas e servizos que apoiem ás familias na atención a menores, a maiores e a persoas en situación de dependencia.

Principios Reitores Do Plan:

- Igualdade entre mulleres e homes
- Corresponsabilidade social
- Cooperación e coordinación institucional
- Colaboración cos axentes económicos e sociais
- Posta en valor do papel das familias
- Equidade
- Consideración da diversidade
- Eficiencia e perdurabilidade das accións
- Consideración da ruralidade

Principais resultados da avaliación do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021:

O I 2018-2021 Plan tivo unha execución financeira de máis do orzamento inicial, xa que executáronse máis de 10,2 millóns por riba dos 848.755 millóns de euros que tiña inicialmente previsto (superouse o orzamento nun 1%).

- A área de maior execución de medidas (100%): 2. Coeducación
- A área de maior execución orzamentaria (200%): 3. Nova cultura dos tempos (4.135.722 € en liñas de axudas dirixidas aos concellos para que establezan medidas de conciliación)
- A área de maior peso económico e número de actuacións: 5. Recursos de apoio (819.818.274 € para o fortalecemento e ampliación dos recursos públicos)
- A área con mellores resultados cualitativos: 4. Compromiso das organizacións (destaca a dixitalización das administracións e a promoción da flexibilidade espacial e temporal nos postos de traballo, en especial dentro da administración pública)

Medidas máis destacadas do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-21:



- A área estratéxica 1 estaba centrada na promoción dunha sociedade máis igualitaria na que se posibilite a conciliación corresponsable mediante a formación e a concienciación da cidadanía. Cabe salientar as medidas centradas no desenvolvemento de programas estatísticos e estudos para contar cunha diagnose da realidade galega en materia de igualdade, así como as campañas de sensibilización, e actividades formativas en materia de conciliación e corresponsabilidade levadas a cabo pola EGAP.
- A área estratéxica 2 centrouse en favorecer a coeducación para unha sociedade corresponsable. As medidas máis destacadas desta área estratéxica estiveron relacionadas coa formación do profesorado e a dotación de ferramentas como as guías coeducativas (como a que elaborou a Secretaría xeral da Igualdade no marco do Consello galego das Mulleres), as guías de literatura infantil e xuvenil (da SX Igualdade), así como o apoio á creación e funcionamento das escolas de nais e pais Como as Xornadas de pais e nais da SX Igualdade celebradas en 2019.
- A área estratéxica 3 estaba orientada a promover un cambio social para a equiparación do uso dos tempos por parte de homes e mulleres e o apoio para a conciliación no ámbito familiar. Un dos maiores puntos fortes desta área foi a liña de axudas ás entidades locais de Galicia para o desenvolvemento de programas de conciliación da SX Igualdade.
- A área estratéxica 4, centrada en reforzar o compromiso das organizacións cunha conciliación corresponsable, contou con medidas destacadas no relativo ás distintas liñas de axudas públicas destinadas á promoción da igualdade e a conciliación corresponsable por parte das empresas e na extensión de fórmulas de organización do traballo que favorezan a conciliación como o teletraballo e flexibilidade horaria.
- A área estratéxica 5, centrada no fortalecemento dos recursos de apoio para as familias con persoas a cargo (crianzas, mocidade, persoas maiores ou con discapacidade ou dependencia), contou con medidas específicas destinadas ao mantemento de infraestruturas e prazas destinadas a cumprir esta función, así como a construción e dotación de novas instalacións e servizos para facer fronte á demanda, sobre todo tendo en conta a crise sanitaria provocada pola COVID19.



Proceso de elaboración participativo coa colaboración de todas as consellerías e co Consello Galego das Mulleres como organismo representativo do asociacionismo en defensa dos dereitos das mulleres en Galicia.

Destaca a colaboración de todas as consellerías, presidencia e vicepresidencias da Xunta de Galicia, que achegaron as súas propostas de medidas e datos orzamentarios en resposta ás solicitudes formuladas polo equipo da Secretaría xeral da Igualdade.

Así mesmo, este II Plan foi levado ao Consello galego das Mulleres, constituíndo un dos temas principais da orde do día das dúas sesións plenarias do Consello galego das Mulleres celebradas en 2023, de datas 24/01/2023 e 24/03/2023 respectivamente, nas que se expuxeron as grandes liñas da avaliación do I Plan C+C e da elaboración deste segundo plan e foron recollidas de xeito expreso a meirande de achegas recibidas neste marco, entre as que destacan as incorporacións de 2 principios reitores do II Plan que inicialmente non estaban contemplados, como a integración da interseccionalidade das persoas con discapacidade e a importancia transversal de ter en conta o medio rural.

Coherencia: O Plan elaborouse tendo en conta os seguintes documentos de referencia:

- Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030
- Lei 5/2021 de impulso demográfico de Galicia
- VIII Plan de Igualdade
- Anteproxecto de Lei de Igualdade
- Traballo sobre a Estratexia Estatal de Coidados e Mesa de Coidados do Consello Galego das Mulleres

Principais indicadores da análise diagnóstica-DAFO:

1. A pirámide da poboación en Galicia xa evidencia unha gran necesidade de coidados de persoas maiores, xa que en Galicia hai unha alta taxa de envellecemento (persoas maiores de 65 anos) e de sobreenvellecemento (persoas maiores de máis de 85 anos). Maior porcentaxe de mulleres maiores (son o 52% de persoas maiores de 65 anos e o 65% de persoas maiores de 85 anos).
2. A estrutura familiar: O 34% dos fogares galegos en 2020 estaba formado por 2 persoas e o 22,7% por tres persoas, sendo a terceira tipoloxía en peso porcentual a



de fogares unipersoais (22,4%). Ademais o 60% de fores teñen como sustentador principal un home e o 40% unha muller.. neste caso resaltan a fenda de xénero existente e as maiores dificultades cara a conciliación para as familias monoparentais/monomarentais, nas que na maioría son titulares as mulleres. Ademais, ao analizar as tipoloxías de familias polo sexo da persoa sustentadora principal, nos casos que son mulleres teñen unha alta porcentaxe as mulleres de familias monomarentais, que representan o 17,9% de familias sustentadas por mulleres, e sen embargo no caso de sustentadores homes o peso de familias monoparentais é máis baixo, do 5,4%. O que incide unha vez máis nas maiores dificultades para conciliar das mulleres e que á vez reflicte que por seren as mulleres as que concilian en maior número, en menos familias chegan a ser sustentadoras principais (por saír do mercado laboral pola maternidade, ou por reducir xornada ou por ter contratos a tempo parcial,...).

3. Emprego: Os datos de emprego das mulleres continua reflectindo peores datos ca os homes (datos EPA): menor taxa de actividade 57,1% homes e 48,3 mulleres en 2021; maior taxa de desemprego de mulleres, maior taxa de mulleres con contratos a tempo parcial.
4. Segregación horizontal e teito de cristal: segue a evidenciarse que hai maior presenza de mulleres en determinadas profesións (como no ámbito de persoas técnicas e profesionais científicas, entre as que destaca o levado número de mulleres existentes nos traballos relacionados coa saúde, maior porcentaxe de mulleres no ámbito dos servizos de restauración e dos servizos contables e administrativos, e sobre todo no ámbito de ocupacións elementais (empregadas domésticas, de limpeza, etc). Pola contra hai menor presenza de mulleres en persoal directivo e de xerencia.
5. Coidados: menores, dependencia e discapacidade. A maioría de persoas coidadoras de persoas dependentes son mulleres (63%). Tamén son maioría de mulleres as que prestan os coidados ás persoas maiores e as que reducen a súa xornada, ou solicitan excedencias para coidados de crianzas. En 2021 os indicadores de solicitudes de excedencias para coidados extraídos do Ministerio de Traballo, Migracións e SS) reflecten de novo esta fenda de xénero sendo as mulleres as que seguen a solicitalas en maior medida: as mulleres solicitaron o 76% das excedencias para coidados de



familiares e o 88% para coidado de menores. (fronte ao 24% e 12% respectivamente solicitadas por homes).

Por estes datos de DAFO considérase preciso instrumentar un novo Plan Galego de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade 2022-2025.

Contido do II Plan galego de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade 2022-2025

A área estratéxica 1, Sensibilización e coñecemento: centrada en xerar coñecemento en materia de conciliación e corresponsabilidade, ademais de contemplar campañas de sensibilización e medidas para seguir xerando a investigación e a transferencia de coñecemento en materia de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade, destaca a medida relativa á constitución de mesas de coidados, por ser o ámbito dos coidados un dos temas centrais que se abordan neste II Plan.

A área estratéxica 2, Coeducación: está centrada na integración da coeducación na programación educativa para a eliminación das desigualdades derivadas dos roles e dos estereotipos de xénero.

A área estratéxica 3, Xestión corresponsable dos tempos e dos espazos: está centrada na integración do enfoque de xénero na planificación urbanística e no deseño de políticas públicas. Destacan as medidas para reforzar o uso de ferramentas dixitais para apoiar a harmonización dos tempos de homes e mulleres, así como as de promoción e apoio de medidas que favorezan a conciliación no ámbito local, educativo, deportivo e outros. Outra das medidas destacadas desta área é a de identificar boas prácticas sobre conciliación e corresponsabilidade para crear un repositorio das mesmas.

A área estratéxica 4, Compromiso co benestar laboral: centrada en promover o compromiso das organizacións co benestar laboral das persoas traballadoras, contempla o reforzo de medidas para manter e ampliar infraestruturas, servizos e medidas de acción positiva dirixidas a favorecer a conciliación das persoas traballadoras, tanto no sector público como na empresa privada e no terceiro sector.



Destacan tamén nesta área as actuacións que encaixen na medida de promoción e recoñecemento social e profesional do valor dos coidados e da súa dignificación, fomento do emprego de calidade nos traballos de coidado, incluídos os servizos de axuda no fogar, bolsas de coidado e outras actividades de conciliación.

A área estratéxica 5, Fortalecemento dos recursos de apoio: centrada en fortalecer e ampliar os recursos de apoio para o coidado das persoas, contempla medidas destacadas como a gratuidade nas escolas infantís de 0 a 3 anos, as axudas directas ás familias para asumir os gastos extra que implica ter crianzas a cargo, o impulso de programas e recursos de conciliación dirixidos a familias con maiores necesidades de apoio á crianza, así como o fomento da implicación dos homes no ámbito dos coidados.

En canto ás medidas destacables para o coidado de persoas maiores ou con discapacidade, destacan as relativas á consolidación e ampliación do número de prazas, programas e servizos para persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia, prestando especial atención ao medio rural e costeiro non urbano con servizos específicos.

Cabe salientar novamente, a importancia de impulsar actuacións dirixidas ás persoas coidadoras para o seu autocoidado e como fórmula de respiro familiar e participación social, así como formación para o coidado.

ORZAMENTO DO II PLAN POR ANUALIDADE E ÁREAS ESTRATÉXICAS:

ÁREA ESTRATÉXICA	Orzamento 2022	Orzamento 2023	Orzamento 2024	Orzamento 2025	Total Orzamento 2022-2025
1. Sensibilización e coñecemento	466.574,76	226.801,87	124.020,07	199.583,46	1.016.980,16
2. Coeducación	25.977,49	58.298,36	18.077,04	18.077,04	120.429,93
3. Xestión corresponsable dos tempos e dos espazos	37.487.481,79	37.560.512,79	35.863.339,00	35.861.339,00	146.772.672,58
4. Compromiso co benestar laboral	2.799.812,82	2.860.563,00	2.850.350,00	2.850.350,00	11.361.075,82
5. Fortalecemento e adaptación dos recursos de apoio	215.177.333,57	253.770.236,94	243.806.342,37	236.781.220,37	949.535.133,25
Total Resultado	255.957.180,43	294.476.412,96	282.662.128,48	275.710.569,87	1.108.806.291,74



Seguimento e avaliación:

Crearase a Comisión para o seguimento e avaliación do II Plan de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade 2022-2025. Durante o período de vixencia, a Secretaría Xeral da Igualdade levará a cabo internamente as correspondentes tarefas de seguimento, a partir da información facilitada polos distintos centros directivos e organismos adscritos á Administración autonómica con carácter anual.

Realizarase unha avaliación intermedia no ano 2024, que dará lugar á elaboración dun informe de avaliación, co fin de coñecer:

- O grao de execución das medidas previstas, identificando cales se levaron a cabo, cales non, e que actuacións foron iniciadas e non están finalizadas.
- Os resultados das diferentes actuacións desde a perspectiva dos indicadores seleccionados para efectuar o seu seguimento.

Este informe incorporaría a formulación das recomendacións para tomar decisións que permitan axustar a acción máis inmediata e mellorar a acción futura.

A realización dunha avaliación final, por persoal técnico externo especialista na avaliación de programas de intervención social, que se plasmará nun informe de avaliación final que deberá conter:

- O grao de execución das medidas previstas, de consecución de obxectivos e metas previstas, nivel de desenvolvemento das accións emprendidas, grao de dificultade atopado/percibido no desenvolvemento das actuacións, e os cambios producidos nas actuacións e na execución do plan atendendo á súa flexibilidade.

COMPARATIVA COS ANTERIORES PLANS:

Últimos Plans de Conciliación da XUNTA de GALICIA	Nº anos de vixencia	Orzamento	N.º Áreas Estratéxicas	N.º medidas	Incremento co plan anterior	% Incremento
I Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021	4	848.755.030	5	100		
II Plan Galego de Benestar Laboral, Conciliación e Corresponsabilidade 2022-2025	4	1.108.806.291,74	5	42	260.050.261,74	30,6%



As Áreas do **II Plan que teñen maior dotación** orzamentaria son as seguintes:

Recursos de Apoio: 949 M € (dándose incrementos substanciais no orzamento de programas como o SAF, Xantar na Casa e Tarxeta Benvida, así como na partida dedicada a fomentar a gratuidade das Escolas 0-3)

Xestión corresponsable dos tempos e espazos 146 M € (inclúe o custo dos comedores escolares, que ascende a 124,4 M €, que non se tiña en conta no anterior plan)

E as **consellerías que aportan maior orzamento** son as seguintes:

Política Social e Xuventude: 934,9 M €

Promoción do Emprego e Igualdade: 47 M €

Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades: 124,5 M €."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59575
Data envío: 12/09/2023 19:57:31.785

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2023 17:57:29

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 49154**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego das convocatorias dos consellos autonómicos e provinciais de emprego"**, (publicada no BOPG número 455, do 16 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Se ben é certo que Consello autonómico e provinciais de emprego non se convocaron no que vai de lexislatura, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade quere lembrar que O Consello Gallego de Relaciones Laborais se configura como un marco permanente de encontro das entidades recoñecidas como interlocutoras sociais e como un órgano de diálogo institucional entre elas, consultivo e asesor da Ccomunidade Autónoma nas materias relativas á súa política laboral; Así, a través da representación que ostentan as organización sindicais e empresariais no Consello Galego de Relacións Laborais, a relación entre a administración e as ditas organizacións seguiu sendo fluída mediante o desenvolvemento das funcións que lle son propias, segundo o disposto na Lei 5/2008, de 23 de maio, pola que se regula o Consello Gallego de Relación Laborais:

- a) Elaborar e remitir, a iniciativa propia, estudos e informes aos departamentos da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma e exporlles propostas en materia de política laboral.
- b) Emitir ditames sobre os proxectos normativos dos organismos e departamentos da Administración autonómica e doutras institucións da comunidade autónoma en materia laboral, que lle serán solicitados preceptivamente. ...
- c) Fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 371.º da Constitución española e impulsar unha adecuada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial.



- d) Preparar e redactar propostas relativas a acordos laborais e recomendarlles a súa aplicación ás organizacións empresariais e sindicais.
- e) Promover e facilitar a mediación e arbitraje nos conflitos laborais, a pedimento das partes interesadas. A tal fin, poderá efectuar propostas, recomendacións e ofrecemento de arbitrxes ou mediacións, en especial respecto a os conflitos de ampla repercusión na comunidade autónoma.
- f) Promover a creación de comisións paritarias, nos diversos ámbitos de negociación colectiva, coa composición e competencias que este determine.
- g) Solicitar e recibir dos órganos competentes da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma tanta información precise para o desempeño das súas funcións.
- h) Xestionar os acordos que lle sexan encomendados polas entidades recoñecidas como interlocutoras sociais.
- i) Desenvolver as funcións que o Real decreto 718/2005, do 20 de xuño, polo que se aproba o procedemento de extensión de convenios colectivos, establece nos artigos 6 e 7.2.º
- j) Aprobar o informe anual sobre a situación sociolaboral na comunidade autónoma e o plan e a memoria anuais sobre a actuación do Consello Galego de Relacións Laborais.
- k) Aprobar a creación das comisións de traballo e as súas competencias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 17:16:17
Nº Rexistro: 59695
Data envío: 13/09/2023 17:16:17.477

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2023 15:16:14

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 49482**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coas torres e as liñas de alta tensión situadas no barrio de San Valentín, no concello de Fene"**, (publicada no BOPG número 455, do 16 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia estará a favor da eliminación ou soterramento das liñas de alta tensión do barrio de San Valentín.

A empresa titular das liñas eléctricas de alta tensión é UFD Distribución Electricidad, S.A.

A modificación debe solicitala o titular da liña. Porén, non debemos esquecer que a distribuidora acomete os seus investimentos segundo uns plans que posteriormente lle serán retribuídos conforme á normativa, e ata un certo límite. Polo tanto, pódese variar o tendido da liña, pero habería que abonalo. E nese sentido, a Xunta non realiza estas obras e non se están a asinar convenios ou outros instrumentos para financiar este tipo de actuacións, senón que debe ser sufragado polo promotor da iniciativa se a distribuidora non inclúe a actuación nos seus plans de investimentos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59573
Data envío: 12/09/2023 19:57:18.675

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2023 17:57:16

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 49514**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os informes en posesión da Xunta de Galicia respecto dos contratos de concesión de dereitos mineiros e as zonas afectadas por augas, necesarios para abordar a posible ampliación do parque empresarial da Laracha"**, (publicada no BOPG número 455, do 16 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:


"Hai que sinalar que o polígono industrial da Laracha está afectado polas concesións de explotación:

- Mariquiña, núm. 3552, cuxo titular é Epifanio Campo, SL (Grupo Rodonita), outorgada o día 23/12/1959.
- Fortuna y Demasía, núm. 4299, do mesmo titular, outorgada o 25/01/1965.

Na zona que se prevé a ampliación do polígono non habería ningún outro dereito mineiro.

En calquera caso, e tendo en conta que son expedientes moi antigos e cun elevado volume de documentación, ofrécese a posibilidade de ir á Xefatura Territorial a consultalos presencialmente."





(ASINADO DIXITALMENTE)

Página 2 de 2

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:29:35
Nº Rexistro: 59292
Data envío: 11/09/2023 11:29:35.343

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:29:31

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 49518**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e don Xosé Luis Bará Torres, sobre **"a autorización para a vertedura ao río Pesqueira ou rego de Rabaceiros de augas residuais industriais depuradas procedentes da explotación mineira de estaño e volframio localizada en San Fins, no concello de Lousame"**, (publicada no BOPG número 455, do 16 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"As concesións de explotación que forman o coñecido como Grupo Mineiro San Finx contan con proxecto de explotación e plan de restauración aprobados por Resolución do 28/12/2009, do secretario xeral da Consellería de Economía e Industria (P.D. Orde do 30/04/2009, DOG nº 87, do 06/05/2009). Nesta resolución recóllese que no expediente consta informe técnico no que se considera o proxecto conforme ao esixido na Lei 22/1973, do 22 de xullo, de Minas, ambientalmente viable é tamén viable desde o punto de vista técnico-mineiro.

Este proxecto de explotación non se trata dun proxecto para unha nova actividade nin tampouco unha modificación substancial da existente, senón dunha actualización por reanudación de actividade; polo tanto, dado que a explotación á que se pretendía dar continuidade é anterior a entrada en vigor do Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental (e polo tanto á vixente Lei 21/2013, do 9 de decembro), así como ao Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental para Galicia, e non estaba prevista unha modificación do método de explotación ou un aumento da superficie da explotación, non era de aplicación o trámite de avaliación ambiental.



Non obstante, conforme ao artigo 3º do Real decreto 2994/1982, do 15 de outubro, de aplicación a ese expediente de acordo ao establecido na disposición transitoria segunda do Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, o proxecto de restauración contén un apartado correspondente ao estudo do impacto ambiental da explotación sobre os recursos naturais da zona e medidas previstas para a súa protección.

O orzamento do plan de restauración aprobado ascende a 178.763,84€, que coincide coa garantía financeira depositada o 29/09/2015 por Tungsten San Finx SL para responder do cumprimento do mesmo.

Cómpre explicar que o proxecto de explotación aprobado contempla labores ata a 4ª planta da sección Buenaventura, polo que para continuar coa explotación en niveis inferiores é necesario actualizar o proxecto de explotación, situación á que se refire o informe do 04/03/2020. Esta cuestión xa foi advertida á sociedade Tungsten San Finx SL con motivo do plan de labores presentado para este ano 2023, indicándolle que para isto debe achegar a documentación que corresponda da relacionada no artigo 18 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.

Ademais, a execución subsidiaria por parte de administración con cargo á persoa obrigada é un mecanismo que está previsto na Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería da Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59569
Data envío: 12/09/2023 19:56:53.753

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2023 17:56:51

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 49575**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia de impulsar un pacto galego pola industria"**, (publicada no BOPG número 455 , do 16 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"O tecido empresarial galego ten un papel moi relevante na consolidación dunha Galicia que ofrece estabilidade e atractivo para realizar investimentos. Ante un contexto nacional cheo de incógnitas, Galicia seguirá ofrecendo absoluta colaboración para facilitar, incentivar e desenvolver proxectos industriais e iniciativas empresariais, facendo de Galicia una Comunidade segura e previsible, fórmula que a Xunta de Galicia leva aplicando dende 2009.

Neste sentido, a Xunta de Galicia está a desenvolver estratexias de cara a mellorar esta situación, tanto de promoción de proxectos estratéxicos (con novas figuras que permiten a simplificación e facilitan a implantación territorial dos proxectos industriais), sempre mantendo o máximo respecto polos valores ambientais do entorno; de formación e de medidas de apoio aos plans de negocio e innovación das micropemes e pemes. Como resultado deste tipo de estratexias, a Comunidade galega recuperou o PIB prepandemia máis rápido que a media de España, e no primeiro trimestre de 2023 acadou o maior crecemento do último lustro, cunha subida do 2,8% interanual.

Así mesmo, Galicia ofreceu en 2023 a mellor balanza comercial de España, e as exportacións no que levamos de ano superaron os 12.300 M€, o que supón un 6% máis que no ano 2022, que xa rexistrara cifras de récord. Na mesma liña, o Índice de Producción Industrial (IPI) está a medrar ao 5,6% no que vai de ano, dato que se contrapón co IPI de nivel estatal, que permanece estancado no 0,2%.

Todas estas cifras teñen una tradución directa no emprego, xa que Galicia está a rexistrar os mellores datos de afiliación dos últimos 14 anos e o paro sitúase en mínimos históricos.



Con respecto á I+D+i, convén salientar os avances como á compra pública innovadora e todo o que ten que ver co emprendemento innovador, que sitúa a Comunidade galega como referente.

Destaca o reforzo do ecosistema de I+D+i das empresas galegas que deron un salto sen precedentes en I+D cun incremento do seu presuposto do 40% e un aumento do seu persoal investigador de ata un 92%.

No que se refire ao gasto en I+D sobre o PIB, Galicia pasou de situarse no posto doce entre as comunidades autónomas en 2011 a estar en 2021 na sétima posición (último dato dispoñible), sendo a terceira que máis medrou na última década. E polo que respecta ao capital humano, conta con 11.435 persoas dedicadas a I+D (máximo histórico) e un total de 7.462 investigadores, é dicir, un 13% e un 20% máis respectivamente que en 2011.

Por outra banda, a estratexia RIS3 é unha das ferramentas da Xunta de Galicia para manter esa tendencia. Un instrumento elaborado a partir dun proceso participativo onde se involucraron máis de 800 representantes de 500 entidades da cuádrupla hélice (empresas, centros de coñecemento, Administración pública e sociedade). A RIS3 ten o fin de mobilizar 5.000 millóns de euros en investigación e desenvolvemento ata 2027. Desá cantidade, preto de 3.000 millóns serán achegas públicas de distintas Administracións, mentres que o resto procederá do sector privado.

Finalmente, cómpre destacar que os fondos europeos Next Generation son unha grande oportunidade para a industria e a economía de Galicia, que se debe aproveitar. Sen embargo, o Goberno central está incumprindo con Galicia e coas empresas dispostas a investir na nosa Comunidade, porque non se garante que os seus proxectos dispoñan de fondos Next Generation. Non existe una planificación acertada por parte do Goberno central na xestión de fondos europeos, que mostra unha postura unilateral na que non axiliza a súa tramitación e, polo de agora, non apoiou proxectos transformadores clave para Galicia como o caso do proxecto tractor de Altri, pioneiro a nivel Europa para obter unhas 200.000 toneladas anuais de fibra téxtil sustentable en Palas de Rei.





Por outra banda, os investidores que están á espera dos fondos Next Generation coñecen perfectamente o compromiso da Xunta de Galicia con estes proxectos, e a disposición absoluta desta administración de apoiar estes investimentos.

Agora ben, o Goberno central decidiu quedarse o 100% dos fondos europeos dirixidos á industria - cando en materia industrial as competencias dependen das comunidades autónomas - e os PERTE non están a cumprir ata a data as expectativas xeradas. No seu deseño actual obrígase á ter que presentar este tipo de iniciativas a pequenas convocatorias que non responden ás necesidades de financiamento dos seus promotores a isto súmase a lentitude na convocatoria e resolución das axudas: dos máis de 42.000M€ anunciados para os PERTE (concretamente 42.480M€ incluída a Addenda, aprobada o pasado 6 de xuño), a día de hoxe tan só se convocaron 14.918M€, é dicir, menos dun terzo (concretamente, o 35,18%).

Ademais, con datos do 30 de xuño de 2023, o Goberno só resolveu un do 22,2% dos fondos industriais (concretamente, 9.440M€), e Galicia só ten recibo apenas un 4,5%, mentres se concede axudas directas a outros territorios.

Por iso, desde a Xunta de Galicia levamos tempo reclamando unha mellor planificación destes fondos europeos para acompañar estas axudas ás verdadeiras necesidades do tecido empresarial e aos tempos de execución dos proxectos, traballando da man das comunidades autónomas e dos axentes económicos e sociais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2023 12:37:55
Nº Rexistro: 59767
Data envío: 14/09/2023 12:37:55.788

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2023 10:37:53

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 49964**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego de poñer en marcha o polo de I+D en enerxías renovables e almacenamento”**(publicada no BOPG número 459 do 23 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego vén traballando no desenvolvemento dos piares principais nos que se basea a iniciativa relativa a un Polo de innovación en enerxías mariñas e almacenamento enerxético. Entre outros, podemos citar a colaboración público-privada e a captación de fondos.

Porén, debemos ter claro que un Polo non é un centro tecnolóxico, senón que se trata dun concepto moito máis amplo polo que se aposta, precisamente, como vía de integración de todas as capacidades existentes en Galicia ao obxecto de maximizar nun menor prazo o aproveitamento das oportunidades que se presentan co desenvolvemento das enerxías mariñas e das alternativas de almacenamento enerxético en Galicia.

En calquera caso, xa comezaron as accións preliminares, relacionadas co deseño e definición das actuacións e infraestruturas necesarias, coa subscrición de acordos para o desenvolvemento de ámbitos de testeo e a experimentación (Autoridade Portuaria da Coruña, REDEIA e GAIN) e coa captación de fondos para a execución das infraestruturas comúns necesarias.



Así, o comezo da actividade do Polo poderá ter lugar ao longo dos próximos meses, baseada no inicio da prestación dos servizos non tecnolóxicos, aínda que a prestación dos servizos tecnolóxicos e a posta a disposición de espazos e infraestruturas para o teste e a experimentación requirirán, como é lóxico e pola súa propia natureza, dun prazo maior.

Por último, a pesar de que un Polo non ten unha localización física concreta (non é un centro tecnolóxico), cómpre indicar que Ferrolterra terá un papel destacado no desenvolvemento desta iniciativa, baixo unha visión ampla de Polo que incluírá tamén actuacións en localizacións que permitan integrar capacidades xa existentes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 12:14:12
Nº Rexistro: 59371
Data envío: 11/09/2023 12:14:12.531

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 10:14:09

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 50083**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **" as medidas previstas pola Xunta de Galicia para aumentar as garantías ambientais e de información e participación cidadá en relación coa tramitación dos proxectos de enerxías renovábeis da súa competencia"**(publicada no BOPG número 459 do 23 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A zonificación ambiental da implantación das renovables non tivo repercusión dentro dos expedientes tramitados pola Administración autonómica porque para acadar a maior seguridade posible na tramitación dos expediente de enerxías renovables segue a aplicar a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación á tramitación ambiental que deben seguir os proxectos sen ter en conta si se atopan en zona de baixa afección ou non.

Polo que en todos aqueles proxectos que se sometan a un trámite ambiental recompílanse os informe necesarios para a súa avaliación ambiental. Así mesmo sométense en función da normativa de aplicación a información pública aqueles proxectos que pola súa envergadura se atopan dentro do artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

No caso en concreto dos parques eólicos, no que respecta á participación do público no procedemento de avaliación ambiental, cómpre sinalar que a normativa que rexe este procedemento incorpora as disposicións previstas no convenio



Aarhus sobre o acceso á información, a participación pública na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, polo que os dereitos que nel se establecen quedan debidamente garantidos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 12:14:05
Nº Rexistro: 59370
Data envío: 11/09/2023 12:14:05.859

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 10:14:03

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 50291**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, Carme e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego para realizar os traballos de mellora, mantemento e limpeza que se precisen no porto da Pobra do Caramiñal"**(publicada no BOPG número 462 do 2 de marzo de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Portos de Galicia ten mostrado o seu compromiso coa mellora das condicións de traballo dos operarios da estiba do porto da Pobra do Caramiñal. Para elo, a presidenta do ente público mantivo varias reunións nos últimos anos a solicitude dos consignatarios que operan no porto aos que se atendeu cando así o requiriron (a última a finais de 2020) e visitou as instalacións co propio alcalde, poñendo o departamento técnico a disposición para atopar solucións.

Mencionar que as empresas privadas que operan no porto coa pertinente autorización, prestan o servizo de estiba desestiba co persoal propio ao que deben prestar axeitados medios de seguridade e saúde no traballo.

Nestes encontros a presidenta de Portos lembrou que a problemática dos vestiarios é unha necesidade empresarial, unha premisa asumida inequivocamente polos propios consignatarios durante todo o proceso de busca de solucións á situación.



Con todo e en aras de colaborar cunha actividade que se desenvolve no porto na medida das súas posibilidades, dende Portos de Galicia, a través do seu Area de Infraestruturas, prantexáronse varias posibilidades construtivas para a mellora dos vestiarios

Concretamente nas citadas reunións a presidenta de Portos deu conta dun proxecto de novos vestiarios xa redactado polo ente público e posteriormente estudiáronse outras posibles alternativas de construción dun edificio de servizos propio para a estiba que albergaría os vestiarios e que foi analizada en detalle cos usuarios.

O proxecto redactado define un edificio de 740 metros cadrados de superficie para uso dos traballadores e o importe estimado para a súa execución é de máis de 700.000 euros. Portos de Galicia ten rematado o proxecto construtivo que, porén, non foi licitado para analizar conxuntamente cos consignatarios outras solucións construtivas máis económicas que permitan reducir as taxas de ocupación previstas polo uso da instalación. (A licitación do proxecto foi rexeitada polos propios consignatarios por supoñer unha repercusión de taxas inasumibles neste momento de incerteza da evolución da actividade que desenvolven).

Outra alternativa que se puxo sobre a mesa para dar solución ás necesidades dos traballadores foi analizar a concesión ás empresas exclusivamente do solo portuario necesario para a instalación por parte dos propios consignatarios das casetas con función de vestiarios para a estiba (poderían analizar para elo subvencións ou financiamento a través de proxectos con cargo aos GALP).

Desde a Administración portuaria trasladouse aos interesados as diferentes opcións co obxectivo de que sexan eles quen opten pola alternativa máis axeitada para a súa actividade.

Unha vez prantexadas as posibles vías de futura mellora da situación e toda vez que se analizaron as propostas desde Portos de Galicia descoñecemos as decisións empresariais que se puideran tomar ao respecto.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Finalmente, cómpre lembrar que a día de hoxe a ocupación da instalación está pendente de renovación da autorización e que o título recolle expresamente que a obriga de asumir o mantemento e conservación do recinto autorizado é do propio concesionario e non de Portos de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:27:54
Nº Rexistro: 59278
Data envío: 11/09/2023 11:27:54.203

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:27:51

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 50383**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o retraso nas convocatorias das axudas de apoio á etapa predoutoral e posdoutoral 2023"**, (publicada no BOPG número 462 , do 2 de marzo de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Aínda que houbo un atraso, non desexado, na resolución da convocatoria de axudas de apoio á etapa predoutoral e posdoutoral en 2022, este foi motivado pola complexidade da convocatoria que tivo en conta as propostas da comunidade universitaria e investigadora máis o procedemento de substitución dos aspirantes que renunciaron á axuda (por ter acadado outras).

As convocatorias conxuntas de 2022, realizadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Consellería de Economía, Industria e Innovación, implicaron mobilizar máis de 21,21 millóns de euros para axudas a universidades e outros centros de investigación non universitarios que realizasen a contratación de persoal investigador predoutoral e posdoutoral.

As convocatorias de 2022 (predoutorais e posdoutorais) implicaron a contratación dun total de 174 investigadores.

A Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades levan tempo desenvolvendo unha programación estable de convocatorias de axudas tanto predoutorais como posdoutorais que se tramitaban por anticipado de gasto. Este ano, ese calendario viuse alterado debido á entrada en vigor da nova Lei estatal de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, que introduciu novidades na contratación de investigadores e no remate dos seus contratos.

De feito, as convocatorias de predoutorais e posdoutorais e os seus correspondentes contratos están afectadas por estas novidades polo que foi necesario analizar as



repercusións orzamentarias e xurídicas destes cambios nas bases e convocatorias das axudas, o que imposibilitou facer as convocatorias de 2023 por anticipado de gasto, como en anos anteriores.

A previsión actual é retomar o calendario habitual de publicación de convocatorias. Na actualidade xa están publicadas todas as deste ano 2023 e estase a traballar para que, a principios de 2024, se publiquen as da seguinte anualidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2023 13:39:07
Nº Rexistro: 59794
Data envío: 14/09/2023 13:39:07.148

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2023 11:39:04

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 50401**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Eduardo Ojea Arias e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"a valoración do Goberno galego do desenvolvemento do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025"**, (publicada no BOPG número 462, do 2 de marzo de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"O Pacto Social pola Vivenda 2021-2025 foi aprobado e consensuado no seo do Observatorio da Vivenda de Galicia, no que están representados os que máis saben de vivenda e da súa situación en Galicia.

Este plan ten como obxectivo mobilizar máis de 1.080 millóns de euros e chegar a 70.000 familias. Este completo documento foi posto en marcha en xaneiro de 2021 e as súas medidas xa están executadas ao 80%".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59566
Data envío: 12/09/2023 19:56:34.128

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2023 17:56:31

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 50753**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a convocatoria do Consello Autonómico e os Provinciais de Emprego"**, (publicada no BOPG número 465, do 8 de marzo de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Se ben é certo que Consello autonómico e provinciais de emprego non se convocaron no que vai de lexislatura, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade quere lembrar que O Consello Gallego de Relaciones Laborais se configura como un marco permanente de encontro das entidades recoñecidas como interlocutoras sociais e como un órgano de diálogo institucional entre elas, consultivo e asesor da Ccomunidade Autónoma nas materias relativas á súa política laboral; Así, a través da representación que ostentan as organización sindicais e empresariais no Consello Galego de Relacións Laborais, a relación entre a administración e as ditas organizacións seguiu sendo fluída mediante o desenvolvemento das funcións que lle son propias, segundo o disposto na Lei 5/2008, de 23 de maio, pola que se regula o Consello Gallego de Relación Laborais:

- a) Elaborar e remitir, a iniciativa propia, estudos e informes aos departamentos da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma e exporlles propostas en materia de política laboral.
- b) Emitir ditames sobre os proxectos normativos dos organismos e departamentos da Administración autonómica e doutras institucións da comunidade autónoma en materia laboral, que lle serán solicitados preceptivamente. ...
- c) Fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 371.º da Constitución española e impulsar unha adecuada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial.
- d) Preparar e redactar propostas relativas a acordos laborais e recomendarlles a súa aplicación ás organizacións empresariais e sindicais.



- e) Promover e facilitar a mediación e arbitraje nos conflitos laborais, a pedimento das partes interesadas. A tal fin, poderá efectuar propostas, recomendacións e ofrecemento de arbitrxes ou mediacións, en especial respecto a os conflitos de ampla repercusión na comunidade autónoma.
- f) Promover a creación de comisións paritarias, nos diversos ámbitos de negociación colectiva, coa composición e competencias que este determine.
- g) Solicitar e recibir dos órganos competentes da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma tanta información precise para o desempeño das súas funcións.
- h) Xestionar os acordos que lle sexan encomendados polas entidades recoñecidas como interlocutoras sociais.
- i) Desenvolver as funcións que o Real decreto 718/2005, do 20 de xuño, polo que se aproba o procedemento de extensión de convenios colectivos, establece nos artigos 6 e 7.2.º
- j) Aprobar o informe anual sobre a situación sociolaboral na comunidade autónoma e o plan e a memoria anuais sobre a actuación do Consello Galego de Relacións Laborais.
- k) Aprobar a creación das comisións de traballo e as súas competencias.

Respecto á consulta sobre as persoas paradas de longa duración e o desemprego xuvenil, cómpre salientar que as **persoas desempregadas de longa duración e as persoas mozas son ambas colectivos prioritarios** en todas as liñas de fomento á contratación que ten en marcha a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, **dotadas en 2023 con máis de 50M de euros.**"

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 17:15:38
Nº Rexistro: 59689
Data envío: 13/09/2023 17:15:38.883

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2023 15:15:35

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 50921**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia de promover un cambio real nos usos e aproveitamentos do Parque das Fragas do Eume"**, (publicada no BOPG número 468, do 17 de marzo de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta impulsou nos últimos anos a tramitación dos plans reitores de uso e xestión dos parques naturais galegos desde o diálogo e a través de procesos participativos abertos a todos os actores ligados a estes territorios. Neste sentido, o Plan Reitor de Usos e Xestión (PRUX) de Fragas do Eume, aprobado o pasado mes de marzo e co que se completou a ordenación de todos os parques galegos, non foi unha excepción. O PRUX incorpora consideracións medioambientais e de preservación do territorio potenciando actividades e usos tradicionais que permitiron a conservación dos seus valores. Tamén incide na dinámica económica e na perspectiva demográfica, xa que fomenta o turismo sostible e as actividades forestais e agrogandeiras respectuosas co medio ambiente, cuestións que sen dúbida beneficiarán aos propietarios da zona.

Por último, estase a desenvolver un programa orientado a incrementar a superficie pública nas zonas de fragas e de reserva do parque".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 17:15:24
Nº Rexistro: 59687
Data envío: 13/09/2023 17:15:24.555

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2023 15:15:21

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 51867**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e dona Noa Díaz Varela, sobre **“o aumento da taxa de abandono escolar”**, (publicada no BOPG número 475, do 30 de marzo de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 51866 e debatida na Comisión 4ª de data 07/06/2023; á que nos remitimos porque quedou de manifesto a evolución dos resultados de abandono educativo en Galicia.

O debate pode consultarse, co número de rexistro da iniciativa, na Mediateca da web do Parlamento de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59565
Data envío: 12/09/2023 19:56:27.565

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2023 17:56:25

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 51895**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración por parte do Goberno galego respecto das subvencións para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais"**, (publicada no BOPG número 480, do 12 de abril de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"As recomendacións da UE en materia de emprego diríxense a que os Estados membros deben descentralizar a xestión das políticas de emprego, de forma que estas se acheguen e adecúen ás necesidades concretas de cada territorio e á realidade do mercado de traballo local co fin de lograr unha estratexia de acción común.

Estas directrices fan especial fincapé na importancia da creación de postos de traballo no ámbito local desde a perspectiva de que existen novos viveiros de emprego susceptibles de xeraren novos postos de traballo, e é no ámbito local onde se encontran as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego.

Así, os programas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade tratan de dar un enfoque global ás liñas de fomento do emprego público ou institucional, desde a dobre perspectiva de serviren de ferramenta para a mellora da empregabilidade, a través da adquisición de experiencia profesional das persoas traballadoras desempregadas que participen neses programas e de dinamización e xeración de novas actividades no medio local e rural.

Con esta finalidade se implementan e se deseñan os diferentes apoios a contratación ás entidades locais, sendo as subvencións o instrumento a través do cal se lles ofrece ás persoas demandantes de emprego unha oportunidade para adquirir unha experiencia laboral mínima que



poida permitir a súa futura inserción no mercado de traballo, canalizando a práctica laboral adquirida cara a ocupacións que faciliten un emprego.

O obxectivo fundamental destas medidas é o de facilitar a mellora da empregabilidade das persoas traballadoras desempregadas a través da adquisición de experiencia profesional, obxectivo que non se desvirtúa, senón que se potencia, concentrando as obras e servizos que se pretenden desenvolver e, polo tanto, as contratacións, en sectores potencialmente xeradores de emprego, sen esquecer a liñas de apoio que ademais ten en conta colectivos máis vulnerables para atopar emprego.

Neste ámbito das políticas activas de emprego e dentro de elas 'a mellora da empregabilidade', son varias as liñas de actuación da Xunta de Galicia, e de xeito particular na Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ten en marcha a través de convocatorias de carácter anual; en concreto as seguintes:

1- Axudas e subvencións que están destinadas ao financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades locais a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas, inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral

Poden ser beneficiarias destas axudas e subvencións os concellos e as mancomunidades de concellos, os consorcios locais e as entidades locais menores sempre que todos eles dispoñan de capacidade técnica e de xestión suficientes para a execución dos correspondentes proxectos.

As obras ou servizos que se desenvolverán mediante a actividade das persoas traballadoras desempregadas deberán ser de interese xeral e social, competencia das entidades locais e que sexan executados polas entidades locais en réxime de administración directa ou polos organismos, entes ou empresas públicas ás que se encomende a súa execución.

A contía da subvención que percibirán as entidades beneficiarias será, para efectos salariais, a equivalente á necesaria para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo o convenio colectivo vixente no momento de formular a solicitude, por cada



persoa traballadora desempregada contratada, cos máximos que cada ano se determinan nas convocatorias, segundo o grupo de cotización.

Conta cun investimento anual de 1.500.000 € beneficia anualmente a unhas 450 persoas desempregadas.

2-Subvencións para o fomento do emprego no medio rural-Aprol rural, que inclúe axudas destinadas ao financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades locais rurais a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

A contía da subvención que percibirán as entidades beneficiarias será, para efectos salariais, a equivalente á necesaria para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo o convenio colectivo vixente no momento de formular a solicitude, por cada persoa traballadora desempregada contratada durante 9 meses, cos máximos que cada ano se determinan nas convocatorias, segundo o grupo de cotización.

Conta cun investimento anual de 7.000.000 € e beneficia anualmente a unhas 500 persoas desempregadas.

3-Programa de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral

Poden ser beneficiarios das axudas e subvencións os concellos e as agrupacións de concellos baixo calquera fórmula, sempre que todos eles dispoñan de capacidade técnica e de xestión suficientes para a execución do obxecto para o que se concede a subvención.

As contratacións polas que se conceda a subvención deberán ser para a realización de obras ou servizos de interese xeral e utilidade social competencia das entidades locais, e os traballadores e traballadoras que se contraten deberán ser en todo caso persoas perceptoras da RISGA e



estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da RISGA que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral e os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares.

O importe da subvención que se lles concederá ás entidades beneficiarias será o equivalente ao necesario para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo o convenio colectivo vixente no momento de formular a solicitude, por cada persoa desempregada contratada que reúna os requisitos establecidos na orde.

Conta cun investimento anual de 7.698.398 € e beneficia anualmente a unhas 600 persoas desempregadas.

4-Axudas para as prórrogas na contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, no ámbito da colaboración da Consellería coas entidades locais, a través dos programas de cooperación, como instrumento para promover a configuración dunha rede especializada na implantación das políticas activas de emprego e a xeración de emprego no contorno local

As e Os axentes de emprego e desenvolvemento local (AEDL) configúranse como persoal contratado das entidades locais ou entidades dependentes ou vinculadas a unha Administración local que teñen como misión principal colaborar na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial.

Esta colaboración na implantación das políticas activas de emprego desenvólvese pola entidade contratante, para o que as persoas contratadas como AEDL analizarán a evolución e repercusión das medidas activas de emprego na súa zona de actuación, facilitándolle información puntual a aquela e colaborarán co resto dos integrantes da rede, na procura da mellora da súa calidade, intercambiando coñecementos e experiencias, así como desenvolvendo actividades e proxectos conxuntos.

Conta cun investimento anual de 2.200.000 € que apoia a contratación de 200 AEDLs

Como resumo, sinalar que as liñas de fomento do emprego público ou institucional que anualmente pon en marcha a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade integran **un enfoque global desde unha dobre perspectiva**: por un lado **servir de ferramenta para a mellora da empregabilidade** a través da adquisición de experiencia profesional das persoas



desempregadas que participen neles, e por outro, a **dinamización e xeración de novas actividades no medio local e rural.**

Polo tanto, e dado que os apoios as entidades locais, **só en axudas para a contratación de persoas desempregadas suman máis de 18 mill de €**, a valoración dende a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade é positiva, se ben é preciso reformular algunha das liñas existentes e actualizar outras, de maneira que se adecúen ás esixencias legislativas vixentes e á realidade do mercado laboral.

Igualmente, a Consellería valora moi favorablemente a colaboración entre as entidades locais e a Xunta de Galicia na mellora de empregabilidade das persoas que se atopan en desemprego e que precisan de adquirir experiencias, mellorar a súas competencias e capacidades para atopar un emprego por conta allea o ben por conta propia, pois a experiencia práctica é unha das mellores maneiras de atopar emprego, non so por axudar na mellora das competencias técnicas senón tamén polo desenvolvemento das denominadas competencias brandas, de xeito especial cando se trata de grupos máis vulnerables como resulta o das persoas perceptoras da RISGA ou das mulleres vítimas de violencia de xénero.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 17:14:57
Nº Rexistro: 59683
Data envío: 13/09/2023 17:14:57.618

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2023 15:14:52

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 52531**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e don Ramón Fernández Alfonso, sobre **"a avaliación das políticas en materia de eficiencia enerxética da Xunta de Galicia"**, (publicada no BOPG número 480, do 12 de abril de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"En xuño de 2022, a Xunta de Galicia aprobou a Axenda Enerxética de Galicia 2030 que establece a folla de ruta para alcanzar os obxectivos intermedios marcados para finais desta década e que constitúan o anticipo da neutralidade climática a mediados de século.

Así, todas aquelas actuacións incluídas teñen a finalidade de contribuír aos obxectivos establecidos na Axenda, e que permitan que Galicia lidere as políticas de eficiencia e aforro enerxético. Ademais, o Goberno galego dará continuidade aos seus plans de aforro e eficiencia enerxética no sector público autonómico, que redunden no papel exemplarizante da Administración e na optimización dos recursos enerxéticos que xestiona.

Doutra banda, atendendo ao obxecto da Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica, o Goberno galego elaborou as "Directrices Enerxéticas de Galicia 2018-2020", acadando os obxectivos establecidos nelas no ano 2020 en canto á mellora da taxa de autoabastecemento do 35% ao 39%, á mellora da intensidade enerxética primaria en máis dun 7%, ao aforro de máis de 246 ktep, ao incremento da potencia da biomasa eléctrica en 50MW e á mellora do consumo de enerxía final renovable ata o 45%.

Sen embargo, o importante incremento no importe da factura eléctrica unido ao contexto económico actual, impacta de xeito directo nas familias galegas, en particular nos



consumidores máis vulnerables que non dispoñen das posibilidades económicas mínimas para o pago da factura eléctrica. En consecuencia, desde a Xunta de Galicia estanse a levar a cabo actuacións encamiñadas a paliar estas dificultades nas familias galegas deseñando un programa de axudas que lles permita facer fronte ás facturas de electricidade. Estas axudas convócanse en desenvolvemento da Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica.

Así, Galicia xa foi pioneira no 2014 cunha liña específica de apoio ao pagamento da factura da electricidade, o que se sumou á actuación dirixida á evitar o corte de subministración de enerxía eléctrica posta en marcha no ano 2018, sendo a primeira Comunidade Autónoma que levou a práctica un mecanismo destas características, e a día de hoxe segue a ser a única Comunidade Autónoma con este complemento ao bono social eléctrico. Ademais, as contías para este ano 2023 incrementáronse, supoñendo unha dotación orzamentaria de 4,5M€ con fondos propios da comunidade autónoma, o que constitúe un compromiso claro da aposta da Administración galega de combater a pobreza enerxética.

En calquera caso, non podemos esquecer que, dando continuidade ás 'Directrices Enerxéticas de Galicia 2018-2020', a Administración tamén aprobou o 'Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética no Sector Público Autonómico de Galicia 2022-2024'."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:27:33
Nº Rexistro: 59275
Data envío: 11/09/2023 11:27:33.640

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:27:31

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 52576**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o recoñecemento das enfermidades profesionais das mariscadoras e redeiras"**(publicada no BOPG número 484 do 20 de abril de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 2 de agosto de 2023, o goberno galego presentou nun acto na confraría de Raxó o programa específico de intervención comunitaria que se porá en marcha na área sanitaria de Pontevedra e Salnés para a prevención de disfuncións do solo pelviano no colectivo das mariscadoras. Esta actuación xurde dun acordo a tres bandas entre as consellerías de Sanidade, Promoción do Emprego e Igualdade e Mar que permitirá que máis de 1.400 mariscadoras da área sanitaria de Pontevedra e O Salnés se poidan beneficiar dun programa que ten como obxectivo mellorar a súa calidade de vida.

As accións desenvolveranse a través dun rol proactivo da intervención comunitaria dos equipos de atención primaria, en coordinación coa unidade multidisciplinar de solo pelviano da área sanitaria. A Consellería do Mar e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade encargaranse de promocionar a participación neste programa das profesionais do marisqueo, que poderán asistir a charlas e obradoiros de prevención nos que se trasladarán estratexias de



prevención para un uso axeitado das ferramentas e a corrección de erros de mecánica corporal no traballo que provocan, entre outros motivos, a prevalencia de disfuncións no solo pelviano é elevada entre as mariscadoras”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59563
Data envío: 12/09/2023 19:56:14.815

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2023 17:56:12

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 52900**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e don Xosé Luis Bará Torres, sobre **"os efectos do parque eólico Alvite II sobre a veciñanza de Santa Comba e a compatibilidade destes parques co aproveitamento agrogandeiro"**, (publicada no BOPG número 486, do 26 de abril de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Os proxectos eólicos sométense a avaliación ambiental ordinaria, a avaliación ambiental máis garantista posible, e téñense en conta os efectos sinérxicos entre os diversos proxectos.

En relación ao parque de Alvite II cómpre sinalar que conta con informe favorable da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 8.07.2021 no que se conclúe que:

'...Comprobados o planeamentos vixentes nos concellos afectados pola área de incidencia urbanística proposta, Normas Subsidiarias de Planeamento do concello de Agolada (BOP 13/08/1987), PXOM do Concello de Rodeiro (BOP 23/04/2009), e as coordenadas dos 5 aeroxeradores recollidas na memoria, conclúese que as súas posicións cumpren a distancia mínima de 500m a núcleos de poboación regulada no punto III.3.1 do PSEGA respecto das delimitacións de solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.'

Non consta ningunha alegación dentro do procedemento por incumprimento de distancias a vivendas ou núcleos de acordo co sinalado no plan sectorial eólico de Galicia.



O proxecto de Alvite II conta con informe favorable condicionado 29.11.2022. Este e o resto de informes ambientais empregáronse para a emisión da declaración de impacto ambiental favorable do parque eólico 20.01.2023 (DOG 23.01.2023).

En relación aos prexuízos xerados polo proxecto sobre explotacións agrícolas, gandeiras, forestais e madeireiras, indicar que non están previstas afeccións aos usos actuais máis alá das propias zonas de implantación das infraestruturas definidas no proxecto de execución.

En relación as posibles afeccións ao Camiño de Santiago por parte do parque eólico, debemos sinalar que no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 9.12.2022, conclúese:

‘En atención ao expresado nos apartados anteriores, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, resulta evidente a afección que a construción do Parque eólico Alvite II ocasionará sobre o Camiño de Fisterra e Muxía e o xacemento arqueolóxico de Cornado, pola proximidade dos aeroxeradores e a súa implantación nunha paisaxe aberta, cunha topografía de escasos e suaves desniveis que potenciaran a súa visión, tanto desde a ruta xacobeá como desde o devandito xacemento e as poboacións próximas. Ademais debe terse en conta o efecto acumulativo que se xerará coa construción do parque eólico Alvite (tamén en tramitación), situado a carón do Alvite II.

Por tanto, infórmase desfavorablemente as posicións dos aeroxeradores AL04, AL05 e AL06 xa que se consideran incompatibles pola súa proximidade e afección visual sobre o Camiño de Fisterra e Muxía e o seu territorio histórico e sobre o xacemento arqueolóxico do Cornado e, por tanto, deberán anularse.

Para o resto das infraestruturas emítese un informe favorable, coa adopción das medidas correctoras establecidas no Anexo 7 do Estudo de impacto ambiental, e debéndose, en todo caso, ter en conta as seguintes condicións e consideracións...’

Á vista deste informe os aeroxeradores informados negativamente pola Dirección Xeral Patrimonio Cultural elimináronse no proxecto refundido finalmente autorizado.

A veracidade e imparcialidade dos organismos sectoriais que emiten informes durante a tramitación dos expedientes atópase fóra de toda dúbida, en todo caso, si durante a



tramitación os alegantes achegan informes periciais estes tamén son tidos en conta na tramitación.

En relación ao retorno económico, a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, recolle a figura do canon eólico, que se destina a conservación, reposición e restauración do medio ambiente, así como a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial das que serán principais beneficiarios os municipios afectados pola implantación de parques eólicos e polas instalacións de evacuación dos mesmos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:27:13
Nº Rexistro: 59272
Data envío: 11/09/2023 11:27:13.906

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:27:11

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 52980**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Gonzalo Caballero Miguez, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto da execución do programa 733A, Eficiencia enerxética e enerxías renovables"**, (publicada no BOPG número 486, do 26 de abril de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"O crédito vixente do Inega incrementouse case un 43% no ano 2022, pasando de 73,79M€ no 2021 a 105,33M€ no 2022, sendo así o máis elevado da historia da Axencia ata esa data.

En plena execución do Plan Next Generation EU, e tendo en conta a natureza da actividade do Inega, a maior porcentaxe dos seus orzamentos no ano 2022 correspondeu aos fondos europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Estes fondos materialízanse na xestión e execución de diversos programas de axudas no eido das enerxías renovables (fotovoltaica e térmicas) e a mobilidade eléctrica, destinadas a un amplo abanico de destinatarios (empresas, persoas traballadoras autónomas, particulares e sector público).

Todos estes programas foron aprobados no ano 2021 e teñen carácter plurianual, con prazos de presentación de solicitudes abertos ata o 31 de decembro de 2023 e prazos de execución que se estenden ata o 2026, o que vén a distorcer xeito de medir a execución anual da Axencia, sendo un dato importante a ter en conta o do compromiso de gasto, que con respecto ao 2021 incrementouse case nun 30%.



Non obstante, podemos afirmar que o grao de execución dos fondos propios cos que se financian os programas de eficiencia enerxética e enerxías renovables de carácter anual estivo por enriba do 95%.

A actividade do Inega no ano 2022 dirixiuse a dar resposta á meirande parte das necesidades detectadas no eido da Eficiencia Enerxética e as enerxías renovables ao que se destina o Programa 733A dos Orzamentos da Xunta de Galicia para 2022, con medidas e actuacións dirixidas a todos os sectores sociais.

Así, podemos destacar os plans e programas destinados ás familias, como o Plan Renove Electrodomésticos, o Plan de Vehículos Eficientes e o MOVES III, e programas de axudas para contribuír a impulsar o cambio ás enerxías renovables tanto para a instalación de placas fotovoltaicas como solucións térmicas, especificamente con biomasa como recurso autóctono.

As empresas e as persoas traballadoras autónomas foron outros dos grupos sociais que centraron a actividade da Axencia no ano 2022, con programas específicos no ámbito da eficiencia enerxética como o programa Bono Enerxía Peme e o Programa de axudas de aforro e eficiencia enerxética nos sectores da industria e servizos, e incluso outros máis específicos para dar resposta ás necesidades do sector industrial ou o sector agropecuario, como son o Programa de axudas para actuacións de eficiencia enerxética en PEME e gran empresa do Sector Industrial e o Programa de axudas de eficiencia enerxética no sector agropecuario.

Así mesmo, tamén para o sector empresarial fomentáronse actuacións de mobilidade eléctrica e eficiente a través do Programa MOVES III do Plan de Vehículos Eficientes, así como actuacións de fomento das enerxías renovables, con alta demanda, tanto para instalacións de autoconsumo fotovoltaico como de instalacións térmicas.

Outros sectores como as entidades sen ánimo de lucro ou do sector público tanto autonómico como local, tamén puideron beneficiarse dos incentivos para mobilidade eléctrica e as enerxías renovables.

Hai que destacar tamén as actuacións levadas a cabo a través da sinatura de convenios, entre o Inega e diversos organismos e consellerías, para a realización de actuacións de



enerxías renovables tanto térmica como fotovoltaica no sector público autonómico, co fin de estender o seu uso na rede pública galega e mellorar así a súa sustentabilidade e a súa eficiencia enerxética.

Para finalizar e tamén no ámbito do sector público autonómico, e no eido da mellora da eficiencia enerxética, cómpre tamén destacar a inversión realizada polo Inega na obra de calefacción de distrito con biomasa e instalación fotovoltaica para autoconsumo no complexo administrativo do antigo Hospital Xeral de Lugo, e diversas obras de iluminación eficiente como a actuación piloto de seguridade viaria en pasos de peóns, mediante iluminación led, no barrio de A Ponte, no Concello de Ourense, a de iluminación exterior do edificio da Dirección Xeral de Defensa do Monte, na rúa San Lázaro de Santiago de Compostela e a de iluminación exterior da nova Cidade da Xustiza de Vigo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:26:43
Nº Rexistro: 59266
Data envío: 11/09/2023 11:26:43.922

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:26:41

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 53008**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre **“a autorización da instalación de parques eólicos en zona de protección ou tampón da Reserva das Mariñas Coruñesas Terras do Mandeo”**, (publicada no BOPG número 490, do 4 de maio de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“En relación aos parques eólicos emprazados na zona das Mariñas Coruñesas Terras do Mandeo cómpre sinalar que hai 6 parques en funcionamento.

No caso dos parques que contan con autorización administrativa ou ben con declaración de impacto ambiental (DIA) todos os expedientes foron avaliados polo órgano ambiental tendo en conta as posible sinerxías na declaración de impacto ambiental emitida pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, e onde se recollen as condicións desde un punto de vista ambiental nas que se pode desenvolver o proxecto, así como as medidas correctoras e compensatorias necesarias e a necesidade dun plan de vixilancia ambiental.

Así, durante o trámite de avaliación de impacto ambiental ao que os proxectos foron sometidos, pedíronse informes de organismos como: os concellos afectados, direccións xerais do Patrimonio Cultural, do Patrimonio Natural, de Emerxencias e Interior, e da Dirección Xeral de Saúde Pública, do Instituto de Estudos do Territorio (IET), da Axencia Turismo de Galicia e Augas de Galicia.

No caso en concreto dos parques eólicos de Fontella o Pedra Queimada obtiveron una DIA negativa.



No caso en concreto do parque eólico de Fontella a declaración de impacto ambiental está baseada no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural que conclúe sinalando que co obxecto de garantir a preservación da diversidade biolóxica e os ecosistemas dentro das zonas núcleo non se deben instalar parques eólicos dentro delas, polo que se informa desfavorablemente a construción do parque eólico Fontella.

Mentres que no caso do parque eólico Pedra Queimada o informe que motivou a declaración de impacto ambiental desfavorable foi o do IET por impacto visual.

Polo que queda acreditado que os proxectos son avaliados, que se ten en conta a sensibilidade das zonas onde se implantan e no caso de que as medidas protectoras non sexan suficientes a tramitación ambiental garante a salvagarda dos enclaves onde se proxectan as infraestruturas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:26:23
Nº Rexistro: 59261
Data envío: 11/09/2023 11:26:23.312

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:26:20

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 53030**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María González Albert e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a colaboración da Xunta de Galicia para facilitar o acceso ás probas da Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade nos concellos de Cee, Viveiro e A Rúa”**, (publicada no BOPG número 490, do 4 de maio de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

“O primeiro que hai que sinalar é que a Xunta non intervén nin na organización, nin na realización nin no financiamento do custe das probas da Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU), senón que isto é responsabilidade da Comisión interuniversitaria de Galicia (CIUG). A CIUG é un órgano interuniversitario, sen personalidade xurídica, formado pola delegación de competencias propias das universidades do Sistema universitario de Galicia en materia de acceso. E, como é coñecido, ás universidades teñen recoñecida a súa autonomía polo marco legal vixente.

Por tanto, é este órgano interuniversitario o que determina que a realización dos exames teña lugar en distintas sedes ao longo de Galicia, en concreto, nos sete campus universitarios sitos nas sete principais cidades galegas e nos municipios de Viveiro, Cee e A Rúa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 17:14:48
Nº Rexistro: 59682
Data envío: 13/09/2023 17:14:48.930

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2023 15:14:46

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 53036**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e don Xosé Luis Bará Torres, sobre **"o proxecto de explotación da mina de San Finx en Lousame"**, (publicada no BOPG número 490, do 4 de maio de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"As concesións de explotación que forman o coñecido como Grupo Mineiro San Finx contan con proxecto de explotación e plan de restauración aprobados por Resolución do 28/12/2009, do secretario xeral da Consellería de Economía e Industria (P.D. Orde do 30/04/2009, DOG nº 87, do 06/05/2009). Nesta Resolución recóllese que no expediente consta informe técnico no que se considera o proxecto conforme ao esixido na Lei 22/1973, do 22 de xullo, de Minas, ambientalmente viable é tamén viable desde o punto de vista técnico-mineiro.

Este proxecto de explotación non se trata dun proxecto para unha nova actividade nin tampouco unha modificación substancial da existente, senón dunha actualización por renovación de actividade; polo tanto, dado que a explotación á que se pretendía dar continuidade é anterior a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental (e polo tanto á vixente Lei 21/2013, do 9 de decembro), así como ao Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental para Galicia, e non estaba prevista unha modificación do método de explotación ou un aumento da superficie da explotación, non era de aplicación o trámite de avaliación ambiental.



Non obstante, conforme ao artigo 3º do Real decreto 2994/1982, do 15 de outubro, de aplicación a ese expediente de acordo ao establecido na disposición transitoria segunda do Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, o proxecto de restauración contén un apartado correspondente ao estudo do impacto ambiental da explotación sobre os recursos naturais da zona e medidas previstas para a súa protección.

O orzamento do plan de restauración aprobado ascende a 178.763,84€, que coincide coa garantía financeira depositada o 29/09/2015 por Tungsten San Finx SL para responder do cumprimento do mesmo.

Cómpre explicar que o proxecto de explotación aprobado contempla labores ata a 4ª planta da sección Buenaventura, polo que para continuar coa explotación en niveis inferiores é necesario actualizar o proxecto de explotación, situación á que se refire o informe do 04/03/2020. Esta cuestión xa foi advertida á sociedade Tungsten San Finx SL con motivo do plan de labores presentado para este ano 2023, indicándolle que para isto debe achegar a documentación que corresponda da relacionada no artigo 18 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.

En canto ao que a pregunta denomina "presas de residuos mineiros" cómpre indicar que as dúas presas de formigón augas abaixo da entulleira da explotación non cumpren ningunha función relacionada co proceso mineralúrxico empregado para a concentración dos minerais. Descoñécese o motivo da súa construción, xa que non hai constancia de autorización por parte da autoridade mineira desas instalacións e tampouco hai constancia da autorización dun aproveitamento hidroeléctrico, pero non se pode afirmar que se construíron coa intención de xerar un depósito de residuos mineiros dado que non ten ningún fundamento técnico en relación coas técnicas tradicionalmente empregadas en minaría, xa que as condicións que se atopan no couce do rego son totalmente opostas ás necesarias para provocar unha decantación dos sólidos en suspensión (baixa velocidade do líquido que se traduce nun alto tempo de residencia), ademais unha vez que se produce un vertido ao medio externo, o que se pretende é a dispersión dos contaminantes, non a súa concentración.



Porén, o que si é certo é que as ditas presas atópanse colmatadas con sedimentos arrastrados desde a entulleira da explotación, polo que a sociedade Tugsten San Finx SL está tramitando con Augas de Galicia, como organismo competente no dominio hidráulico, un expediente de limpeza e rehabilitación das presas.

Por último, é importante salientar que, tal e como xa se explicou, o informe do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña do 04/03/2020 ao que se fai referencia, o que se limita é indicar a imposibilidade de realizar labores por debaixo da 4ª planta mentres non se actualice o proxecto de explotación actualmente aprobado, e esta circunstancia foi advertida ao titular do Grupo Mineiro San Finx con motivo da presentación do plan de labores para este ano 2023.

Ademais, a execución subsidiaria por parte de administración con cargo á persoa obrigada é un mecanismo que está previsto na Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería da Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:26:09
Nº Rexistro: 59259
Data envío: 11/09/2023 11:26:09.000

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:26:06

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 53085**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre **"a responsabilidade por incumprimento dos acordos do Parlamento de Galicia"**(publicada no BOPG número 490 do 4 de maio de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Para a Xunta de Galicia o fortalecemento do tecido produtivo é un obxectivo fundamental que guía as políticas de promoción económica e industrial da Comunidade. Sobre esta base, o Goberno galego traballa para dar resposta ás necesidades das empresas, na procura de potenciar unha economía sólida e con futuro.

Neste escenario, a Xunta de Galicia busca dar apoio ás empresas sempre e cando se cumpran unha serie de condicións, entre elas, que sexan operativamente viables. El Correo Gallego non é, nin foi, unha excepción, e a Administración autonómica actuou co máximo rigor, respectando os informes xurídicos e económicos que xustifican a aprobación dun préstamo.

Así, no seu momento, a empresa elaborou un plan de negocio completo e unha proposta de reestruturación na que todos os acredores financeiros amosaron a súa implicación, atendendo a empresa a todos os seus compromisos, algo que se acadou ata que a pandemia, situación non previsible, mudou o escenario e fixo que as previsións, sobre as que se baseaba o novo plan de negocio, non se puidesen acadar.

De feito, o propio administrador concursal, no seu informe, sinalaba que este plan de reestruturación encamiñado a manter a continuidade da empresa a curto e medio prazo partía "dunhas hipóteses razoables". "Con todo -engade-, e tendo en conta que as



circunstancias futuras (COVID -19) non son feitos previsibles, a pesar do plan de reestruturación elaborado, non puideron facer fronte á baixada de lectores e a perda de contratos.”

En canto ao acceso á documentación, o Goberno galego ten o máximo respecto polos procesos xudiciais, e actúa sempre coa máxima transparencia e en cumprimento da Lei. Neste sentido, no artigo 14.1.e) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, indícase que “o dereito de acceso poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para (...) a prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:25:55
Nº Rexistro: 59256
Data envío: 11/09/2023 11:25:55.234

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:25:47

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 53089**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o proxecto do Ecobarrio da Ponte en Ourense"**, (publicada no BOPG número 490, do 4 de maio de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"O 'Ecobarrio da Ponte en Ourense' é un proxecto de gran complexidade, por diversas razóns, por unha banda, pola súa compoñente innovadora nun ámbito de actuación existente e plenamente operativo, é dicir, engade unha maior dificultade respecto a outros proxectos similares que se basean en barrios de nova construción e por outra, pola necesaria colaboración entre administracións para poder levalo a cabo.

Ata o momento, e a pesares da falta de avance e compromiso por parte da administración local, a Xunta de Galicia cumpriu coa execución das actuacións técnicas que dependían directamente da Administración autonómica neste proxecto: estudos técnicos previos, elaboración de pregos técnicos, actuacións de alumeado exterior na contorna de A Chavasqueira e actuacións de mellora da seguridade viaria nos pasos de peóns do barrio, estas dúas últimas accións, hoxe en día, atópanse plenamente operativas e funcionais mellorando a calidade de vida das veciñas e veciños de Ourense.

Polo tanto, en ningún caso o Goberno galego renuncia ao desenvolvemento futuro das actuacións previstas e gustaríalle darlle continuidade aproveitando o potencial existente na zona para o desenvolvemento de actuacións relacionadas cos actuais procesos de transición enerxética e descarbonización en ámbitos urbanos; pero iso si, sempre no marco dunha colaboración efectiva entre administracións, é dicir, para poder seguir a avanzar neste



proxecto requírese dun compromiso firme e claro por parte do Concello, que pasa por emprender as iniciativas que son da súa competencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:25:42
Nº Rexistro: 59255
Data envío: 11/09/2023 11:25:42.484

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:25:39

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 53405**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o endurecemento do acceso a crédito”** (publicada no BOPG número 493 do 12 de maio de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“O fortalecemento da industria e dos sectores produtivos é un obxectivo fundamental das políticas socioeconómicas de Galicia. Un modo de actuar que ten en conta os efectos da pandemia e a situación de inestabilidade a consecuencia da guerra de Ucraína.

Neste escenario, a Xunta leva tempo traballando na adopción de medidas que facilitan a estabilidade e o crecemento, e que dan resposta ás necesidades de financiamento das empresas. Con esta meta activouse xa o ano pasado a Axenda Financeira, que ofrece un amplo abanico de opcións ao tecido empresarial, e que está a mobilizar ao redor de 400 millóns de euros.

Esta Axenda atende a tres liñas de actuación: o reforzo do capital e os fondos propios das empresas; o acceso a instrumentos de débeda e a oferta de garantías para facilitar a obtención de crédito.

Así, no campo do capital, púxose en marcha o programa de Transformación Empresarial. Cun orzamento de 30 millóns de euros, a liña combina financiamento e consultaría estratéxica incidindo no impulso de proxectos de internacionalización e no reforzo da competitividade a través da dixitalización e a innovación.

Ademais, artelláronse diferentes acordos con xestoras privadas de fondos de capital risco nacionais que permitiron destinar 11 millóns de euros a startups innovadoras en fases iniciais e 30 millóns de euros a empresas industriais consolidadas.



En canto ao acceso a instrumentos de débeda, a Axenda Financeira incorpora distintos tipos de préstamos. Así, contéplanse préstamos para investimentos estratéxicos consistentes na creación de novas instalacións e na mellora das existentes ou no incremento da capacidade produtiva. Ademais, incorporáronse préstamos para financiar aquelas industrias afectadas polo incremento de prezo de materias primas e subministracións. E un ano máis activáronse os IFI Innova, aos que se destinaron máis de 5 millóns de euros desde a súa posta en marcha e que facilitan proxectos innovadores de pemes.

Todo iso sen esquecer os préstamos parcialmente reembolsables que combinan endebedamento e subvención a fondo perdido para acometer o investimento. Unha opción que, ademais, conxúgase coa simplificación administrativa, ao poder facerse todo nun único expediente.

A terceira liña de actuación da Axenda Financeira está orientada á concesión de garantías. Nela destacan os programas de avais e de reavais. O primeiro conta con preto de 4 millóns de euros para cubrir ata o 70% do risco da operación de financiamento á que se desexe acceder. No caso dos reavais, en colaboración coas sociedades de garantía recíproca, destínanse máis de 10 millóns de euros a garantías para acceder a capital circulante, a investimentos empresariais ou a operacións de tráfico nacional ou internacional.

En conclusión, a Axenda Financeira supón un decidido esforzo da Xunta de Galicia por adaptarse ao escenario económico actual e facilitar o financiamento do tecido empresarial galego. Unha aposta que reforza o traballo levado a cabo estes anos en materia de financiamento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:25:12
Nº Rexistro: 59249
Data envío: 11/09/2023 11:25:12.906

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:25:10

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 53424**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **"a elaboración dun plan de emprendemento no comercio de proximidade para a mocidade"**, (publicada no BOPG número 493, do 12 de maio de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"En 2022 púxose en marcha a Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego, unha rede concibida para avaliar as potencialidades de negocio vinculadas aos territorios nos que se desenvolvan e así poder dar unha resposta adaptada ás emprendedoras e emprendedores galegos.

Unha Rede que se viu reforzada coa apertura, no que vai de 2023, con 8 centros de referencia. Estes 8 Polos activos xa están prestando cobertura:

- N° proxectos atendidos = 495
- Por sector de actividade (SIE)
 - comercio - 73
 - hostalaría - 69
 - agricultura, gandería e pesca -61
 - outros servizos - 53
 - actividades artísticas e recreativas - 43
 - actividades sanitarias e servizos sociais - 35
 - actividades profesionais, científicas e técnicas -33
 - industria manufactureira -29
 - educación -28
 - información e comunicación -23
 - construción -11
 - inmobiliarias -5
 - financeiras e de seguros -2



- enerxía eléctrica, gas e aire acondicionado-2
- transporte e almacenamento -2
- xestión de residuos -1
- Nº proxectos con entidades xurídicas creadas = 206
- Nº persoas beneficiarias atendidas= 483
 - 60% mulleres
 - 40% homes
- Nº titorías realizadas = 1485

O comercio de proximidade para a mocidade é un dos sectores de actividade aos que máis está prestando apoio a través da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego que a Xunta de Galicia está a despregar por toda Galicia, como elemento artellador do ecosistema empresarial da nosa comunidade.

Ademáis, o goberno galego está a manter unha firme aposta polo emprendemento e ten na actualidade activas axudas por valor de 13 M€ para apoiar os investimentos nas novas iniciativas a través de dúas ordes de axuda:

- ✓ A primeira para apoiar e impulsar a creación de iniciativas de emprendemento de proxectos empresariais de autónomos e pemes (7M€).
- ✓ E a segunda, Empredemento Plus (6M€), para apoiar a inversión e a creación do emprego, dar continuidade e fortalecer a consolidación de iniciativas de emprendemento de autónomos e pemes.

A Xunta mantén un compromiso claro co impulso das iniciativas de emprendemento, contribuíndo ao incremento da súa actividade económica e competitividade, e ao mantemento de empregos de calidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2023 12:37:35
Nº Rexistro: 59764
Data envío: 14/09/2023 12:37:35.570

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2023 10:37:33

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 53457**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e don Ramón Fernández Alfonso, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia de aprobar o anteproxecto de lei de ciencia e innovación"**, (publicada no BOPG número 495, do 19 de maio de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A proposta dunha nova Lei de Innovación e Ciencia de Galicia nace nun contexto de crecente relevancia das políticas de I+D+i no escenario europeo e nacional, con elementos clave que se poden identificar como tendencias emerxentes referidas á innovación pública, á colaboración público-privada, á simplificación administrativa, á investigación e Innovación Responsable, ao impulso singular ás empresas emerxentes e de base tecnolóxica, á difusión da cultura científica ou á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no ámbito da ciencia e a innovación.

Nese sentido, en Galicia xorde a necesidade de establecer un novo marco normativo que incorpore as tendencias mencionadas e permita o aproveitamento de todas as pancas dispoñibles cun enfoque de territorio aliñado coa estratexia de especialización intelixente (RIS3 Galicia 2021-2027) e a cobertura das necesidades do ecosistema identificadas na súa elaboración.

A avaliación da RIS3 2014-2020 identificou unha serie de aspectos vinculados coa I+D+i en Galicia nos que será necesario seguir traballando para mellorar o seu posicionamento. Estes retos pasan por reforzar a participación dos axentes, especialmente das pemes e a sociedade, impulsar grandes proxectos tractores, avanzar na adaptación dos instrumentos ás necesidades de cada sector, mellorar o investimento incrementando a colaboración público-privada e potenciando as oportunidades existentes a nivel suprarrexional, nacional e internacional, e aumentar a capacidade para atraer e reter talento e persoal cualificado.

Unha nova norma que permita avanzar no fomento da investigación e o desenvolvemento, a transferencia e valorización de resultados e a innovación, dunha maneira que redunde en maior



crecemento económico e melloras na calidade de vida das persoas e que terá entre os seu principais obxectivos:

- Mellorar o financiamento da I+D+i, tanto pública como privada, para converxer cos países da nosa contorna.
- Fomentar a innovación no sector produtivo -e en especial das pemes- mediante novos esquemas de financiamento e asesoramento.
- Facer unha grande aposta polo talento innovador, alienado co sistema educativo (e en especial a FP) e coas oportunidades en emprego de futuro.
- Impulsar a innovación pública para que a Administración sirva de exemplo innovador e banco de probas (Centro de Competencia CPI, espazos de ensaio e experimentación, políticas informadas pola evidencia).
- Desenvolver novos esquemas de colaboración público-privada en ámbitos transformadores (iniciativas estratéxicas en materia de I+D+i).
- Capitalizar o potencial da innovación liderada polas entidades locais.
- Avanzar na simplificación administrativa e na redución de cargas.
- Abordar a brecha de xénero na I+D+i mediante a aplicación de medidas específicas enfocadas na consecución da igualdade real de oportunidades.

Na actualidade estamos a desenvolver un primeiro borrador do texto normativo, traballado de xeito conxunto os departamentos da Xunta de Galicia no marco da Comisión Interdepartamental de I+D+i.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:24:51
Nº Rexistro: 59244
Data envío: 11/09/2023 11:24:51.343

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:24:48

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 53509**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **"a convocatoria do Programa de doutoramento industrial de 2022 e as previsións da Xunta de Galicia respecto dunha nova convocatoria en 2023"**, (publicada no BOPG número 495, do 19 de maio de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Co programa de doutoramento industrial, outra aposta máis polo talento en I+D e a creación de emprego de calidade, promóvese a execución de proxectos de investigación industriais identificados entre universidades, empresas e centros tecnolóxicos como base para a realización dunha tese doutoral asumindo, polo tanto, a contratación de estudantes de doutoramento que realizarán neste marco a súa correspondente formación investigadora e tese doutoral.

Con este programa búscase, ademais, posicionar Galicia no contexto estatal como unha rexión atractiva para o desenvolvemento dunha carreira investigadora, promóvese a colaboración efectiva entre empresas e centros de innovación e tecnoloxía e as universidades, contribúe e dinamiza a transferencia de coñecemento, crea emprego cualificado, fomenta a mobilidade e a presenza de persoal investigador de Galicia en redes de coñecemento de referencia internacional, e promove, así, a xeración e difusión de coñecementos e avances tecnolóxicos.

Consolida, tamén o noso Sistema galego de I+D+i ao garantir o desenvolvemento social e a competitividade económica e contribúe á formación de mozas e mozos investigadores,



achega talento e capacita perfís especializados cada vez máis demandados polas empresas galegas na súa transformación dixital e sostible.

Esta liña de apoios, que terá en 2023 a súa terceira convocatoria (DOG, 17 agosto 2023), está dotada con preto de 1,9 millóns de euros e prevé conceder 15 axudas. A selección garantirá un mínimo de 12 persoas beneficiarias na categoría de empresas e 3 persoas beneficiarias na categoría de centros de innovación e tecnoloxía salvo que non haxa solicitudes suficientes en cada categoría.

O programa de Doutoramentos industriais das convocatorias de 2021 e 2022 permitiu a contratación de 30 persoas doutorandas industriais e complementa outras actuacións en materia de retención, captación e retorno de talento como son: o programa Talento Sénior que permitiu a contratación de 61 profesionais de alta cualificación cunha traxectoria profesional de máis de cinco anos; o programa Principia que permitiu a contratación de 371 persoas en empresas e organismos de investigación, impulsando así a contratación de persoal novo no sector público e privado favorecendo o desenvolvemento da súa carreira profesional; o programa Oportunus que, desde a súa posta en marcha, axudou a realizar 10 contratos a persoas gañadoras de axudas do ERC e apoiou a 390 participantes en talleres formativos, 24 finalistas e 26 gañadores; o programa Ignicia que favoreceu a creación ou o mantemento de máis de 100 empregos cualificados a través do apoio a proxectos de investigación con potencial de chegar ao mercado ou os programas de apoio predoutoral e posdoutoral, dotados este 2023 con 21,77 millóns de euros, e que suman en total 174 axudas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:24:30
Nº Rexistro: 59240
Data envío: 11/09/2023 11:24:30.922

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:24:28

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 53561**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Gonzalo Caballero Miguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"a valoración do Goberno galego da evolución do investimento estranxeiro en Galicia"**(publicada no BOPG número 495 do 19 de maio de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"O investimento estranxeiro en España en xeral e nas Comunidades Autónomas en particular é un dato anual que recolle o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a través das declaracións de investimento exterior, feitas polas propias empresas que acometen o investimento, ao Rexistro de Investimentos da Secretaría de Estado de Comercio.

Os datos de investimento estranxeiro varían enormemente dun ano a outro así como dunha Comunidade Autónoma a outra en función do exercicio que se analice.

Se facemos unha análise pormenorizada dos datos dispoñibles podemos concluír que, por exemplo, Madrid recibe todos os anos polo menos a metade do investimento estranxeiro de toda España, existindo anos onde o investimento estranxeiro supuxo incluso máis do 80% do investimento total recibido.

Isto débese ao efecto sede, xa que moitas multinacionais establécense en Madrid, independentemente de que teñan ou non plantas produtivas noutra parte de España. É relativamente frecuente o caso de que un investimento estranxeiro



compute en Madrid (sede social) e o centro de traballo estea situado noutra Comunidade Autónoma.

Sobre esta base, no balance dos últimos anos, Galicia sitúase como unha das principais Comunidades Autónomas receptoras de investimento estranxeiro, oscilando os datos de cada exercicio en función de operacións concretas, ben de investimento ou ben de adquisición dalgunha empresa, é dicir, non sempre computa o investimento estranxeiro como incremento de produción, senón que tamén computan a toma de participacións ou adquisicións completas de empresas locais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:24:02
Nº Rexistro: 59236
Data envío: 11/09/2023 11:24:02.031

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:23:59

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 53821**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Eduardo Ojea Arias e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"a construción de vivenda pública nos últimos anos"**, (publicada no BOPG número 499, do 31 de maio de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta, a través da súa liña estratéxica para o desenvolvemento de vivenda de promoción pública e impulso da vivenda protexida en execución do Pacto Social pola Vivenda de Galicia 2021-2025, prevé a construción de preto dun milleiro de vivendas de promoción pública, que pasarán a formar parte do parque público de vivenda para alugueiro. Actualmente, xa se asinaron tres acordos para o financiamento con fondos propios da Xunta e fondos procedentes da Unión Europea. As primeiras vivendas xa están en construción e outras licitadas. O resto atópase en distintas fases da redacción dos proxectos, co obxectivo de proceder á súa licitación no menor prazo posible.

Ademais, a Xunta axuda aos concellos de menos de 20.000 habitantes a dotarse dun parque público municipal de vivendas para alugueiro con axudas de ata o 90 por cento do custo da rehabilitación de inmobles de titularidade municipal".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2023 12:37:15
Nº Rexistro: 59761
Data envío: 14/09/2023 12:37:15.679

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2023 10:37:12

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 53943**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia de elaborar medidas en ciberseguridade para as pequenas e medianas industrias"**(publicada no BOPG número 503 do 8 de xuño de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Nos últimos anos a ciberseguridade tense convertido nun eixo prioritario de actuación para empresas e pemes. Non en balde, segundo o último estudo de Enisa, as empresas sofren un ciberataque cada 11 segundos.

Neste marco, a Consellería de Economía, Industria e Innovación vén traballando no impulso da ciberseguridade no ámbito de industria e a empresa. Un eido que se sustenta en tres grandes piares:

- A Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0. aprobada en maio de 2015, que estableceu cinco plans de impulso con 26 enfoques estratéxicos e 60 medidas para seren desenvolvidas pola Administración galega. Entre esas medidas está a posta en marcha dunha liña de axudas específica para mellorar os procesos produtivos industriais, dentro do plan de impulso á innovación e no enfoque estratéxico de pemes innovadoras.

- A RIS3, no marco do Reto 2 -«Aumentar a intensidade tecnolóxica dos sectores prioritarios da economía galega, a través da hibridación e as TFE (tecnoloxías



facilitadoras esenciais)»-, procura sendas de iniciación para a transformación da industria tradicional cara a modelos tecnolóxicos avanzados, implementando medidas que fomenten un cambio de orientación xeral nas empresas para favorecer modelos de negocio diferenciais baseados na innovación e na tecnoloxía.

- O Nodo galego de ciberseguridade (ciber.gal), unha estrutura de cooperación no ámbito da ciberseguridade, co fin de conectar axentes públicos e privados neste eido e poder facer fronte á crecente ameaza que supoñen os ataques cibernéticos. Precisamente, desde este nodo galego de ciberseguridade estanse a prestar servizos tanto ao tecido empresarial de Galicia como á Administración Pública galega e á cidadanía.

O obxectivo común de CIBER.gal é favorecer unha contorna dixital segura e afrontar, de forma colaborativa, os retos aos que se deben enfrontar empresas e administracións para protexer os seus activos no ciberespazo. Dentro desta meta común, figuran os seguintes obxectivos estratéxicos:

- Facer chegar e concienciar sobre a ciberseguridade á sociedade, ás administracións públicas e ás empresas galegas.
- Dar resposta coordinada a retos complexos en entidades con necesidades específicas.
- Promover a xeración, atracción e retención de talento especializado, investigación e transferencia tecnolóxica.
- Posicionar o nodo CIBER.gal a nivel nacional e europeo.
- Desenvolver e potenciar a industria da ciberseguridade en Galicia.

Sobre esta base, a Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través do Igape, vén impulsando tamén, nos últimos anos, liñas e programas de actuación que favorecen a implantación de medidas de ciberseguridade no tecido produtivo galego. Así, os Cheques dixitalización COVID 19 permitiron ás empresas adaptarse á nova realidade provocada pola pandemia, apoiando solucións de mellora da



ciberseguridade. E no marco das axudas á dixitalización Industria 4.0 promovéronse actuacións para a posta en marcha de sistemas de intelixencia artificial, aprendizaxe automática e toma de decisións autónomas, interconexión de elementos físicos e virtuais, tratamento de datos captados (intelixencia de negocio, big data e similares) e ciberseguridade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:23:38
Nº Rexistro: 59233
Data envío: 11/09/2023 11:23:38.422

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:23:35

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 53961**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre **"os compromisos derivados do Marco Mundial Kunming-Montreal da Diversidade Biolóxica subscrito por España"**, (publicada no BOPG número 503, do 8 de xuño de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª celebrada o pasado 6 de setembro de 2023 pola directora xeral de Patrimonio Natural, Dª Belén do Campo Piñeiro, en resposta á pregunta oral 57665.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 6 de setembro de 2023:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGVhMmRLZWQtNWM1OC00ZjFhLThtYmItZTllMjRmMTNjNTcx&start=3159>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 17:14:28
Nº Rexistro: 59679
Data envío: 13/09/2023 17:14:28.743

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2023 15:14:25

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 54448**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **"as demandas de información da institución do Valedor do Pobo ao Instituto Galego de Consumo e da Competencia e o cumprimento da función deste último referida á protección das persoas consumidoras"** (publicada no BOPG número 510 do 21 de xuño de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 54738**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"o número de técnicos de inspección dependentes da Consellería de Política Social e cantos están dedicados á supervisión de centros de atención residencial e cantos aos centros de menores"**(publicada no BOPG número 515 do 29 de xuño de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Política Social e Xuventude conta cun total de 29 técnicos de inspección.

Destes, 11 están asignados á supervisión de centros de atención residencial e 9 aos centros de menores".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59547
Data envío: 12/09/2023 19:54:28.112

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2023 17:54:25

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 54907**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a pobreza infantil e as medidas e recursos da Xunta de Galicia dirixidos a afrontar a situación das familias monoparentais en risco de pobreza, especialmente as encabezadas por mulleres"**, (publicada no BOPG número 519 , do 6 de xullo de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"A pobreza infantil é a pobreza da súa unidade familiar; precisamente por iso as medidas que se promoven desde a Consellería de Política Social e Xuventude concíbense e desenvólense no marco dun traballo con enfoque familiar.

Para axudar ás persoas e familias que máis o necesitan, en 2023 destínanse máis fondos que nunca: así os orzamentos da área de Inclusión Social aumentan un 25,1% con respecto a 2022, ata acadar os 148,5 millóns de euros.

De xeito mais específico, os programas dirixidos á infancia e adolescencia no ámbito da Inclusión Social son:

- Axudas a concellos para o desenvolvemento de Programas de Educación Familiar, dirixidos a familias con menores en situación ou risco de pobreza ou exclusión social.
- Axudas a concellos para o desenvolvemento de actividades de reforzo educativo a menores vulnerables, inmigrantes ou poboación xitana.
- Axudas a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de actividades de reforzo educativo a menores vulnerables ou inmigrantes.

Ademais, a RISGA e as AXUDAS DE INCLUSIÓN (AIS) contan con medidas positivas no seu regulamento dirixidas especificamente a favor das familias con menores en risco ou



situación de pobreza e exclusión social. Tanto a RISGA como as AIS viron incrementada a súa contía este ano 2023.

É destacable tamén o desenvolvemento dun proxecto específico de loita contra a pobreza infantil, realizado en coordinación co Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e que permite beneficiar arredor de 1.200 familias galegas, cun investimento de mais de 10 M€.

E así mesmo a Xunta ten asinado un Convenio coa Fundación LaCaixa para o desenvolvemento do Programa Caixa ProInfancia, un programa integral de intervención con nenos e nenas menores de 18 anos en situación de pobreza e vulnerabilidade e as súas familias.

Respecto das familias monoparentais, a Comunidade Autónoma de Galicia abordou por primeira vez a regulación das familias monoparentais hai máis de dez anos, a través da Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Nesta lei xa se estableceu que as familias monoparentais, polas súas condicións especiais, requiren un tratamento máis favorable e unha especial consideración por parte dos poderes públicos.

O concepto de familia monoparental foi revisado na Lei de Impulso Demográfico de Galicia, aprobada en 2021, para adaptalo á realidade social actual das familias. Con esta revisión, ampliouse o concepto de familia monoparental e froito deste cambio, que recibiu o voto en contra do grupo que formula esta pregunta o número de certificados da condición de familia monoparental emitidos pola Xunta de Galicia dupliucouse no último ano, ao pasar dos 1.495 certificados expedidos en 2021 aos preto de 2.800 certificados emitidos no conxunto de 2022. Máis do 99% destes certificados teñen como única proxenitora a unha muller.

Polo tanto, o que está a facer a Xunta de Galicia é ampliar a protección das familias monoparentais na nosa comunidade autónoma: nunca na nosa historia houbo tantas familias monoparentais protexidas pola Administración galega.





Pese a que en Galicia as familias monoparentais xa están blindadas por lei, a Xunta de Galicia leva meses traballando na elaboración dun decreto que desenvolva a regulación da condición de familia monoparental ao tempo que crea o Rexistro de Familias Monoparentais. Non obstante, este proceso estivo suspendido á espera de que o Goberno central presentase o seu anteproxecto de Ley de Familias, xa que nesta lei o Goberno anunciara que ía regular as familias monoparentais a nivel estatal.

A prioridade para a Xunta é blindar a seguridade xurídica das familias en Galicia e evitar conflitos entre ambas normativas, e por iso era preciso coñecer a regulación estatal antes de aprobar unha normativa galega que podería quedar invalidada pola norma estatal. Tal como temía a Xunta de Galicia, o anteproxecto aprobado en Consello de Ministros no mes de decembro afecta directamente ás familias monoparentais, xa que a regulación estatal deixaría fóra a preto de 2.000 familias monoparentais, posto que non recoñece como monoparentais a aquelas mulleres con custodia exclusiva que teñen recoñecida pensión de alimentos doutro proxenitor, aínda que esta pensión nin sequera a perciban. Neste sentido, a Xunta de Galicia ten presentado alegacións a este texto e a día de hoxe descoñece se foron tidas en conta. A tramitación desta regulación estatal decaeu a causa da recente convocatoria electoral e a automática disolución das Cortes, e a Xunta de Galicia non ten recibido ningunha información por parte do Goberno central sobre esta cuestión. En todo caso, non é responsabilidade da Xunta de Galicia que o Goberno fose incapaz de impulsar o proxecto de Lei de Familias a tempo para que puidese ser aprobado en Cortes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2023 12:37:05
Nº Rexistro: 59760
Data envío: 14/09/2023 12:37:05.710

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2023 10:36:56

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 55066**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar a calidade do aire"**, (publicada no BOPG número 523, do 12 de xullo de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Con respecto aos resultados da avaliación da calidade do aire en Galicia en 2022, cómpre destacar que:

- En ningunha das estacións da rede de calidade do aire de Galicia se superou os valores límite e obxectivo establecidos no RD 102/2011 para os diversos contaminantes, polo que non hai ningunha zona de Galicia que estea exposta a concentracións elevadas.
- En 2022 os valores resultaron influenciados polo aumento do tráfico e da actividade industrial tras a pandemia. Tamén cabe destacar a influencia que tiveron as intrusionas de masas de aire de po africano nos resultados de PM10.

Actualmente, A Xunta está a desenvolver un traballo no que se realizará unha identificación das diferentes zonas de Galicia segundo os niveis de calidade do aire. Neste traballo identificaranse tamén as posibles fontes e proporanse medidas correctoras, se é preciso".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59544
Data envío: 12/09/2023 19:53:55.752

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2023 17:53:41

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 45501**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións propias en materia de vivenda ten impulsado ou vai impulsar o Goberno galego para mellorar os datos de emancipación da mocidade"**, (publicada no BOPG número 432, do 5 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno celebrada o pasado 25 de xaneiro de 2023 pola vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, D^a. Ángeles Vázquez Mejuto, en resposta á interpelación 45499.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 25 de xaneiro de 2023:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=N2NmMWQ4ZmItZWE3MS00NWEzLW1NmUtYjZiZmJmMGI2NjQ4&start=9529> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 17:17:45
Nº Rexistro: 59708
Data envío: 13/09/2023 17:17:45.133

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2023 15:17:42

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 45545**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a instalación dunha planta de resiuos no concello de Riotorto"**, (publicada no BOPG número 432, do 5 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"A planta de transferencia de Riotorto atópase en fase de construción e a previsión é que entre en operación no último trimestre do ano.

A planta, na que se investirán 1,6 millóns de euros, terá unha capacidade de tratamento de 7.498 toneladas ao ano e dará servizo a 8 concellos da zona (a un total de 15.498 habitantes)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59595
Data envío: 12/09/2023 19:59:39.144

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2023 17:59:36

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 46213**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a postura da Xunta de Galicia en relación co impacto ambiental dos proxectos eólicos previstos"**(publicada no BOPG número 436 do 12 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"O Plan sectorial eólico de Galicia, segue vixente e resulta plenamente aplicable.

Neste sentido, a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, ampara a plena vixencia e aplicabilidade do plan preexistente en tanto non se aprobe o novo previsto, tal e como o establece a súa disposición transitoria terceira.

Á marxe do anterior, cómpre lembrar que na tramitación de cada procedemento de autorización de parques eólicos a Administración observa a normativa ambiental en vigor, incorporando aos expedientes os informes e actuacións legalmente esixibles.

Así mesmo, en relación coa necesidade de someter o Plan sectorial eólico de Galicia ao trámite de avaliación ambiental estratéxica, cómpre manifestar que este plan foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia o 01.10.1997, publicándose o Acordo no DOG do 15.12.1997. Posteriormente, publicouse no DOG do 03.01.2003 o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 05.12.2002, polo que se aproba



definitivamente a modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Plan Eólico de Galicia.

En ambos casos cumpriuse co disposto no procedemento de aprobación, segundo o establecido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

Cómpre ter en conta que coa aprobación da primeira lei de avaliación ambiental estratéxica, Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, todos os plans tramitados polas administracións públicas deben someterse a avaliación ambiental. Non obstante, a propia Lei recollía unha moratoria para os plans que estaban nese ano nun estado moi avanzado de tramitación.

Logo este procedemento ambiental soamente obriga aos plans que iniciaron a súa tramitación a partir do ano 2006 e non pode aplicarse con efectos retroactivos.

Asemade os proxectos son avaliados de maneira rigorosa polos distintos organismos e valorando as diferentes afeccións sobre o territorio de carácter ambiental e patrimonial e así o demostran as 45 declaracións de impacto ambiental negativas emitidas entre 2022-2023 ou os diferentes informes que supuxeron a eliminación de aeroxeradores por informe negativo dalgún organismo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:36:51
Nº Rexistro: 59355
Data envío: 11/09/2023 11:36:51.609

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:36:49

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 6ª- **número 46279**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para o aumento do investimento público en investigación, a toma de medidas para a consolidación dunha carreira pública estable e previsible para o persoal técnico e investigador, así como a garantía do cambio xeracional e a atracción e retención de talento en igualdade"**, (publicada no BOPG número 436, do 12 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"O investimento galego en I+D medrou desde o 2014 (ata 2021) en máis do 46,1%, doce puntos porcentuais máis que a media do Estado (34,5%).

En 2021 (último dato estatístico), Galicia investiu un total de 697,5 millóns de euros, o que supón case 56 millóns de euros máis que o ano anterior; é o nivel máis alto de investimento de toda a serie histórica (somos a 7ª comunidade autónoma). Pero, se tomamos só a compoñente pública dese indicador, Galicia é a cuarta comunidade en canto a investimento con respecto ao PIB.

A Xunta ten incrementado nun 161% o orzamento para o programa 561 de I+D+i, pasando dos 112,5 millóns de euros en 2014 aos 294,4 millóns de euros neste 2023.

Os orzamentos de GAIN creceron en 2023 máis do 190%, ata situarse en 163,4 millóns de euros, grazas aos cales desenvolveremos 14 liñas de axudas para a innovación empresarial, para a colaboración entre axentes en proxectos de I+D, para a contratación de persoal, para



o fortalecemento de centros tecnolóxicos e de coñecemento e para a proxección exterior e internacionalización das nosas capacidades.

A esta evolución en positivo do investimento galego en I+D contribuíron tanto o sector público, que incrementou o seu volume por quinto ano consecutivo nun 8,82% máis (no 2017 fixérao nun 6,97%, no 2018 nun 3,72%, no 2020 nun 1,02% e no 2021 nun 6,09%), como o empresarial, que se acelerou especialmente nos anos 2017 (20,53%), 2019 (11,25%) e 2021 cun 8,58%. Destacando, así, o crecemento equilibrado entre os dous grandes sectores, público e privado.

En todo caso, o investimento privado en I+D supón unha parte fundamental da contribución total ao investimento en I+D dun país e aínda que é moi importante asegurar e aumentar o investimento público necesitamos que o investimento privado se incremente fortemente. Así conseguiríamos que as nosas empresas fosen máis competitivas nun mundo cada vez máis tecnolóxico e daríamos máis oportunidades aos graduados e doutores universitarios que buscamos reter e atraer.

Por outra banda, estamos xa na fase final de tramitación do decreto que regulará as condicións do persoal laboral de investigación da Administración Xeral e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia. Con esta normativa imos máis aló do establecido na recentemente aprobada Lei estatal da Ciencia, da Tecnoloxía e da Innovación, a través do deseño dun marco profesional transversal e específico que proporciona, por un lado, estabilidade laboral e unha senda de desenvolvemento profesional para ao persoal investigador e, por outro, mellora e homoxeneiza as condicións de desempeño do traballo en torno á investigación, o que constitúe unha actividade diferente á do conxunto da administración e facilita e impulsa a investigación en Galicia, ao fixar a senda para a contratación no futuro.

Unha normativa específica a nivel autonómico que, ademais, regula aspectos moi relevantes do réxime de persoal relativos á mobilidade e a cooperación cos axentes públicos e privados do sistema de ciencia e tecnoloxía.

Será unha norma para o persoal investigador e o persoal técnico, e regulará un modelo de carreira e promoción coa excelencia como base, cun tratamento individualizado fundamentado na avaliación da actividade investigadora conforme aos principios de



transparencia, obxectividade, imparcialidade e non discriminación, garantindo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Un modelo de carreira investigadora que vén tamén a complementar o programa Oportunus posto en marcha en 2014 con dous obxectivos moi específicos: que os nosos científicos sexan ERC (o programa de maior excelencia de Europa) e atraer ERC a Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:36:26
Nº Rexistro: 59351
Data envío: 11/09/2023 11:36:26.109

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:36:22

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 6ª- **número 46290**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto do establecemento dunha canle de axudas para os traballadores e as pequenas empresas da industria auxiliar naval da área da ría de Vigo"**, (publicada no BOPG número 436, do 12 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Sen dúbida, a industria naval segue a ser un sector estratéxico para Galicia. Non só pola nosa historia, senón porque aquí se desenvolven empresas competitivas e de grande importancia, capaces de acometer proxectos de alto valor engadido.

Unha industria que, aínda coas dificultades que está a provocar o actual contexto económico, segue a ser un referente, tal e como poñen de manifesto os seguintes datos: a facturación supera os 2.100 millóns de euros e representa o 5% do PIB de Galicia; emprega 26.000 persoas de modo directo ou indirecto e ten unha elevada internacionalización -o 90% dos buques construídos son para armadores de fóra de España o que demostra a súa gran proxección e prestixio internacional-.

Neste marco, a prioridade do Goberno galego segue a ser a mesma, apoiar a actividade dos estaleiros galegos, ás súas persas traballadoras e á industria auxiliar.

Por este motivo, activouse o ano pasado a nova Estratexia Naval 2022-2026, unha completa folla de ruta coa que se persegue reforzar sinerxías, potenciar a diversificación de produtos e mercados e posicionar Galicia ante o PERTE do sector.



O obxectivo é que Galicia ocupe o espazo que lle corresponde e poida acceder a boa parte deses 310 millóns de euros que achega Europa para que a industria naval galega poida seguir avanzando cara á dixitalización, á innovación, á sostibilidade ambiental e á formación e capacitación das persoas traballadoras do sector, onde radica a súa competitividade.

Así mesmo, o Goberno galego é consciente da situación de dificultade que atravesan algunhas empresas do sector por mor da inestabilidade vivida, motivo polo cal está habilitada, a través do Igape, unha liña de préstamos específicos para apoiar financeiramente ás empresas que desenvolven actividades no sector da industria auxiliar da construción naval, co obxecto de permitirlles financiar a longo prazo pagamentos operativos, e que así dispoñan dun fondo de manobra suficiente para afrontar posibles atrasos nos cobramentos dos seus clientes.

Esta liña de préstamos foi habilitada en novembro de 2019, con continuidade nos anos 2020, 2021, 2022 e 2023, estando actualmente aberto o prazo para presentar solicitudes neste exercicio. Ao abeiro desta liña de apoio, concedéronse, polo momento, un total de 23 préstamos, por importe total de preto de 14 millóns de euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:36:19
Nº Rexistro: 59350
Data envío: 11/09/2023 11:36:19.062

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:36:16

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 46312**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para reabrir as oficinas municipais de información ao consumidor"** (publicada no BOPG número 436 do 12 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, ten establecidas seis canles de colaboración para dar resposta ás necesidades de cobertura de información e asesoramento en materia de consumo en todo o territorio galego, instrumentos que veñen a complementar o labor das sete oficinas de información de consumo autonómicas.

En concreto, o Instituto Galego do Consumo e da Competencia ten asinado convenios de colaboración coas Federacións e Asociacións de persoas consumidoras que levan máis de seis anos formando parte do Consello Galego de Persoas Consumidoras e Usuarias, ao tempo que contan con máis de dez anos de antigüidade no Rexistro Galego de Asociacións de Persoas Consumidoras. O obxecto destes contratos é o desenvolvemento de actuacións de atención e resolución das reclamacións en materia de protección das persoas consumidoras a través da mediación e a arbitraje nas oficinas coas que estas entidades contan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.



Deste xeito, todas as oficinas da Federación Galega de Asociacións de Amas de casa, Consumidores e Usuarios BRÉTEMA, da Asociación de Usuarios de Bancos, Caixas de Aforro e Seguros, ADICAE GALICIA, da Federación Galega de Euroconsumo, da Unión de Consumidores de Galicia UCGAL, e da Federación de Usuarios e Consumidores independentes FUCIGA atenden, asesoran e informan gratuitamente aos cidadáns que se acheguen para realizar as súas consultas, permitindo unha maior cobertura especializada en todo o territorio.

Por outra banda, tamén está en tramitación un convenio de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias para o reforzo da oficina de consumo deste organismo co obxecto de mellorar os servizos de información municipal ás persoas consumidoras nos concellos galegos de menos de 10.000 habitantes ou que carezan de oficina municipal de información ao consumidor.

Con estas iniciativas, a Xunta de Galicia dá resposta ás necesidades de información de todo o territorio galego dunha maneira diversificada, especializada e descentralizada.

Por outra banda, cómpre lembrar que o Decreto 98/2001, do 24 de xuño, creou o Consello de Cooperación de Consumo de Galicia, un órgano de coordinación, colaboración e participación entre a Administración autonómica e as entidades locais de Galicia naquelas materias que afecten á defensa e á protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:36:12
Nº Rexistro: 59349
Data envío: 11/09/2023 11:36:12.797

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:36:10

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª- **número 46439**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Caballero Miguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"as previsións do Goberno galego para fortalecer o papel das empresas galegas nos mercados exteriores de exportación e importación ante o novo escenario derivado da crise de Ucraína"**, (publicada no BOPG número 436, do 12 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"No actual contexto económico derivado da invasión rusa de Ucraína, moitas compañías souberon ver na internacionalización unha saída de presente e de futuro. Así, as exportacións están a contribuír á reactivación do tecido empresarial galego alcanzando valores históricos.

O binomio internacionalización-dixitalización no que traballa o Goberno galego está a permitir ao tecido empresarial gañar novos mercados ata o punto de que as últimas cifras de exportacións galegas mostran un récord histórico durante 2022.

Así, o ano pasado as vendas da comunidade ao exterior rozaron os 30.000 millóns de euros, en concreto 29.886 millóns, o que supón un 18,3% máis que no anterior exercicio. Unha cifra que permite a Galicia contar cun saldo favorable de 2.800 millóns de euros entre as exportacións e as importacións contabilizadas ao longo do último ano, mentres que en España o saldo segue sendo deficitario.

Todo isto tendo en conta a resiliencia das empresas exportadoras galegas: en 2022, un total de 8.496 compañías realizaron vendas no exterior; e, o que é máis importante, as empresas



galegas exportadoras regulares -aquelas que exportaron nos últimos 4 anos-, alcanzaron as 2.653, récord histórico tamén que supón un incremento anual do 3,5%.

Neste escenario, a Xunta de Galicia ten en marcha a Estratexia de Internacionalización para o período 2021-2025; folla de ruta coa que se busca facilitar a saída ao exterior do tecido empresarial galego e que ten, como principais claves, a aposta pola dixitalización e a diversificación dos mercados exportadores.

A Estratexia susténtase sobre catro piares: o fomento da innovación, a atracción de talento galego internacional, o acompañamento ao tecido empresarial e a difusión de casos de éxito.

O primeiro deles, o relativo á innovación, complementará e potenciará o traballo feito ata o de agora a través das antenas do Igape. Estas oficinas, que acompañan ás pemes galegas nos seus procesos de internacionalización, están abertas hoxe en día en cidades como Shanghái, Miami ou Ciudad de México. Sobre esta base, trabállase para abrir novas antenas en Dubái e Tokio, para o que se dispón un investimento próximo ao millón de euros.

Un crecemento que se pretende que se produza, tamén, da man da internacionalización dixital, fomentando que as compañías incorporen as canles dixitais para chegar a novos mercados. A meta é alcanzar as 1.000 empresas internacionalizadas dixitalmente no 2025, que se sumarían a outras 700 ás que se aspira dar cobertura en próximas edicións do programa Galicia Exporta Dixital.

O segundo eixo do plan de acción susténtase na captación de talento internacional, achegando ao tecido empresarial galego profesionais expertos na materia. Neste marco, séguese a facilitar a contratación de xestores de internacionalización, na procura de cooperar neste marco con 140 empresas.

O acompañamento nos mercados de destino é o terceiro pilar do plan de internacionalización para este período inicial. Un campo no que se continúa o traballo iniciado coas liñas Galicia Exporta ou cos programas desenvolvidos en colaboración coas Cámaras de Comercio, á vez que se impulsan plans sectoriais nas industrias vitivinícola e contract que facilitarán tanto a internacionalización das súas empresas como a cooperación entre os diferentes axentes.



Este labor complementábase co cuarto eixo, centrado na difusión de casos de éxito, para informar sobre a propia Estratexia de Internacionalización, dando a coñecer os devanditos casos e escoitando ás empresas para profundar en novas necesidades.

Así mesmo, neste escenario socioeconómico, o Goberno galego impulsou tamén préstamos para financiar aquelas industrias afectadas polo incremento do prezo de materias primas e subministracións. Neste caso, as contías oscilan entre os 300.000 euros e o millón, contando tamén os tipos de xuro con bonificacións de ata o 1,5%."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:35:37
Nº Rexistro: 59344
Data envío: 11/09/2023 11:35:37.703

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:35:35

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 46443**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Gonzalo Caballero Miguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración por parte da Xunta de Galicia dos datos da actividade industrial, así como das bases, medidas e obxectivos para o impulso da produción industrial e do emprego"** (publicada no BOPG número 436 do 12 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"O tecido empresarial galego ten un papel moi relevante na consolidación dunha Galicia que ofrece estabilidade e atractivo para realizar investimentos. Ante un contexto nacional cheo de incógnitas, Galicia seguirá ofrecendo absoluta colaboración para facilitar, incentivar e desenvolver proxectos industriais e iniciativas empresariais, facendo de Galicia una Comunidade segura e previsible, fórmula que a Xunta de Galicia leva aplicando dende 2009.

De feito, a Comunidade galega recuperou o PIB prepandemia máis rápido que a media de España e no primeiro trimestre de 2023 acadou o maior crecemento do último lustro, cunha suba do 2,8% interanual.

Así mesmo, Galicia ofreceu en 2023 a mellor balanza comercial de España, e as exportacións no que levamos de ano superaron os 12.300 M€, o que supón un 6% máis que no ano 2022, que xa rexistrara cifras de récord.

Na mesma liña, o Índice de Producción Industrial (IPI) está a medrar ao 5,6 % no que vai de ano, dato que se contrapón co IPI estatal, que permanece estancado no 0,2 %.



Todas estas cifras teñen una tradución directa no emprego, xa que Galicia está a rexistrar os mellores datos de afiliación dos últimos 14 anos e o paro sitúase en mínimos históricos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:35:30
Nº Rexistro: 59343
Data envío: 11/09/2023 11:35:30.390

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:35:28

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª- **número 46453**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Caballero Miguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego da situación económica e financeira das empresas e dos autónomos de Galicia, así como das medidas previstas para apoialos"**, (publicada no BOPG número 436, do 12 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Sen entrar en cuestións ou circunstancias alleas ao mercado laboral, que é a competencia propia e específica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a valoración da situación económica e financeira das empresas ten que centrarse principalmente na publicación e posta en marcha de diversas iniciativas de apoio tanto ás micropemes e pemes como ás persoas traballadoras autónomas como fórmula principal para apoialas ao respecto da evolución macro e microeconómica na que se viron inmersos a comezos de ano polas diversas situacións críticas vividas en Europa, e que estiveron a minorar o seu ciclo de crecemento.

Así, en 2023 dende a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade promovéronse diversas liñas específicas para atender á situación actual, tales como o **Programa Impacto Autónomo**, dirixido a minimizar o impacto da suba dos custos das materias primas e das subministracións que afectaron e condicionaron a actividade económica das persoas autónomas e das microempresas, cun orzamento de 35M de euros; o **Programa Xempre Autónomo**, dirixido a aquelas persoas desempregadas que pretende desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadoras autónomas ou por conta propia, para facer fronte aos distintos gastos xerados no comezo da súa actividade laboral, con 12M de euros; as **axudas para a conciliación da persoa traballadora autónoma**, achegando unha compensación ás persoas traballadoras autónomas ben para a contratación dunha persoa durante un período máximo dun



ano, para favorecer a conciliación da súa vida persoal e laboral e facilitar a continuidade e consolidación do seu proxecto empresarial, ben para apoiala nos servizos de coidado de menores e maiores, e con 1M de euros de orzamento; o **Programa Nova oportunidade**, para facilitar o reinicio ás persoas traballadoras autónomas que cesaron na súa actividade e desexan volver emprender un negocio como persoas traballadoras autónomas dende unha situación de desemprego, cun orzamento de 1,5M de euros, ou os **dous programas de Apoio ao emprendemento** para impulsar á continuidade e consolidación de iniciativas de emprendemento de persoas autónomas e PEMES cun total de 13M de euros (7M e 6M respectivamente).

Nesa liña de apoio, consolidación e dinamización do emprego autónomo de calidade, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, coa participación das persoas representantes do colectivo en Galicia a través da Mesa do Emprego Autónomo, **está actualmente rematando a elaboración da nova Axenda Impulso 2026 do Emprego Autónomo** na que se porán de manifesto distintas liñas mestras consensuadas co colectivo para impulsar e consolidar o emprego autónomo en Galicia ata o ano 2026, incidindo na potenciación e recuperación deste colectivo en Galicia e para facilitarlles o mellor contorno para promover as súas iniciativas profesionais de calidade, competitivas, seguras e duradeiras.

Polo que respecta ás competencias propias da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, **a evolución da situación económica é de optimismo, posto que se están a acadar cifras de máximos tanto no ámbito da afiliación á Seguridade Social como no que respecta a cifras asociadas á enquisa de poboación activa** en termos de taxa de paro, principalmente."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59593
Data envío: 12/09/2023 19:59:25.832

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2023 17:59:21

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 46529**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o aumento das agresións contra persoas LGTBI"**, (publicada no BOPG número 436, do 12 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O goberno galego sempre vai loitar por consolidar os avances e garantir que non se dea un só paso atrás nos dereitos de todos. Creemos nunha sociedade onde todas ás persoas poidan construír un proxecto de vida en liberdade de acordo aos seus valores e a súa expresión. Sempre estaremos ao carón de quen sofre calquera tipo de discriminación ou delito de odio por orientación sexual. Dende o goberno galego imos seguir construíndo unha sociedade onde a convivencia e o respecto sexan valores fundamentais.

Para loitar contra a LGBTfobia e os delitos de odio é preciso un punto de vista integral que permita despregar diferentes políticas públicas nos eidos da prevención, resposta integral á violencia e na protección e reparación das vítimas.

Asinouse, o 4 de agosto de 2023 un convenio entre a consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Ministerio de Igualdade para poñer en marcha o servizo 028, teléfono arco da vella, a liña de apoio contra a LGTBIfobia. Este servizo será prestado pola Xunta de Galicia e, de maneira subsidiaria, polo Estado, da mesma maneira que funciona o 016. O servizo estatal xa está en marcha desde xullo e o inicio do autonómico prevese en setembro, despois de que se reúna a comisión bilateral encargada da coordinación e seguimento do convenio.



A través do Decreto 131/2018, do 10 de outubro, creouse o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero (Observatorio LGBTIQ+)

Segundo o artigo 15 do regulamento de funcionamento interno do Observatorio, correspóndelle a este emitir un informe con carácter anual, sobre incidentes de odio por razón de orientación sexual e identidade de xénero acontecidos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e, de ser o caso, das intervencións realizadas polo Observatorio. O último, foi presentado no pleno de febreiro de 2023, referido aos incidentes de odio de 2021.

Segundo o artigo 17 do regulamento de funcionamento interno, correspóndelle ao Observatorio actuar como órgano de denuncia en materia de discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero. Prevese nos seguintes artigos o procedemento a seguir con estas denuncias."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59592
Data envío: 12/09/2023 19:59:17.457

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2023 17:59:15

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ff

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 46537**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Leticia Gallego Sanromán e outras/outros deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a valoración do aumento de casos de agresión por odio contra as persoas do colectivo LGTBI e do grao de cumprimento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, no ámbito escolar”**, (publicada no BOPG número 436, do 12 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O goberno galego sempre vai loitar por consolidar os avances e garantir que non se dea un só paso atrás nos dereitos de todos. Creemos nunha sociedade onde todas ás persoas poidan construír un proxecto de vida en liberdade de acordo aos seus valores e a súa expresión. Sempre estaremos ao carón de quen sofre calquera tipo de discriminación ou delito de odio por orientación sexual. Dende o goberno galego imos seguir construíndo unha sociedade onde a convivencia e o respecto sexan valores fundamentais.

Para loitar contra a LGBTfobia e os delitos de odio é preciso un punto de vista integral que permita despregar diferentes políticas públicas nos eidos da prevención, resposta integral á violencia e na protección e reparación das vítimas.

Asinouse, o 4 de agosto de 2023 un convenio entre a consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Ministerio de Igualdade para poñer en marcha o servizo 028, teléfono arco da vella, a liña de apoio contra a LGTBIfobia. Este servizo será prestado pola Xunta de Galicia e, de maneira subsidiaria, polo Estado, da mesma maneira que funciona o 016. O servizo estatal xa está en marcha desde xullo e o inicio do autonómico prevese en



setembro, despois de que se reúna a comisión bilateral encargada da coordinación e seguimento do convenio.

A través do Decreto 131/2018, do 10 de outubro, creouse o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero (Observatorio LGBTIQ+)

Segundo o artigo 15 do regulamento de funcionamento interno do Observatorio, correspóndelle a este emitir un informe con carácter anual, sobre incidentes de odio por razón de orientación sexual e identidade de xénero acontecidos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e, de ser o caso, das intervencións realizadas polo Observatorio. O último, foi presentado no pleno de febreiro de 2023, referido aos incidentes de odio de 2021.

Segundo o artigo 17 do regulamento de funcionamento interno, correspóndelle ao Observatorio actuar como órgano de denuncia en materia de discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero. Prevese nos seguintes artigos o procedemento a seguir con estas denuncias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:34:48
Nº Rexistro: 59337
Data envío: 11/09/2023 11:34:48.562

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:34:45

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ff

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 46538**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a valoración do aumento de casos de agresión por odio contra as persoas do colectivo LGTBI e do grao de cumprimento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, no ámbito escolar"**, (publicada no BOPG número 436, do 12 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O goberno galego sempre vai loitar por consolidar os avances e garantir que non se dea un só paso atrás nos dereitos de todos. Creemos nunha sociedade onde todas ás persoas poidan construír un proxecto de vida en liberdade de acordo aos seus valores e a súa expresión. Sempre estaremos ao carón de quen sofre calquera tipo de discriminación ou delito de odio por orientación sexual. Dende o goberno galego imos seguir construíndo unha sociedade onde a convivencia e o respecto sexan valores fundamentais.

Para loitar contra a LGBTfobia e os delitos de odio é preciso un punto de vista integral que permita despregar diferentes políticas públicas nos eidos da prevención, resposta integral á violencia e na protección e reparación das vítimas.

Asinouse, o 4 de agosto de 2023 un convenio entre a consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Ministerio de Igualdade para poñer en marcha o servizo 028, teléfono arco da vella, a liña de apoio contra a LGTBifobia. Este servizo será prestado pola Xunta de Galicia e, de maneira subsidiaria, polo Estado, da mesma maneira que funciona o 016. O servizo estatal xa está en marcha desde xullo e o inicio do autonómico prevese en



setembro, despois de que se reúna a comisión bilateral encargada da coordinación e seguimento do convenio.

A través do Decreto 131/2018, do 10 de outubro, creouse o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero (Observatorio LGBTIQ+)

Segundo o artigo 15 do regulamento de funcionamento interno do Observatorio, correspóndelle a este emitir un informe con carácter anual, sobre incidentes de odio por razón de orientación sexual e identidade de xénero acontecidos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e, de ser o caso, das intervencións realizadas polo Observatorio. O último, foi presentado no pleno de febreiro de 2023, referido aos incidentes de odio de 2021.

Segundo o artigo 17 do regulamento de funcionamento interno, correspóndelle ao Observatorio actuar como órgano de denuncia en materia de discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero. Prevese nos seguintes artigos o procedemento a seguir con estas denuncias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:34:41
Nº Rexistro: 59336
Data envío: 11/09/2023 11:34:41.234

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:34:36

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ff

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 46544**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outras/outros deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a valoración por parte do Goberno galego do aumento dos delitos de odio contra as persoas LGTBI”**, (publicada no BOPG número 436, do 12 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Para loitar contra a LGBTfobia e os delitos de odio é preciso un punto de vista integral que permita despregar diferentes políticas públicas nos eidos da prevención, resposta integral á violencia e na protección e reparación das vítimas.

Desde o ano 2018 véñense asinando, anualmente, entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (a través da Secretaría Xeral da Igualdade) convenios con diferentes entidades para o desenvolvemento de actividades e programas dirixidos á promoción, aplicación e desenvolvemento de actuacións e medidas destinadas a avanzar no fomento e a promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade, sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI. Entre estas, campañas de información social que promovan comportamentos e actitudes de respecto e igualdade ou actuacións para previr e intervir ante condutas de discriminación ou de posible acoso, violencia de xénero e/ou maltrato infantil, que puideran producirse por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, especialmente dende o ámbito familiar e social.

O Observatorio LGBTIQ+ conta agora mesmo con dous grupos de traballo: un adicado aos colectivos especialmente vulnerables e outro adicado á educación e deportes. Froito dos seus traballos elaboráronse tres dos que se extraen interesantes conclusións e propostas que deberán ser analizadas no observatorio para a súa posible implementación. Polo de pronto, ademais dos ditos informes, desde a SXI estanse elaborando unha serie de



decálogos de boas prácticas en diferentes eidos clave da sociedade (educación, familias, deporte, etcétera).

A maiores ás funcións importantes do Observatorio LGBTIQ+: Manter comunicación permanente coas instancias públicas e privadas pertinentes para a materialización dos dereitos das persoas LGBTI ou Propoñer a realización de investigacións e estudos específicos que resulten de interese para o coñecemento da situación das persoas LGTBI na Comunidade Autónoma de Galicia, entre outros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:34:26
Nº Rexistro: 59334
Data envío: 11/09/2023 11:34:26.109

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:34:23

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 46547**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración por parte do Goberno galego do nivel de execución orzamentaria do Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero"**, (publicada no BOPG número 436, do 12 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O día 5 de xullo de 2023 asináronse 6 convenios para o desenvolvemento de actividades dirixidas ao colectivo LGBTI entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e as 6 asociacións ofrecéndolles a sinatura a todas aquelas que forman parte do Observatorio LGBTIQ+.

A data 9 de agosto de 2023, fíxoselle a esas 6 entidades un adianto do 80% do orzamento estipulado nos convenios.

Neste ano 2023 o pleno do Observatorio reuniuse unha vez en febreiro e está prevista a segunda sesión plenaria esixida polo Decreto 131/2018, do 10 de outubro, polo que se crea e se regula o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero para mediados de setembro.

Ademais do Pleno, o Observatorio conta actualmente con dous grupos de traballo, un adicado a colectivos vulnerables e outro a educación e deportes. Estes grupos creáronse na sesión plenaria do 29 de xuño de 2022 e reuníronse en dúas ocasións, o 22 de novembro de



2022 e o 5 de maio de 2023. Froito dos seus traballos elaboráronse dous informes que se presentarán na próxima sesión plenaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59591
Data envío: 12/09/2023 19:59:11.457

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2023 17:59:08

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ff

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola comisión 5ª- **número 46551**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"as previsións para facer público o estudo respecto da realidade laboral das persoas LGTBI anunciado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade"**, (publicada no BOPG número 436, do 12 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Para loitar contra a LGBTfobia e os delitos de odio é preciso un punto de vista integral que permita despregar diferentes políticas públicas nos eidos da prevención, resposta integral á violencia e na protección e reparación das vítimas.

Desde o ano 2018 véñense asinando, anualmente, entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (a través da Secretaría Xeral da Igualdade) convenios con diferentes entidades para o desenvolvemento de actividades e programas dirixidos á promoción, aplicación e desenvolvemento de actuacións e medidas destinadas a avanzar no fomento e a promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade, sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI. Entre estas, campañas de información social que promovan comportamentos e actitudes de respecto e igualdade ou actuacións para previr e intervir ante condutas de discriminación ou de posible acoso, violencia de xénero e/ou maltrato infantil, que puideran producirse por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, especialmente dende o ámbito familiar e social.

O Observatorio LGBTIQ+ conta agora mesmo con dous grupos de traballo: un adicado aos colectivos especialmente vulnerables e outro adicado á educación e deportes. Froito dos seus traballos elaboráronse tres dos que se extraen interesantes conclusións e propostas que deberán ser analizadas no observatorio para a súa posible implementación. Polo de pronto, ademais dos ditos informes, desde a SXI estanse elaborando unha serie de



decálogos de boas prácticas en diferentes eidos clave da sociedade (educación, familias, deporte, etcétera).

A maiores ás funcións importantes do Observatorio LGBTIQ+: Manter comunicación permanente coas instancias públicas e privadas pertinentes para a materialización dos dereitos das persoas LGBTI ou Propoñer a realización de investigacións e estudos específicos que resulten de interese para o coñecemento da situación das persoas LGTBI na Comunidade Autónoma de Galicia, entre outros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59589
Data envío: 12/09/2023 19:58:58.816

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2023 17:58:56

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ff

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 46553**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"as actividades de información, formación e sensibilización feitas en 2022 pola Xunta de Galicia para paliar o aumento dos delitos e das actitudes LGTBifóbicas"**, (publicada no BOPG número 436, do 12 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Para loitar contra a LGBTfobia e os delitos de odio é preciso un punto de vista integral que permita despregar diferentes políticas públicas nos eidos da prevención, resposta integral á violencia e na protección e reparación das vítimas.

Desde o ano 2018 véñense asinando, anualmente, entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (a través da Secretaría Xeral da Igualdade) convenios con diferentes entidades para o desenvolvemento de actividades e programas dirixidos á promoción, aplicación e desenvolvemento de actuacións e medidas destinadas a avanzar no fomento e a promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade, sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI. Entre estas, campañas de información social que promovan comportamentos e actitudes de respecto e igualdade ou actuacións para previr e intervir ante condutas de discriminación ou de posible acoso, violencia de xénero e/ou maltrato infantil, que puideran producirse por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, especialmente dende o ámbito familiar e social.

O Observatorio LGBTIQ+ conta agora mesmo con dous grupos de traballo: un adicado aos colectivos especialmente vulnerables e outro adicado á educación e deportes. Froito dos seus traballos elaboráronse tres dos que se extraen interesantes conclusións e propostas que deberán ser analizadas no observatorio para a súa posible implementación. Polo de pronto, ademais dos ditos informes, desde a SXI estanse elaborando unha serie de



decálogos de boas prácticas en diferentes eidos clave da sociedade (educación, familias, deporte, etcétera).

A maiores ás funcións importantes do Observatorio LGBTIQ+: Manter comunicación permanente coas instancias públicas e privadas pertinentes para a materialización dos dereitos das persoas LGBTI ou Propoñer a realización de investigacións e estudos específicos que resulten de interese para o coñecemento da situación das persoas LGTBI na Comunidade Autónoma de Galicia, entre outros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59587
Data envío: 12/09/2023 19:58:47.128

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2023 17:58:44

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 46592**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración das sentenzas xudiciais contrarias ao desenvolvemento eólico promovido pola Xunta de Galicia e as medidas previstas ao respecto"**(publicada no BOPG número 438 do 19 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A diferenza do que ocorre nos proxectos tramitados a nivel estatal, onde se habilitaron procedementos que prescinden dos informes sectoriais e da participación cidadá, en Galicia optouse sempre por unha tramitación ambiental ordinaria, a máis garantista que existe, como medio de defensa do noso patrimonio e para asegurar que aqueles proxectos que se vaian executar son ambientalmente viables.

Así, en Galicia actúase conforme ao principio de legalidade, é dicir, execútase o que se establece no ordenamento xurídico, con total respecto á separación de poderes. Por iso mesmo, na comunidade autónoma e desde a administración, respéctanse as decisións xudiciais, amosando sempre a máxima predisposición a colaborar:

- Fíxose co parque eólico de Oribio, ao paralizar a súa construción de xeito cautelar en outubro de 2019 .
- Fíxose co parque eólico de Sasdónigas, ao ditar as ordes de acatamento das sentenzas.



- Fíxose coa repotenciación do parque eólico de Corme , ao repetir as informacións públicas dos parques que saíran por un período de 15 días.

- E fíxose cos parques eólicos de Campelo, Bustelo e Monte Toural, adoptando a medida cautelar.

Porén, cómpre aclarar, por exemplo, que a sentenza relativa ao parque eólico Sasdónigas era respecto do proxecto sectorial, non respecto da autorización administrativa do parque. Ademais, moitas das sentenzas citadas actualmente non son firmes, senón que está pendente a sentenza respecto do recurso de casación interposto ante o Tribunal Supremo, como ocorre coa relativa á repotenciación do parque eólico Corme.

Polo tanto, de igual xeito que se acata o que din os tribunais, hai que ter en conta que deben tomarse medidas unha vez quede clara a postura xudicial sobre as cuestións obxecto de controversia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:34:19
Nº Rexistro: 59333
Data envío: 11/09/2023 11:34:19.922

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:34:17

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª- **número 46805**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o programa Impacto Autónomo na provincia de Ourense”**, (publicada no BOPG número 438, do 19 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Programa IMPACTO AUTÓNOMO nace para minimizar o impacto da suba dos custos en materias primas, dos subministros e dos custos enerxéticos que afectan e condicionan a actividade económica dos autónomos e microempresas en Galicia.

En agosto 2023 **atópanse concedidas 2.525 solicitudes correspondentes a solicitantes da provincia de Ourense (11% do total de traballadores autónomos da provincia), número que con total seguridade se verá incrementado** en datas próximas logo dunha ampliación de crédito por importe de 8,5 millóns de euros actualmente en fase de tramitación.

En relación á obrigatoriedade de presentar electrónicamente as solicitudes, compre lembrar o disposto na LEI 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, en concreto no seu artigo 10:

Artigo 10. Obrigatoriedade do emprego dos medios electrónicos

1. No ámbito do sector público autonómico estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo,



ademais dos indicados no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os suxeitos seguintes:

a) Os traballadores autónomos e traballadoras autónomas para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59586
Data envío: 12/09/2023 19:58:41.113

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2023 17:58:38

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 46851**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego para presentar a avaliación do I Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021"**, (publicada no BOPG número 438, do 19 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O II Plan Galego de Benestar Laboral, Conciliación e Corresponsabilidade 2022-2025 foi aprobado no Consello da Xunta de Galicia con data 27/04/2023.

O II Plan Galego de Benestar Laboral, Conciliación e Corresponsabilidade 2022-2025 ten como finalidade servir de marco programático ao traballo da Administración autonómica en prol da conciliación corresponsable e o benestar laboral

Destacan como novidades as seguintes:

- Reducir o número de medidas: para contar cun plan máis ambicioso e eficiente, contéplase o aumento de actuacións e a redución de medidas de 100 a 42.
- Flexibilizar as medidas: para facilitar o encaixe de varias actuacións, levadas a cabo por distintos organismos, en cada medida.
- Incorporar o concepto de Benestar Laboral: para consolidar accións de apoio e recoñecemento ás empresas para a implantación efectiva de medidas de conciliación, flexibilización do tempo de traballo e racionalización horaria.
- Incorporar a dignificación do ámbito dos coidados: como pilar fundamental da nosa sociedade, que merece ser recoñecido e remunerado dignamente.



- Incorporar os Principios Reitores de Ruralidade e Discapacidade: propostos polo Consello Galego das Mulleres como resultado do proceso participativo.
- Buscar a coherencia co VIII Plan Galego de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 e a Lei 5/2021 de Impulso Demográfico de Galicia

ESTRUTURA DO PLAN:

En concordancia co I Plan de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021, o presente plan conta con 5 Áreas Estratéxicas, nas cales se enmarcan 42 medidas estruturadas ao redor de 11 obxectivos específicos, cunha dotación orzamentaria que chega aos 1.108,8 M €:

ÁREAS ESTRATÉXICAS	Nº obxectivos específicos	Nº medidas	Orzamento
ÁREA ESTRATÉXICA 1. Sensibilización e coñecemento	2	7	1 M €
ÁREA ESTRATÉXICA 2. Coeducación	2	6	120 m €
ÁREA ESTRATÉXICA 3. Xestión corresponsable dos tempos e dos espazos	2	5	146 M €
ÁREA ESTRATÉXICA 4. Compromiso co benestar laboral	3	12	11 M €
ÁREA ESTRATÉXICA 5. Fortalecemento dos recursos de apoio	2	12	949 M €
TOTAL	11	42	1.108,8 M €

Temas centrais deste II Plan galego de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade 2022-2025

- Acabar coa desigualdade no reparto dos coidados, tanto de forma remunerada como non remunerada, dada a desvantaxe das mulleres para progresar na súa carreira profesional ou acceder a esferas de decisión pola falta de corresponsabilidade ou desigual asunción do traballo doméstico e as responsabilidades dos coidados.
- Fortalecer e ampliar o apoio á conciliación e os coidados, para lograr un novo modelo que conteña a modernización dos servizos sociais, o recoñecemento e apoio á diversidade de familias e a implicación das distintas administracións públicas.
- Procurar a implicación de todos os axentes sociais (empresas, sindicatos, tecido asociativo de mulleres....) para o fomento de novas formas de organización do



traballo, de novas modalidades de xestión dos recursos humanos e de novas condicións laborais nas administracións e nas empresas en prol do benestar laboral.

- Intensificar o apoio por parte da Administración Autonómica, para ofrecer máis e mellores medidas e servizos que apoién ás familias na atención a menores, a maiores e a persoas en situación de dependencia.

Principios Reitores Do Plan:

- Igualdade entre mulleres e homes
- Corresponsabilidade social
- Cooperación e coordinación institucional
- Colaboración cos axentes económicos e sociais
- Posta en valor do papel das familias
- Equidade
- Consideración da diversidade
- Eficiencia e perdurabilidade das accións
- Consideración da ruralidade

Principais resultados da avaliación do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021:

O I 2018-2021 Plan tivo unha execución financeira de máis do orzamento inicial, xa que executáronse máis de 10,2 millóns por riba dos 848.755 millóns de euros que tiña inicialmente previsto (superouse o orzamento nun 1%).

- A área de maior execución de medidas (100%): 2. Coeducación
- A área de maior execución orzamentaria (200%): 3. Nova cultura dos tempos (4.135.722 € en liñas de axudas dirixidas aos concellos para que establezan medidas de conciliación)
- A área de maior peso económico e número de actuacións: 5. Recursos de apoio (819.818.274 € para o fortalecemento e ampliación dos recursos públicos)
- A área con mellores resultados cualitativos: 4. Compromiso das organizacións (destaca a dixitalización das administracións e a promoción da flexibilidade espacial e temporal nos postos de traballo, en especial dentro da administración pública)



Medidas máis destacadas do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-21:

- A área estratéxica 1 estaba centrada na promoción dunha sociedade máis igualitaria na que se posibilita a conciliación corresponsable mediante a formación e a concienciación da cidadanía. Cabe salientar as medidas centradas no desenvolvemento de programas estatísticos e estudos para contar cunha diagnose da realidade galega en materia de igualdade, así como as campañas de sensibilización, e actividades formativas en materia de conciliación e corresponsabilidade levadas a cabo pola EGAP.
- A área estratéxica 2 centrouse en favorecer a coeducación para unha sociedade corresponsable. As medidas máis destacadas desta área estratéxica estiveron relacionadas coa formación do profesorado e a dotación de ferramentas como as guías coeducativas (como a que elaborou a Secretaría xeral da Igualdade no marco do Consello galego das Mulleres), as guías de literatura infantil e xuvenil (da SX Igualdade), así como o apoio á creación e funcionamento das escolas de nais e pais Como as Xornadas de pais e nais da SX Igualdade celebradas en 2019.
- A área estratéxica 3 estaba orientada a promover un cambio social para a equiparación do uso dos tempos por parte de homes e mulleres e o apoio para a conciliación no ámbito familiar. Un dos maiores puntos fortes desta área foi a liña de axudas ás entidades locais de Galicia para o desenvolvemento de programas de conciliación da SX Igualdade.
- A área estratéxica 4, centrada en reforzar o compromiso das organizacións cunha conciliación corresponsable, contou con medidas destacadas no relativo ás distintas liñas de axudas públicas destinadas á promoción da igualdade e a conciliación corresponsable por parte das empresas e na extensión de fórmulas de organización do traballo que favorezan a conciliación como o teletraballo e flexibilidade horaria.
- A área estratéxica 5, centrada no fortalecemento dos recursos de apoio para as familias con persoas a cargo (crianzas, mocidade, persoas maiores ou con discapacidade ou dependencia), contou con medidas específicas destinadas ao mantemento de infraestruturas e prazas destinadas a cumprir esta función, así como a construción e dotación de novas instalacións e servizos para facer fronte á demanda, sobre todo tendo en conta a crise sanitaria provocada pola COVID19.



Proceso de elaboración participativo coa colaboración de todas as consellerías e co Consello Galego das Mulleres como organismo representativo do asociacionismo en defensa dos dereitos das mulleres en Galicia.

Destaca a colaboración de todas as consellerías, presidencia e vicepresidencias da Xunta de Galicia, que achegaron as súas propostas de medidas e datos orzamentarios en resposta ás solicitudes formuladas polo equipo da Secretaría xeral da Igualdade.

Así mesmo, este II Plan foi levado ao Consello galego das Mulleres, constituíndo un dos temas principais da orde do día das dúas sesións plenarias do Consello galego das Mulleres celebradas en 2023, de datas 24/01/2023 e 24/03/2023 respectivamente, nas que se expuxeron as grandes liñas da avaliación do I Plan C+C e da elaboración deste segundo plan e foron recollidas de xeito expreso a meirande de achegas recibidas neste marco, entre as que destacan as incorporacións de 2 principios reitores do II Plan que inicialmente non estaban contemplados, como a integración da interseccionalidade das persoas con discapacidade e a importancia transversal de ter en conta o medio rural.

Coherencia: O Plan elaborouse tendo en conta os seguintes documentos de referencia:

- Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030
- Lei 5/2021 de impulso demográfico de Galicia
- VIII Plan de Igualdade
- Anteproxecto de Lei de Igualdade
- Traballo sobre a Estratexia Estatal de Coidados e Mesa de Coidados do Consello Galego das Mulleres

Principais indicadores da análise diagnóstica-DAFO:

1. A pirámide da poboación en Galicia xa evidencia unha gran necesidade de coidados de persoas maiores, xa que en Galicia hai unha alta taxa de envellecemento (persoas maiores de 65 anos) e de sobreenvellecemento (persoas maiores de máis de 85 anos). Maior porcentaxe de mulleres maiores (son o 52% de persoas maiores de 65 anos e o 65% de persoas maiores de 85 anos).
2. A estrutura familiar: O 34% dos fogares galegos en 2020 estaba formado por 2 persoas e o 22,7% por tres persoas, sendo a terceira tipoloxía en peso porcentual a



de fogares unipersoais (22,4%). Ademais o 60% de fores teñen como sustentador principal un home e o 40% unha muller.. neste caso resaltan a fenda de xénero existente e as maiores dificultades cara a conciliación para as familias monoparentais/monomarentais, nas que na maioría son titulares as mulleres. Ademais, ao analizar as tipoloxías de familias polo sexo da persoa sustentadora principal, nos casos que son mulleres teñen unha alta porcentaxe as mulleres de familias monomarentais, que representan o 17,9% de familias sustentadas por mulleres, e sen embargo no caso de sustentadores homes o peso de familias monoparentais é máis baixo, do 5,4%. O que incide unha vez máis nas maiores dificultades para conciliar das mulleres e que á vez reflicte que por seren as mulleres as que concilian en maior número, en menos familias chegan a ser sustentadoras principais (por saír do mercado laboral pola maternidade, ou por reducir xornada ou por ter contratos a tempo parcial,...).

3. Emprego: Os datos de emprego das mulleres continua reflectindo peores datos ca os homes (datos EPA): menor taxa de actividade 57,1% homes e 48,3 mulleres en 2021; maior taxa de desemprego de mulleres, maior taxa de mulleres con contratos a tempo parcial.
4. Segregación horizontal e teito de cristal: segue a evidenciarse que hai maior presenza de mulleres en determinadas profesións (como no ámbito de persoas técnicas e profesionais científicas, entre as que destaca o levado número de mulleres existentes nos traballos relacionados coa saúde, maior porcentaxe de mulleres no ámbito dos servizos de restauración e dos servizos contables e administrativos, e sobre todo no ámbito de ocupacións elementais (empregadas domésticas, de limpeza, etc). Pola contra hai menor presenza de mulleres en persoal directivo e de xerencia.
5. Coidados: menores, dependencia e discapacidade. A maioría de persoas coidadoras de persoas dependentes son mulleres (63%). Tamén son maioría de mulleres as que prestan os coidados ás persoas maiores e as que reducen a súa xornada, ou solicitan excedencias para coidados de crianzas. En 2021 os indicadores de solicitudes de excedencias para coidados extraídos do Ministerio de Traballo, Migracións e SS) reflicten de novo esta fenda de xénero sendo as mulleres as que seguen a solicitalas en maior medida: as mulleres solicitaron o 76% das excedencias para coidados de



familiares e o 88% para coidado de menores. (fronte ao 24% e 12% respectivamente solicitadas por homes).

Por estes datos de DAFO considérase preciso instrumentar un novo Plan Galego de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade 2022-2025.

Contido do II Plan galego de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade 2022-2025

A área estratéxica 1, Sensibilización e coñecemento: centrada en xerar coñecemento en materia de conciliación e corresponsabilidade, ademais de contemplar campañas de sensibilización e medidas para seguir xerando a investigación e a transferencia de coñecemento en materia de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade, destaca a medida relativa á constitución de mesas de coidados, por ser o ámbito dos coidados un dos temas centrais que se abordan neste II Plan.

A área estratéxica 2, Coeducación: está centrada na integración da coeducación na programación educativa para a eliminación das desigualdades derivadas dos roles e dos estereotipos de xénero.

A área estratéxica 3, Xestión corresponsable dos tempos e dos espazos: está centrada na integración do enfoque de xénero na planificación urbanística e no deseño de políticas públicas. Destacan as medidas para reforzar o uso de ferramentas dixitais para apoiar a harmonización dos tempos de homes e mulleres, así como as de promoción e apoio de medidas que favorezan a conciliación no ámbito local, educativo, deportivo e outros. Outra das medidas destacadas desta área é a de identificar boas prácticas sobre conciliación e corresponsabilidade para crear un repositorio das mesmas.

A área estratéxica 4, Compromiso co benestar laboral: centrada en promover o compromiso das organizacións co benestar laboral das persoas traballadoras, contempla o reforzo de medidas para manter e ampliar infraestruturas, servizos e medidas de acción positiva dirixidas a favorecer a conciliación das persoas traballadoras, tanto no sector público como na empresa privada e no terceiro sector.



Destacan tamén nesta área as actuacións que encaixen na medida de promoción e recoñecemento social e profesional do valor dos coidados e da súa dignificación, fomento do emprego de calidade nos traballos de coidado, incluídos os servizos de axuda no fogar, bolsas de coidado e outras actividades de conciliación.

A área estratéxica 5, Fortalecemento dos recursos de apoio: centrada en fortalecer e ampliar os recursos de apoio para o coidado das persoas, contempla medidas destacadas como a gratuidade nas escolas infantís de 0 a 3 anos, as axudas directas ás familias para asumir os gastos extra que implica ter crianzas a cargo, o impulso de programas e recursos de conciliación dirixidos a familias con maiores necesidades de apoio á crianza, así como o fomento da implicación dos homes no ámbito dos coidados.

En canto ás medidas destacables para o coidado de persoas maiores ou con discapacidade, destacan as relativas á consolidación e ampliación do número de prazas, programas e servizos para persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia, prestando especial atención ao medio rural e costeiro non urbano con servizos específicos.

Cabe salientar novamente, a importancia de impulsar actuacións dirixidas ás persoas coidadoras para o seu autocoidado e como fórmula de respiro familiar e participación social, así como formación para o coidado.

ORZAMENTO DO II PLAN POR ANUALIDADE E ÁREAS ESTRATÉXICAS:

ÁREA ESTRATÉXICA	Orzamento 2022	Orzamento 2023	Orzamento 2024	Orzamento 2025	Total Orzamento 2022-2025
1. Sensibilización e coñecemento	466.574,76	226.801,87	124.020,07	199.583,46	1.016.980,16
2. Coeducación	25.977,49	58.298,36	18.077,04	18.077,04	120.429,93
3. Xestión corresponsable dos tempos e dos espazos	37.487.481,79	37.560.512,79	35.863.339,00	35.861.339,00	146.772.672,58
4. Compromiso co benestar laboral	2.799.812,82	2.860.563,00	2.850.350,00	2.850.350,00	11.361.075,82
5. Fortalecemento e adaptación dos recursos de apoio	215.177.333,57	253.770.236,94	243.806.342,37	236.781.220,37	949.535.133,25
Total Resultado	255.957.180,43	294.476.412,96	282.662.128,48	275.710.569,87	1.108.806.291,74



Seguimento e avaliación:

Crearase a Comisión para o seguimento e avaliación do II Plan de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade 2022-2025. Durante o período de vixencia, a Secretaría Xeral da Igualdade levará a cabo internamente as correspondentes tarefas de seguimento, a partir da información facilitada polos distintos centros directivos e organismos adscritos á Administración autonómica con carácter anual.

Realizarase unha avaliación intermedia no ano 2024, que dará lugar á elaboración dun informe de avaliación, co fin de coñecer:

- O grao de execución das medidas previstas, identificando cales se levaron a cabo, cales non, e que actuacións foron iniciadas e non están finalizadas.
- Os resultados das diferentes actuacións desde a perspectiva dos indicadores seleccionados para efectuar o seu seguimento.

Este informe incorporaría a formulación das recomendacións para tomar decisións que permitan axustar a acción máis inmediata e mellorar a acción futura.

A realización dunha avaliación final, por persoal técnico externo especialista na avaliación de programas de intervención social, que se plasmará nun informe de avaliación final que deberá conter:

- O grao de execución das medidas previstas, de consecución de obxectivos e metas previstas, nivel de desenvolvemento das accións emprendidas, grao de dificultade atopado/percibido no desenvolvemento das actuacións, e os cambios producidos nas actuacións e na execución do plan atendendo á súa flexibilidade.

COMPARATIVA COS ANTERIORES PLANS:

Últimos Plans de Conciliación da XUNTA de GALICIA	Nº anos de vixencia	Orzamento	N.º Áreas Estratéxicas	N.º medidas	Incremento co plan anterior	% Incremento
I Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021	4	848.755.030	5	100		
II Plan Galego de Benestar Laboral, Conciliación e Corresponsabilidade 2022-2025	4	1.108.806.291,74	5	42	260.050.261,74	30,6%



As Áreas do **II Plan que teñen maior dotación** orzamentaria son as seguintes:

Recursos de Apoio: 949 M € (dándose incrementos substanciais no orzamento de programas como o SAF, Xantar na Casa e Tarxeta Benvida, así como na partida dedicada a fomentar a gratuidade das Escolas 0-3)

Xestión corresponsable dos tempos e espazos 146 M € (inclúe o custo dos comedores escolares, que ascende a 124,4 M €, que non se tiña en conta no anterior plan)

E as **consellerías que aportan maior orzamento** son as seguintes:

Política Social e Xuventude: 934,9 M €

Promoción do Emprego e Igualdade: 47 M €

Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades: 124,5 M €."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59584
Data envío: 12/09/2023 19:58:28.285

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2023 17:58:26

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª- **número 46973**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os recursos dotados para os traballadores autónomos”**, (publicada no BOPG número 443, do 27 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Comunidade Autónoma de Galicia conta, segundo datos da EPA, cun número de autónomos empregadores proporcionalmente superior á media española, o que constitúe o mellor exemplo de capacidade emprendedora de Galicia e contribúe en maior medida á creación de emprego e ao aumento da produtividade.

Estas empresas promovidas por autónomos e autónomas son vitais para a recuperación estable do emprego, e constitúen unha prioridade fundamental para a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. O autoemprego constitúe unha vía eficaz para facilitar a incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo das persoas desempregadas, sobre todo daquelas persoas que estando durante moito tempo no mercado laboral se atopan na actualidade nunha situación de desemprego.

Entre 2020 e 2023, a Xunta de Galicia, a través dos Plans de rescate e outras axudas doutras consellerías para apoiar aos autónomos e pequenas empresas máis afectadas pola Covid-19, achegou máis de casi 700M€ para axudar ás persoas autónomas a manter a súa actividade económica fronte á pandemia.

En concreto, no ano 2023 podemos destacar as seguintes liñas



1- IMPACTO AUTÓNOMO

Programa que nace coa idea de minimizar o impacto da suba dos custos en materias primas, subministros e custos enerxéticos, que afectaron e condicionaron a actividade económica das persoas autónomas e as microempresas, **cun orzamento de 35M de euros.**

En agosto de 2023 son 26.600 as persoas beneficiarias, e agárdase chegar superar as 33.000.

2- PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

O obxecto é a concesión dunha axuda económica a aquelas persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadoras autónomas ou por conta propia, **para facer fronte aos distintos gastos xerados no comezo da súa actividade laboral.**

Conta cun investimento de **12M€**, **está a beneficiar a unhas 2.400 traballadoras e traballadoras por conta propia.**

3- BONO AUTÓNOMO

O obxectivo neste caso é apoiar a consolidación dos autónomos/as que leven polo menos 42 meses de actividade empresarial con axudas destinadas a investimentos para a mellora da súa competitividade.

Conta investimento de **8M€** e unhas **2.300 persoas traballadoras por conta propia beneficiarias actualmente**

4- AXUDAS PARA CONCILIACIÓN da vida familiar, persoal e laboral das persoas traballadora autónomas, dotadas con 1M de euros. Vai beneficiar a máis de 150 persoas

5-PROGRAMA NOVA OPORTUNIDADE, para aquelas persoa autónomas que cesaron na súa actividade e van volver emprender un negocio como persoas traballadoras autónomas, cun orzamento de **1,5M de euros, e con 150 persoas autónomas beneficiarias.**

6- AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN E A FORMACIÓN de traballadoras e traballadores por parte das persoas autónomas, para contribuír ao crecemento das pequenas unidades



produtivas con potencialidade, cun investimento de **1.350.000€** e **case 100 persoas traballadoras contratadas.**

6- XEMPRE EMPRENDEMENTO, co obxectivo de apoiar o emprendemento das persoas autónomas e pequenas e medianas empresas contribuíndo ao incremento da súa actividade económica e a súa competitividade a través de axudas á financiación das inversións realizadas, e conta cunha dotación de **5M de euros**. En fase de tramitación actualmente

7- XEMPRE EMPRENDEMENTO PLUS, para apoio á continuidade e consolidación de iniciativas de emprendemento de persoas autónomas e PEMES cunha antigüidade máxima de 42 meses para a realización de investimentos e a contratación de persoas desempregadas, e que conta con **6M de euros**. En fase de tramitación actualmente

Máis de 78 millóns de euros en 2023 dirixidos ás persoas traballadoras autónomas

Lembrar por último, que as liñas de axudas mencionadas están todas elas publicadas no Diario Oficial de Galicia no primeiro semestre de 2023, e en concreto as de maior contía: Impacto Autónomo, Promoción do Emprego Autónomo e Bono Autónomo publicáronse en xaneiro de 2023, de maneira que non existiu atraso algún na dita publicación."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59580
Data envío: 12/09/2023 19:58:03.628

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2023 17:58:01

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 7ª- **número 46993**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta don Martín Seco García, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto da exclusión das axudas directas a autónomos á práctica totalidade das explotacións agrogandeiras"**, (publicada no BOPG número 443, do 27 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Ao igual que para o caso das persoas traballadoras autónomas do sector do mar, e ademais das axudas directas postas en marcha en xaneiro do ano 2023 a través do Programa IMPACTO AUTÓNOMO, **ás que poden acceder, e de feito accederon, as persoas autónomas do sector agrario que cumpran os requisitos da convocatoria de axudas**, xa anteriormente por mor da Pandemia da covid-19, as Xunta de Galicia tiña implementados e xestionados ata seis Plans de Rescate, entre os exercicios 2020 e 2022, dirixidos fundamentalmente a microempresas e persoas traballadoras autónomas, posto que se trata dos principais protagonistas na creación de emprego e axentes dinamizadores da economía na nosa Comunidade Autónoma.

A administración autonómica é consciente de que foron e son as estas microempresas e persoas traballadoras autónomas en especial, as que sufriron o maior impacto da crise xerada pola evolución da COVID-19, e moitas deles pertencen aos sectores máis afectados pola COVID-19.

Así, en 2020 e 2021 a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade implantou axudas para as persoas traballadoras autónomas, entre elas as do sector do mar, **xestionándose**



un total máis de 415 millóns de euros entre o I, II, III e IV Plan de Rescate, que se uniron ás axudas específicas implantadas dende a Consellería do Medio Rural ás persoas autónomas do sector agrario e gandeiro.

De igual xeito, en 2023, convocáronse axudas específicas dirixidas a todas as persoas traballadoras autónomas, **incluídas as dos sectores agrícola e gandeiro**: O Programa Xempre Autónomo, dotado con 12M de euros; As axudas para a conciliación da persoa traballadora autónoma, dotadas con 1M de euros; O Programa Nova oportunidade, cun orzamento de 1,5M de euros, ou os dous programas de Apoio ao emprendemento cunha dotación de 13M de euros.

Sinalar ademais, en relación á obrigatoriedade de presentar electrónicamente as solicitudes, o disposto na Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, en concreto no seu artigo 10:

Artigo 10. Obrigatoriedade do emprego dos medios electrónicos

1. No ámbito do sector público autonómico estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, ademais dos indicados no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os suxeitos seguintes:

a) Os traballadores autónomos e traballadoras autónomas para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 17:17:29
Nº Rexistro: 59706
Data envío: 13/09/2023 17:17:29.743

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2023 15:17:27

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 6ª- **número 47001**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o retraso nos informes solicitados dende o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico en relación cos parque eólicos necesarios para o rearranque de Alcoa en San Cibrao"**, (publicada no BOPG número 443, do 27 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"O artigo 6.4 da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico de Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, establece:

'4. Non poderán implantarse parques eólicos fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, a excepción das modificacións substanciais dos parques en funcionamento nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, así como aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de enerxía.

En calquera caso, todos os proxectos deberán cumprir as distancias mínimas ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano e urbanizable residencial establecidas no artigo 33, e será necesario que o uso do solo sexa compatible coa implantación destas infraestruturas.'



En relación cos parques eólicos que firmaron acordos de compras de enerxía con Aluminio Español, S.L.U. (PPA) para a subministración de enerxía a prezos máis competitivos, debemos sinalar que o Consello da Xunta acordou segundo o establecido no artigo 6.4 da Lei 8/2009 excepcionar os seguintes proxectos de tramitación ministerial para que poidan ser tramitados:

PARQUE	PROMOTOR	POTENCIA (MW)	SOLICITUDE	CONSELLO
Borrasca	Greenalia	84	13/07/2022	03/11/2022
Monzón	Greenalia	54,4	13/07/2022	03/11/2022
Ventisca	Greenalia	89,6	13/07/2022	03/11/2022
Boura	Greenalia	72,8	13/07/2022	17/11/2022
Levante	Greenalia	106,4	26/08/2022	17/11/2022
Badulaque	Endesa	90	04/09/2022	17/11/2022
Barqueiro	Endesa	150	03/09/2022	17/11/2022
Santuário	Endesa	180	02/09/2022	17/11/2022
Tesouro	Endesa	60	02/09/2022	17/11/2022
Caaveiro	Endesa	78	02/09/2022	17/11/2022
Moeche	Endesa	53	05/09/2022	17/11/2022

Polo tanto, antes de contar coas devanditas declaracións de excepcionalidade acordadas polo Consello da Xunta, estes parques eólicos foron informados desfavorablemente. Porén, en canto obtiveran as declaracións permitíase a súa tramitación. Os organismos da Xunta emitiron os seus informes en prazo e todos estes parques obtiveron declaración de impacto ambiental, ben favorable (todos os parques agás un) ou ben desfavorable (o parque eólico Caaveiro por estar en zona BIC).“

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:34:13
Nº Rexistro: 59332
Data envío: 11/09/2023 11:34:13.375

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:34:11

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 47204**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a tramitación do parque eólico Troitomil e outros parques eólicos previstos no concello da Baña e nos concellos limítrofes"**, (publicada no BOPG número 443, do 27 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"O parque eólico Troitomil conta con informe do 01.10.2020, no que se indica que os aeroxeradores cumpren as distancias de 500 m e se recollen os organismos que deberán emitir informe para a aprobación definitiva do proxecto sectorial.

Asemade, o proxecto definitivamente aprobado correspóndese co proxecto avaliado por Medio Ambiente para a emisión da declaración de impacto ambiental de data 04.11.2022. Esa documentación recolle os cambios debidos aos informes ambientais e ás alegacións formuladas durante a información pública, de acordo co recollido na lexislación. O órgano ambiental non apreciou a necesidade de someter de novo á información pública.

Pola súa parte, no expediente consta informe do órgano de conca en relación ao EIA, ao PIA e á separata do proxecto, informes, todos eles, favorables. Ademais, establécese o requisito de que, previo ao inicio de obras, o promotor deberá obter a autorización de Augas de Galicia para a correcta execución das mesmas mantendo a seguridade das captacións de augas da zona.

De igual xeito, o proxecto conta con informes favorables da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de datas 26.06.2021 e 27.09.2022, onde se recollen todas as medidas cautelares para a conservación do patrimonio.



Por último, cómpre sinalar que os parques eólicos proxectados na zona contan cada un deles cun estudo de impacto ambiental que recolle estudos sinérxicos con parques eólicos e liñas na súa contorna. Todos os parques foron avaliados ambientalmente, de feito, o parque eólico Barrosino obtivo DIA negativa, sendo tan só autorizados, despois dunha avaliación ambiental favorable, os parques eólicos Troitomil e Vilartoxo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2023 12:38:23
Nº Rexistro: 59770
Data envío: 14/09/2023 12:38:23.554

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2023 10:38:20

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 47283**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **"as previsións do Goberno galego de demandar do Goberno do Estado da iniciación do concurso de transición xusta para a central térmica de Meirama en Cerceda"**(publicada no BOPG número 443 do 27 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Tras a reunión mantida polo Comité Executivo de Enerxía do Consello Galego de Economía e Competitividade, o pasado 8 de xuño, na que se trasladaron aos seus integrantes as alternativas formuladas polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico en relación cos posibles mecanismos para a adxudicación de capacidade nos nós de Transición Xusta, o Goberno da Xunta de Galicia considera que o procedemento finalmente elixido debe ser aquel que, tendo en conta unha axilidade razoable, aporte a total seguridade e garantías de que os proxectos finalmente seleccionados son as mellores propostas desde un punto de vista técnico, económico, medioambiental, de emprego e de impacto social positivo no territorio.

Ditos aspectos foron trasladados polo Goberno da Xunta de Galicia ao Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico no proceso de consulta pública previa para a regulación do procedemento e requisitos para a concesión de capacidade de acceso de evacuación para módulos de xeración de electricidade síncronos de



procedencia renovable en nós de transición xusta, que estivo aberto entre o 12 e o 27 de xuño pasado.

Ademais, a Xunta de Galicia, a través da sociedade público-privada Impulsa Galicia, está a promover un proxecto tractor nesta contorna relacionado coa economía circular e os gases de orixe renovable, que permitirá contribuír á consecución dos obxectivos enerxéticos, medioambientais e de descarbonización da nosa comunidade, ademais de contribuír a un impacto socioeconómico positivo, tras o peche da central térmica de Meirama na dita contorna”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:33:54
Nº Rexistro: 59329
Data envío: 11/09/2023 11:33:54.609

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:33:52

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 47291**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"as previsións da Xunta de Galicia de recadar un informe xurídico sobre o cumprimento dos compromisos do plan industrial da empresa Estela Eólica"**(publicada no BOPG número 443 do 27 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Mediante Resolución do 23 de xaneiro de 2014, a entón Dirección Xeral de Enerxía e Minas aceptou a renuncia de Estela Eólica SL á potencia admitida a trámite mediante a Orde do 29 de marzo de 2010, de acordo coa Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, baseada na imposibilidade material de continuar o procedemento por causas sobrevindas. En consecuencia, procedeu ao arquivo dos expedientes de:

Zona	Promotor	Parque	ADE	Potencia(MW)
3	Estela Eólica, S.L.	Meda	Meda	48
3	Estela Eólica, S.L.	San Cristovo	San Cristovo	18
3	Estela Eólica, S.L.	Serra da Lagoa	Serra da Lagoa	48
9	Estela Eólica, S.L.	Bullos	Monte do Gato	21
9	Estela Eólica S.L.	Pena do Corvo	Pico Felga	18
10	Estela Eólica, S.L.	As Penizas	Cabanelas	33
			Total	186



Os parques eólicos de Gato e Felga foron admitidos a trámite, respectivamente, con data 16.03.2018 e 6.02.2018, máis de catro anos despois do arquivo dos parques eólicos que se mencionan na pregunta. Estas solicitudes foron realizadas dentro do procedemento liberalizado que marca a Lei 5/2017, do 19 de outubro, pola que se modifica a Lei 8/2009 de acordo co proceso de liberalización do sector de xeración eléctrica que culminou co cambio normativo.

Atendendo a esta modificación fíxose necesaria a actualización da lexislación específica do sector eólico no ámbito autonómico, permitindo a presentación de parques eólicos cun procedemento máis áxil e sen a necesidade de ordes de convocatoria. Foi dentro deste marco regulatorio liberalizado cando se presentaron os parques de Gato e Felga". O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:33:48
Nº Rexistro: 59328
Data envío: 11/09/2023 11:33:48.375

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:33:45

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 47297**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir o cumprimento do plan industrial na tramitación do parque eólico Os Cotos en Cerdedo-Cotobade”**, (publicada no BOPG número 443, do 27 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa pregunta sobre a execución do plan industrial de Tiraventos debemos sinalar que a empresa executou o seu plan industrial a través da actuación do Plan de CZ veterinaria fabricación de vacinas Biofabri, presentando, durante o período de execución, a documentación acreditativa á Comisión de Seguimento do emprego e investimento executados desde o ano 2011 ata o ano 2020, quedando acreditada a súa execución, superándose as cifras de emprego e investimento marcadas na resolución da Orde de 29 de marzo de 2010.

EMPRESA	POTENCIA ADXUDICADA	POTENCIA QUE CONTINUA	PROPORCIONALIDADE		EXECUTADO		Parque	Potencia admitida	Actuaciones
			IMPORTE	empregos	IMPORTE	empregos			
TIRAVENTOS, S.L.	51	51	20.705.000 €	59	38.250.879,75 €	86	Os Cotos	30	Plan de CZ veterinaria fabricación vacunas- BIOFABRI
							O Merendón	21	

Na tramitación do parque dos Cotos tivéronse en conta para a súa autorización os informes emitidos polos distintos organismos consultados, así como a obtención da declaración de impacto ambiental favorable. A vinculación do parque e do plan industrial é indispensable para non perder a potencia adxudicada, pero, en ningún caso, o cumprimento dos plans



inflúe na tramitación dos parques como sucede no caso desta empresa en concreto, na que o parque eólico de Merendón obtivo declaración de impacto ambiental negativa, o que impediu a súa autorización sen ter en conta para nada o cumprimento do seu plan asociado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:33:21
Nº Rexistro: 59324
Data envío: 11/09/2023 11:33:21.890

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:33:19

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 47443**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a atención ás persoas LGBT e as políticas para evitar a discriminación"**, (publicada no BOPG número 443, do 27 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Para loitar contra a LGBTfobia e os delitos de odio é preciso un punto de vista integral que permita despregar diferentes políticas públicas nos eidos da prevención, resposta integral á violencia e na protección e reparación das vítimas.

Desde o ano 2018 véñense asinando, anualmente, entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (a través da Secretaría Xeral da Igualdade) convenios con diferentes entidades para o desenvolvemento de actividades e programas dirixidos á promoción, aplicación e desenvolvemento de actuacións e medidas destinadas a avanzar no fomento e a promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade, sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI. Entre estas, campañas de información social que promovan comportamentos e actitudes de respecto e igualdade ou actuacións para previr e intervir ante condutas de discriminación ou de posible acoso, violencia de xénero e/ou maltrato infantil, que puideran producirse por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, especialmente dende o ámbito familiar e social.

O Observatorio LGBTIQ+ conta agora mesmo con dous grupos de traballo: un adicado aos colectivos especialmente vulnerables e outro adicado á educación e deportes. Froito dos



seus traballos elaboráronse tres dos que se extraen interesantes conclusións e propostas que deberán ser analizadas no observatorio para a súa posible implementación. Polo de pronto, ademais dos ditos informes, desde a SXI estanse elaborando unha serie de decálogos de boas prácticas en diferentes eidos clave da sociedade (educación, familias, deporte, etcétera).

A maiores ás funcións importantes do Observatorio LGBTIQ+: Manter comunicación permanente coas instancias públicas e privadas pertinentes para a materialización dos dereitos das persoas LGBTI ou Propoñer a realización de investigacións e estudos específicos que resulten de interese para o coñecemento da situación das persoas LGTBI na Comunidade Autónoma de Galicia, entre outros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59577
Data envío: 12/09/2023 19:57:43.941

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2023 17:57:41

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 6ª- **número 47530**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación da industria do automóbil de vigo ante a falta de abastecemento de semicondutores"**, (publicada no BOPG número 443, do 27 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"O sector da automoción en Galicia é unha industria moi extensa na nosa Comunidade, á que pertencen máis de 140 empresas proveedoras, o Centro de Vigo de Stellantis e o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG).

A pesar dos problemas de aprovisionamento, a suba de prezos das materias primas, a crise enerxética e a inflación a nivel global, foi destacable o bo comportamento do sector galego da automoción, que pechou o 2022 coa cifra de negocios no seu nivel máis alto e con récord de exportacións.

A pesar da situación de incerteza que vive a automoción, e das dificultades que están a atravesar algunhas das empresas do sector, a industria de automoción galega, que fabricou en 2022 o 19% dos vehículos producidos en España, segue liderando a clasificación nacional, grazas ao Centro de Vigo de Stellantis que, un ano máis, volve ser a fábrica de coches máis produtiva.

A facturación das empresas ascendeu a 11.550 millóns de euros, un 3% máis que o ano anterior. As exportacións do sector marcaron tamén o seu mellor dato histórico, con 8.220 millóns de euros, o que supón un leve incremento do 0,7% con respecto a 2021. Esta cifra



equivale ao 27,5% do total de exportacións de Galicia. Os investimentos subiron lixeiramente e alcanzaron os 134 millóns de euros.

As vendas de compoñentes ao exterior creceron aínda máis que o conxunto do sector, concretamente un 5,6%, alcanzando os 1.740 millóns de euros. Os principais produtos ou servizos ao estranxeiro estiveron destinados, principalmente, a países como Francia, Portugal, Polonia, Alemaña, Italia, Reino Unido, Marrocos, Suecia, Arxentina ou EEUU.

Por outra banda, para a industria de automoción galega en xeral e para a planta de Stellantis en particular, é importante que o Goberno central teña un trato xusto con Galicia no reparto dos fondos europeos. O Goberno central está incumprindo con Galicia e cos empresarios dispostos a investir na nosa comunidade, porque non se garante que os seus proxectos dispoñan de fondos Next Generation.

Ademais cómpre que o Executivo central aprobe, con carácter inmediato, un marco de subministración eléctrica competitiva, estable e predicible para a gran industria consumidora de enerxía, así coma dispor dunha correcta planificación da rede de transporte que permita o desenvolvemento dos novos proxectos industriais.

En definitiva, non existe unha planificación acertada por parte do Goberno central na xestión de fondos europeos, que mostra unha postura unilateral na que non axiliza a súa tramitación e non apoia a proxectos transformadores clave para Galicia, en contraposición con outras comunidades autónomas ás que o Executivo central transferiu fondos para proxectos deste tipo.

Aínda así, a Xunta de Galicia continuará levando a cabo medidas de apoio aos proxectos industriais con posibilidades de implantación en Galicia, co fin de xerar emprego de calidade no sector industrial galego.

Finalmente, en relación coa pregunta de formación ás persoas traballadoras, convén destacar que Galicia vai contar o vindeiro curso 2023-2024 coa oferta máis alta e numerosa de Formación Profesional da súa historia ao contar con 42.174 prazas de novo ingreso, un 12% máis respecto ao ano académico que remata. Créanse 4.500 novas prazas, o que supón que a oferta medra en todas as áreas e todos os sectores.



Esta oferta foi deseñada a través do Plan Conecta FP Galicia que busca coñecer as necesidades do tecido produtivo galego "e adaptar a oferta formativa ás demandas actuais das empresas". Para iso, nos últimos meses realizáronse diferentes encontros sectoriais e territoriais nos que participaron máis de 10.000 empresas, 400 asociacións e clústeres e máis de 300 centros educativos expresaron as necesidades de cualificación de traballadores dos diferentes sectores socioprodutivos e áreas.

Paralelamente, en xullo deste mesmo ano 2023, a Xunta de Galicia e Stellantis asinaron un convenio de colaboración para a posta en marcha de 3 programas de FP Dual no sector da automoción: dous proxectos, en concreto un no ciclo superior en Mecatrónica industrial con oferta parcial de Automatización e robótica industrial (9 prazas) e outro no máster de FP de nova implantación en Robótica colaborativa con oferta parcial do ciclo de grao superior de Mecatrónica industrial (14 prazas); ademais dun máster de Mantemento e seguridade en sistemas de vehículos híbridos e eléctricos, que contará con outras 14 prazas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:32:51
Nº Rexistro: 59320
Data envío: 11/09/2023 11:32:51.015

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:32:48

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPxOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. Ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión 2ª - **número 47654**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **"os recursos técnicos da Sociedade galega do medio ambiente para tratar a xestión de residuos orgánicos dos concello adscrito ao seu sistema"**, (publicada no BOPG número 443, do 27 de xaneiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

En resposta á pregunta parlamentaria con **nº de rexistro 47653-47654-47655**, relativa á xestión dos residuos orgánicos; formulada polo Grupo Parlamentario do PSOE, a resposta que pode achegar a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é a seguinte:

A rede de infraestruturas que está a executar a Xunta para propiciar a valorización da materia orgánica estará conformada por 4 plantas de biorresiduos (unha por provincia) e 13 plantas de transferencia de apoio ás que se dotará dun punto de transvasamento para a materia orgánica recollida de forma separada nos municipios.

Con estas infraestruturas, os municipios adheridos a Sogama disporán dunha planta de biorresiduos ou de transferencia a menos de 50 quilómetros de distancia.

Cómpre lembrar que a xestión dos residuos é competencia municipal, polo que son os gobernos locais os que teñen a potestade para someter os residuos ao tratamento que consideren máis axeitado.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:32:37
Nº Rexistro: 59318
Data envío: 11/09/2023 11:32:37.593

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:32:35

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 47867**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as solicitudes da subvención para a creación de plataformas de "marketplace" para produtos agroalimentarios"** (publicada no BOPG número 447 do 2 de febreiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"O comercio tradicional está sometido a un fondo proceso de cambio que esixe realizar un esforzo de renovación e adaptación continuo e mellorar a súa posición histórica que tradicionalmente veu desempeñando no desenvolvemento económico e social das nosas vilas, abríndose a novas canles de comercialización dos produtos e de comunicación coas persoas consumidoras.

Neste sentido, a Xunta de Galicia promove e apoia os proxectos que xeren e fomenten a eficiencia e a modernización do comercio galego, así como, a promoción de sectores e produtos galegos coa finalidade de incrementar a competitividade do comercio polo miúdo e modernizar e adecuar o comercio de proximidade aos novos hábitos de consumo.

A creación e lanzamento de plataformas de marketplace para produtos agroalimentarios no medio rural representa un paso máis no proceso de transformación dixital do sector comercial que debe adaptarse á nova demanda e perfil das persoas consumidoras. Así, ademais de constituírse como espazos axeitados de comercialización dos ditos produtos, configúranse como instrumentos de desenvolvemento, dinamización, expansión e competitividade do medio rural.



Neste contexto, con estes obxectivos e co fin de adaptarse tanto aos novos hábitos de consumo como ás condicións impostas pola realidade social e sanitaria, ao abeiro da Orde do 9 de agosto de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións para a creación e lanzamento de plataformas de marketplace para produtos agroalimentarios no medio rural, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento CO300H) presentáronse un total de 31 solicitudes correspondentes a 24 concellos, 2 federacións e 5 GDR.

O prazo de presentación de solicitudes comprendeu dende o 31 de agosto ata o 30 de setembro de 2021. A orde e a hora de entrada das 31 solicitudes presentadas foi a seguinte:

Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE SOLICITANTE	DATA SOLICITUDE	HORA SOLICITUDE
CO300H-2021-CO001	CONCELLO DO IRIXO	31/08/21	00:03
CO300H-2021-CO002	CONCELLO DE BANDE	31/08/21	00:11
CO300H-2021-CO003	CONCELLO DA VEIGA	31/08/21	09:33
CO300H-2021-CO004	CONCELLO DE ABADÍN	31/08/21	13:10
CO300H-2021-CO005	CONCELLO DE VAL DO DUBRA	31/08/21	14:00
CO300H-2021-CO006	CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN	31/08/21	14:27
CO300H-2021-CO007	CONCELLO DE ORTIGUEIRA	31/08/21	14:46
CO300H-2021-CO008	CONCELLO DE SAN XOÁN DE RÍO	01/09/21	10:21
CO300H-2021-CO009	CONCELLO DE MELIDE	02/09/21	08:34
CO300H-2021-CO010	CONCELLO DE MANZANEDA	03/09/21	11:03
CO300H-2021-CO011	CONCELLO DE BEGONTE	03/09/21	13:49
CO300H-2021-CO012	CONCELLO DA POBRA DE TRIVES	08/09/21	13:54
CO300H-2021-CO013	CONCELLO DE MONTERREI	16/09/21	14:16
CO300H-2021-CO014	CONCELLO DE LAZA	20/09/21	14:11
CO300H-2021-CO015	CONCELLO DE SILLEDA	22/09/21	11:53
CO300H-2021-CO016	CONCELLO DE CASTRO CALDELAS	22/09/21	14:14
CO300H-2021-CO017	CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL	23/09/21	13:19
CO300H-2021-CO018	CONCELLO DE FRADES	28/09/21	15:26
CO300H-2021-CO019	CONCELLO DE MAZARICOS	29/09/21	14:31



CO300H-2021-CO020	CONCELLO DE MESÍA	29/09/21	14:38
CO300H-2021-CO021	CONCELLO DE BRIÓN	29/09/21	15:09
CO300H-2021-CO022	CONCELLO DE CERCEDA	30/09/21	12:53
CO300H-2021-CO023	CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA	30/09/21	13:51
CO300H-2021-CO024	CONCELLO DE TRASMIRAS	30/09/21	17:02
CO300H-2021-FED001	A MARIÑA FEDERACIÓN	31/08/21	14:24
CO300H-2021-FED002	FEDERACIÓN PROVINCIAL DE COMERCIO TURISMO E MERCADOS	30/09/21	20:55
CO300H-2021-GDR001	ASOC GRUPO DESENV RURAL RIB SACRA- COUREL	31/08/21	00:09
CO300H-2021-GDR002	ASOC DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS BETANZOS	31/08/21	00:17
CO300H-2021-GDR003	ASOC SEITURA 22 FERROL EUME ORTEGAL MIÑO VILLARMAIOR	06/09/21	10:36
CO300H-2021-GDR004	ASOC MONTES E VALES	29/09/21	19:43
CO300H-2021-GDR005	GDR ULLA-TAMBRE-MANDEO	30/09/21	14:59

A antedita convocatoria de axudas considera subvencionables todas as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro ata o 15 de novembro de 2021. Para iso, xunto coa solicitude, as persoas interesadas debían achegar a documentación necesaria, mínima e imprescindible para resolver a concesión da axuda de acordo coa normativa de aplicación, requisito común a todas as convocatorias de ordes de axudas.

En consecuencia, tendo en conta a amplitude do período subvencionable, a natureza das persoas beneficiarias ás que ía dirixida a orde e a concreta documentación requirida relativa ao proxecto obxecto da subvención, a súa presentación non supuxo atranco ningún para a concesión das axudas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:32:24
Nº Rexistro: 59316
Data envío: 11/09/2023 11:32:24.343

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:32:21

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 6ª- **número 47904**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os informes enviados pola Xunta de Galicia ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico respecto de todos os parques eólicos que están en tramitación por parte do Estado"**, (publicada no BOPG número 447, do 2 de febreiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"No seguinte cadro poden verse as datas de recepción de solicitude de informes e as respectivas datas de emisión dos mesmos. Tal e como se pode observar na táboa, emitíronse todos os informes solicitados e, ademais, como se pode apreciar, a estimación de 20 meses sen informar non é correcta.

Parque	Promotor	Recibido en DX solicitude informe	Informe consultas previas	Recibido en DX solicitude Informe IP	Informe IP
A BOIBELA	GREEN CAPITAL DEVELOPMENT 116, S.L.U.			26-08-2021	20-09-2021
A FONSAGRADA	GREEN CAPITAL POWER, SL	13-04-2018	02-05-2018		
A POBRA	GREEN CAPITAL POWER, SL	11-04-2018	19-04-2018		
AFRENDE	VOLANTIS RENOVABLES, SLU	16-07-2021	11-08-2021		
ALTO CABRERA	ENEL GREEN POWER ESPAÑA			29-01-2021	14-04-2021
ALTO DOS BORRALLOS	IBERDROLA ENERGÍAS RENOVABLES DE GALICIA, SA			21-06-2021	29-06-2021
ARDEMIL	GREEN CAPITAL POWER, SL	23-02-2018	16-03-2018		
AS CASTIÑEIRAS	GREEN CAPITAL DEVELOPMENT 109, S.L.U.			11-05-2023	19-07-2023
BADULAQUE	ENEL GREEN POWER ESPAÑA			30-07-2021	06-08-2021
BALINDOS	IBERDROLA RENOVABLES GALICIA S.A.	29-10-2020	15-04-2021		
BALOCAS	GREEN CAPITAL DEVELOPMENT 111, S.L.U.			02-02-2022	23-02-2022
BARJAS	DESARROLLOS RENOVABLES IBERIA DELTA, SL	08-01-2021	15-04-2021	10-06-2021	28-07-2021



BARQUEIRO	ENEL GREEN POWER ESPAÑA			10-09-2021	21-09-2021
BERDOIAS	IBERDROLA RENOVABLES GALICIA S.A.	26-11-2020	15-04-2021	03-05-2021	27-05-2021
BORRASCA	GREENALIA WIND POWER BORRASCA, SLU	22-06-2020	06-07-2020	06-09-2021	17-09-2021
BOURA	GREENALIA WIND POWER BOURA, S.L.U.	30-06-2020	15-07-2020	04-10-2021	08-10-2021
BRANCELLAO	ENEL GREEN POWER ESPAÑA			08-03-2022	14-03-2022
BRISA	GREENALIA WIND POWER BRISA, S.L.U.	23-06-2020	06-07-2020	12-07-2021	19-07-2021
CAAVEIRO	ENEL GREEN POWER ESPAÑA			08-07-2021	13-07-2021
CAIÑO	ENEL GREEN POWER ESPAÑA			08-03-2022	15-03-2022
CARBEIRA	EDP Renovables España S.L.U.	23-10-2020	15-04-2021		
CÉFIRO	GREENALIA WIND POWER CÉFIRO, S.L.U.	26-06-2020	10-07-2020	12-07-2021	20-07-2021
CIMA DE VILA	GREEN CAPITAL DEVELOPMENT 101, SLU			05-07-2023	29-06-2021
COVA DA VELLA	GREEN CAPITAL POWER, SL	10-08-2020	27-08-2020		
CRECENTE	FRV SOTILLOS SL	20-09-2021	24-09-2021		
DA ARMADA	GREEN CAPITAL POWER, SL	10-08-2020	27-08-2020		
DO CABAZO	GREEN CAPITAL POWER, SL	26-11-2020	15-04-2021		
ECO	GREEN CAPITAL DEVELOPMENT 130 S.L.U.			16-02-2022	14-03-2022
ENTREMARCO	VOLANTIS RENOVABLES, SLU	28-07-2021	11-08-2021		
FONTE BARREIROS	GREEN CAPITAL DEVELOPMENT 100, S.L.			01-12-2021	17-12-2021
GALERNA	GREENALIA WIND POWER GALERNA, S.L.U.	22-06-2020	06-07-2020	12-07-2021	19-07-2021
GONDRE	EDP Renovables España S.L.U.	23-10-2020	15-04-2021		
HURACÁN	GREENALIA WIND POWER HURACAN, S.L.U.			08-09-2021	21-09-2021
LARDEIRAS	GREEN CAPITAL DEVELOPMENT 125, SL			17-09-2021	24-09-2021
LAVANDEIRA	GREEN CAPITAL POWER, SL	08-02-2018	16-03-2018		
LEVANTE	GREENALIA WIND POWER LEVANTE, S.L.U.	30-06-2020	10-07-2020	10-05-2022	
LUCECÚ	GREEN CAPITAL DEVELOPMENT 123 S.L.U.			30-03-2022	11-04-2022
MISTRAL	GREENALIA WIND POWER MISTRAL SLU	02-07-2020	27-07-2020	20-09-2021	21-09-2021
MOECHE	ENEL GREEN POWER ESPAÑA			27-07-2021	04-08-2021
MONTE DE PORTOCHÁN	GREEN CAPITAL DEVELOPMENT 108, S.L.U.			11-05-2023	19-07-2023
MONTE DOS PORCALLOS	GREEN CAPITAL DEVELOPMENT XVIII, SL			18-03-2021	14-04-2021
MONTE SILVARIÑO	GREEN CAPITAL DEVELOPMENT 110, S.L. U.			11-05-2023	01-03-2022
MONZÓN	GREENALIA WIND MOZÓN, SLU	11-09-2020	15-04-2021	04-10-2021	08-10-2021
NEGUEIRA	VOLANTIS RENOVABLES, SLU	16-07-2021	11-08-2021		
NORDÉS	GREENALIA WIND POWER NORDÉS SLU	22-06-2020	03-07-2020	20-09-2021	21-09-2021
OENCIA	CEFIRO HOLDCO 3 S.L.			19-05-2023	10-07-2023
ORZAR	GREENALIA WIND POWER ORZAR S.L.U.	25-08-2020		11-02-2021	14-04-2021
PASTORIZA	GREEN CAPITAL POWER, SL	01-03-2018	16-03-2018		
PEDRABANTE	IBERDROLA RENOVABLES GALICIA S.A.	26-11-2020	15-04-2021	11-05-2021	01-06-2021
PENA DO CORVO	IBERDROLA RENOVABLES GALICIA S.A.	27-11-2020	15-04-2021	04-06-2021	29-06-2021
PRADA	DESARROLLOS RENOVABLES IBERIA GAMMA, SL	20-01-2021	15-04-2021	13-07-2021	20-07-2021
RALEA	GREEN CAPITAL DEVELOPMENT 133 S.L.U.			16-02-2022	14-03-2022
REBORDECHAO	DESARROLLOS RENOVABLES IBERIA BETA, SL	07-01-2021	15-04-2021	09-08-2021	17-08-2021
ROIDIZ	EDP Renovables España S.L.U.	23-10-2020	15-04-2021		



RULA	GREEN CAPITAL DEVELOPMENT 102 SL			17-06-2021	02-07-2021
RULIÑA	GREEN CAPITAL DEVELOPMENT 122, S.L.			18-11-2021	30-11-2021
SANTUARIO	ENEL GREEN POWER ESPAÑA	01-01-0001		29-07-2021	06-08-2021
SETE FONTES	GREEN CAPITAL DEVELOPMENT 118, S.L.U.			02-02-2022	23-02-2022
SIROCO	GREENALIA WIND POWER SIROCO S.L.U.			14-05-2021	01-06-2021
TABOADA	EDP Renovables España S.L.U.	23-10-2020	15-04-2021		
TESOURO	ENEL GREEN POWER ESPAÑA			12-07-2021	28-07-2021
TORNADO	GREENALIA WIND POWER TORNADO, SLU	25-08-2020		11-02-2021	14-04-2021
TRAMONTANA	GREENALIA WIND POWER TRAMONTANA, SLU	22-06-2020	06-07-2020	14-05-2021	01-06-2021
UMBRIO	GREEN CAPITAL DEVELOPMENT 134 S.L.U.			16-02-2022	14-03-2022
VAL DO FOLGOSO	GREEN CAPITAL DEVELOPMENT XXIX, SL			18-03-2021	14-04-2021
VENTISCA	GREENALIA WIND POWER VENTISCA, SLU	02-07-2020	27-07-2020	04-10-2021	08-10-2021

Cómpre sinalar que, nos casos do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e do informe negativo dos parques eólicos de Orzar e Tornado, a declaración de que un parque posúe unha función vertebradora e estruturante no territorio implica unicamente que o proxecto se pode tramitar, sen que por iso automaticamente os informes sexan favorables.

Sempre se defendeu unha tramitación garantista, na que unicamente aqueles proxectos ambientalmente viables poidan executarse, e esta garantía obtense a través de informes sectoriais independentes ou que avalíen os proxectos dentro do ámbito competencial de cada organismo.

En relación á pregunta relativa a se refiren a validez e aplicación do Plan sectorial eólico de Galicia, cómpre subliñar que este segue vixente e resulta plenamente aplicable."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:32:16
Nº Rexistro: 59315
Data envío: 11/09/2023 11:32:16.687

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:32:14

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 47986**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego do aumento dos delitos de odio contra as persoas LGTBI"**, (publicada no BOPG número 447, do 2 de febreiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Para loitar contra a LGBTfobia e os delitos de odio é preciso un punto de vista integral que permita despregar diferentes políticas públicas nos eidos da prevención, resposta integral á violencia e na protección e reparación das vítimas.

Desde o ano 2018 véñense asinando, anualmente, entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (a través da Secretaría Xeral da Igualdade) convenios con diferentes entidades para o desenvolvemento de actividades e programas dirixidos á promoción, aplicación e desenvolvemento de actuacións e medidas destinadas a avanzar no fomento e a promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade, sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI. Entre estas, campañas de información social que promovan comportamentos e actitudes de respecto e igualdade ou actuacións para previr e intervir ante condutas de discriminación ou de posible acoso, violencia de xénero e/ou maltrato infantil, que puideran producirse por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, especialmente dende o ámbito familiar e social.

O Observatorio LGBTIQ+ conta agora mesmo con dous grupos de traballo: un adicado aos colectivos especialmente vulnerables e outro adicado á educación e deportes. Froito dos



seus traballos elaboráronse tres dos que se extraen interesantes conclusións e propostas que deberán ser analizadas no observatorio para a súa posible implementación. Polo de pronto, ademais dos ditos informes, desde a SXI estanse elaborando unha serie de decálogos de boas prácticas en diferentes eidos clave da sociedade (educación, familias, deporte, etcétera).

A maiores ás funcións importantes do Observatorio LGBTIQ+: Manter comunicación permanente coas instancias públicas e privadas pertinentes para a materialización dos dereitos das persoas LGBTI ou Propoñer a realización de investigacións e estudos específicos que resulten de interese para o coñecemento da situación das persoas LGTBI na Comunidade Autónoma de Galicia, entre outros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 17:17:03
Nº Rexistro: 59702
Data envío: 13/09/2023 17:17:03.883

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2023 15:17:01

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 47989**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Begoña Rodríguez Rumbo e don Gonzalo Caballero Miguez, sobre **"o Real decreto lei 14/2022, de 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para minimizar o impacto da emerxencia enerxética"**(publicada no BOPG número 447 do 2 de febreiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego non recorreu o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sostibilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, pero si manifestou e quere reiterar a súa desconformidade con que as medidas recollidas no mesmo non foran nin consultadas nin consensuadas coas comunidades autónomas e cos diferentes sectores afectados, sen que, ademais, existise unha análise, recollida nunha memoria económica, que reflectise o impacto económico previsto de dito Real Decreto-lei. A pesar da súa desconformidade, e quedando claro que son estes os motivos e as razóns pola que non está de acordo co Real Decreto-lei 14/2022, o Goberno galego sempre cumpre co ordenamento xurídico vixente e axusta a súa actuación á legalidade.



Por último, en canto ás medidas que propón a Xunta de Galicia para minimizar os impactos presentes e futuros da emerxencia enerxética que estamos a padecer, atendendo á solicitude realizada polo Goberno de España ás comunidades autónomas para a remisión de propostas para a elaboración dun Plan de Continxencia Enerxético, en pleno mes de agosto, estas están recollidas no documento “Plan de Contingencia y Medidas Energéticas. Propuesta de la Xunta de Galicia”, do 31 de agosto de 2022, que foi remitido en dita data ao Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico”. O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:32:10
Nº Rexistro: 59314
Data envío: 11/09/2023 11:32:10.484

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:32:08

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª- **número 48006**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o incentivo de estratexias colaborativas para a captación de financiamento europeo por organismos e entidades públicas e privadas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 447, do 2 de febreiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“Os Fondos Next Generation supoñen unha oportunidade histórica nun momento de incerteza marcado pola invasión rusa de Ucraína, en febreiro do 2022, e antes pola pandemia da covid-19. De executarse dun xeito correcto, estes fondos representan o camiño máis axeitado para a transformación industrial de Galicia.

Neste marco, o Goberno galego púxose a traballar desde o primeiro día, elaborando xunto ao tecido produtivo unha proposta conxunta sustentada na transformación do modelo industrial no marco dunha economía verde e dixital; facendo da I+D+i un elemento transversal xerador dun efecto arrastre sobre todo o tecido produtivo e fomentando a colaboración público-privada para obter as maiores sinerxías posibles e impulsar a viabilidade futura.

Deste xeito, entre outras actuacións destácanse a creación da Oficina de Proxectos Tractores e Atracción de Investimentos, no seo do Igape; a posta en marcha da sociedade Impulsa Galicia, para responder ao gran reto de transformación do tecido produtivo galego; a activación de distintas oficinas técnicas sectoriais con diferentes clústeres galegos, para a identificación e levantamento de posibles candidaturas no marco dos fondos Next Generation e os PERTE; o impulso da Lei de simplificación administrativa e reactivación económica de Galicia, que permite dar prioridade aos proxectos estratéxicos financiados



por fondos europeos e a habilitación da Oficina Galicia Empresa, que atende ás empresas e aos novos proxectos empresariais que se queren asentar en Galicia.

Polo tanto, Galicia cumpriu cando Europa demandou a presentación de proxectos tractores capaces de modernizar a nosa economía. E segue a cumprir á hora de executar os fondos recibidos: o 100% dos obtidos ao amparo do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) -1.207M€, que supoñen o 5,5% das transferencias a Comunidades Autónomas- están xa mobilizados.

Desta contía, máis do 70% -893 millóns de euros- corresponden a convocatorias xa publicadas, e máis das dúas terceiras partes deste montante xa están adxudicadas. A 30 de xuño de 2023, preto de 33.000 persoas físicas, 7.300 persoas traballadoras autónomas, máis de 2.700 empresas e 200 entidades locais favorecéronse dos fondos de recuperación xestionados pola Administración galega.

Todas estas cifras demostran que a Xunta de Galicia está a ser áxil na execución dos fondos. Unha axilidade que resulta imprescindible, tamén, por parte do Goberno central na materialización dos PERTE, debendo escoitar e traballar da man dos sectores empresariais e das Comunidades Autónomas para acadar unha xestión máis áxil e útil.

Neste sentido, resulta imprescindible unha cogobernanza efectiva. Non en balde, de acordo cos últimos datos relativos aos PERTE, dos preto de 42.500 millóns de euros anunciados polo Goberno, convocáronse actuacións por importe de 14.918 millóns de euros (un 35% do orzamento global dos PERTE) e apenas se teñen resolto 9.440 millóns de euros (un 22,2% do total orzamentado)."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:32:03
Nº Rexistro: 59313
Data envío: 11/09/2023 11:32:03.890

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:32:01

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 6ª- **número 48065**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as accións previstas pola Xunta de Galicia para evitar que a empresa Alcoa San Cibrao incumpra os acordos"**, (publicada no BOPG número 447, do 2 de febreiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia leva estando presente en todas as comisións de seguimento da situación de Alcoa ininterrompidamente desde a primeira, amosando, sempre, o seu compromiso co mantemento do emprego na Mariña lucense.

De feito, grazas ás modificacións lexislativas efectuadas pola Administración autonómica, incentivouse a firma de contratos PPAs por parte da empresa con promotores eólicos. Este resultado conseguiuase grazas a dúas medidas: a posibilidade de desenvolver proxectos eólicos fóra das áreas de desenvolvemento eólicos (zonas ADE), e o outorgamento da condición de iniciativa empresarial prioritaria a aqueles proxectos que subscribiran un contrato de este tipo cunha empresa con centro de traballo en Galicia e lle subministraran o 50% da enerxía producida polo parque eólico.

Como se dixo, grazas a estas medidas Alcoa acabou firmando dous PPAs coas empresas Enel e Greenalia, co fin último de conseguir unha estabilidade e seguridade no prezo da enerxía, ante a dificultade por parte de Goberno central de fixar un prezo enerxético estable.



En calquera caso, os proxectos fóra de ADE foron declarados excepcionais polo Consello da Xunta por tratarse de proxectos que teñen unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social e posúen unha función vertebradora e estruturante do territorio, nun prazo inferior a tres semanas desde que o promotor presentou a documentación completa, o cal posibilitou que estes parques puideran tramitarse.

Ademais, esta declaración de excepcionalidade habilitou a tramitación do proxecto, pero estableceu tamén o condicionante de que as devanditas declaracións quedarían sen efecto no caso de que non se cumpriran os requisitos que motivaron a súa declaración. Polo tanto, a Administración autonómica garante que estes proxectos enerxéticos destinarán a súa enerxía a Alcoa.

Así mesmo, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Industria e Innovación, concedeu unha axuda de 985.000 euros á planta de Alcoa San Cibrao para a mellora da súa eficiencia enerxética. En concreto, a empresa investirá 3,4 millóns de euros na fundición e conformado de ánodos para a substitución do consumo de fuelóleo por gas natural co obxectivo de reducir en preto dun 3% o consumo inicial, o que supón máis de 4 millóns de kWh ao ano.

O proxecto contempla a conexión co gasoduto, así como a instalación dunha estación de regulación e medida para facturación, tubaxe de distribución, ademais de elementos para regulación, control e supervisión tanto dos equipos de combustión como dos fornos de elaboración. De feito, trátase dun proxecto comprometido pola empresa no plan de investimentos acordado coas persoas traballadoras da factoría.

Estes apoios enmárcanse na liña da Xunta de Galicia destinada a impulsar proxectos de eficiencia e aforro enerxético tanto en pemes como en grandes empresas do sector industrial.

Deste xeito, a Administración autonómica mostra o seu compromiso co mantemento da actividade industrial en Alcoa e a súa vontade de buscar solucións que permitan apoiar a industria electointensiva e o mantemento do emprego nun momento de grandes dificultades.



En definitiva, a competitividade da planta depende do desenvolvemento, por parte do Goberno central, dun marco de subministración eléctrica competitiva, estable e predicible para a industria electrointensiva española, de maneira que lle permita competir en igualdade de condicións desde o punto de vista do prezo eléctrico co resto da industria electrointensiva europea.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:31:49
Nº Rexistro: 59311
Data envío: 11/09/2023 11:31:49.359

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:31:47

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 48250**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto das condicións das axudas a persoas autónomas do sector do mar"**, (publicada no BOPG número 447, do 2 de febreiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Ademais das axudas directas postas en marcha en xaneiro do ano 2023 a través do Programa IMPACTO AUTÓNOMO, **ás que poden acceder, e de feito accederon, as persoas autónomas do sector do mar que cumpran os requisitos da convocatoria de axudas**, xa anteriormente por mor da Pandemia da covid-19, as Xunta de Galicia tiña implementados e xestionados ata seis Plans de Rescate, entre os exercicios 2020 e 2022, dirixidos fundamentalmente a microempresas e persoas traballadoras autónomas, posto que se trata dos principais protagonistas na creación de emprego e axentes dinamizadores da economía na nosa Comunidade Autónoma.

A administración autonómica é consciente de que foron e son as estas microempresas e persoas traballadoras autónomas en especial, as que sufriron o maior impacto da crise xerada pola evolución da COVID-19, e moitas deles pertencen aos sectores máis afectados pola COVID-19.

Así, en 2020 e 2021 a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade implantou axudas para as persoas traballadoras autónomas, entre elas as do sector do mar, **xestionándose un total máis de 415 millóns de euros entre o I, II, III e IV Plan de Rescate**, que se uniron



ás axudas específicas implantadas dende a Consellería do Mar, dirixidas ás persoas autónomas dos sectores da pesca, acuicultura e marisqueo.

De igual xeito, en 2023, convocáronse axudas específicas dirixidas a todas as persoas traballadoras autónomas, **incluídas as do sector do mar**: O Programa Xempre Autónomo, dotado con 12M de euros; As axudas para a conciliación da persoa traballadora autónoma, dotadas con 1M de euros; O Programa Nova oportunidade, cun orzamento de 1,5M de euros, ou os dous programas de Apoio ao emprendemento cunha dotación de 13M de euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2023 17:16:50
Nº Rexistro: 59700
Data envío: 13/09/2023 17:16:50.977

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2023 15:16:48

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 48409**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **"a valoración do Goberno galego da execución do programa 751A, Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia, dos orzamentos do ano 2022, a 30 de setembro"** (publicada no BOPG número 447 do 2 de febreiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A contención do consumo afectou dun modo transversal a todos os sectores produtivos e de servizos, pero incidiu dunha forma especialmente gravosa na actividade comercial, unha das máis sensibles ao comportamento do consumo.

O Goberno galego foi consciente desde un primeiro momento da importancia e da necesidade da reactivación do consumo e da dinamización da actividade comercial para o mantemento dun sector que é estratéxico na nosa economía.

En concreto, para a reactivación do sector comercial, é preciso activar unha serie de medidas para impulsar a dixitalización e reforzar a súa dinamización co fin de manter o tecido comercial e, ademais, evitar unha perda de competitividade.

A crise sanitaria puxo de manifesto como a dixitalización e o uso das novas tecnoloxías configúranse como ferramentas fundamentais para manter a actividade do comercio, polo que é preciso a posta en marcha de mecanismos de xestión integral que permitan combinar a venda física coa venda en liña e a distancia.



Ademais, ante a contracción do consumo e o descenso da confianza das persoas consumidoras, é necesario intervir reactivando a demanda e, paralelamente, apoiar ás pequenas empresas para manterse no intervalo de tempo que dure a reactivación.

Por todo isto, a Xunta de Galicia puxo en marcha unha estratexia de liñas de axudas dirixidas a mellorar a competitividade do comercio e a garantir o mantemento do tecido comercial e artesanal, así como para incentivar o consumo.

Para acadar estes obxectivos, a data 30 de setembro de 2022 tiñáanse activado distintas liñas de axudas para o sector artesanal e comercial por importe de 16,4M€, o que supón un 74,18% do orzamento total do programa 751A que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

Todas estas liñas de axudas orientadas á reactivación da actividade comercial e do consumo comprenden actuacións que en moitos casos precisan dun desenvolvemento continuado ao longo de todo o exercicio ou, no seu caso, un período de tempo amplo para a súa implantación.

Por iso, co fin de abarcar o maior número de actuacións e actividades que poden ser obxecto de axuda, o período subvencionable de cada convocatoria para a súa realización e pagamento iníciase o 1 de xaneiro e remata ao longo do cuarto trimestre do 2022, adaptándose así e comprendendo os distintos períodos de intensa actividade comercial, incluída a campaña de Nadal 2021-2022. En consecuencia, é no cuarto trimestre do ano cando se executan os pagamentos das axudas, previa xustificación da súa realización”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:31:11
Nº Rexistro: 59305
Data envío: 11/09/2023 11:31:11.109

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:31:07

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 48615**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto dos proxectos dos parques eólicos Porto Vidros e Campo das Rosas en Cerdedo-Cotobade promovidos por Naturgy"**, (publicada no BOPG número 450, do 8 de febreiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"En relación coa fragmentación dos expedientes dos parques eólicos, cómpre efectuar as seguintes consideracións:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, define o fraccionamento de proxectos como o 'mecanismo artificioso de división dun proxecto co obxectivo de evitar a avaliación de impacto ambiental ordinaria, no caso de que a suma das magnitudes supere os limiares establecidos no Anexo I'. O pretendido fraccionamento tería como fin último eludir a avaliación ambiental ordinaria. Porén no caso de parques eólicos próximos entre si, non é posible (mediante o fraccionamento) evitar o seu sometemento ao procedemento ordinario de avaliación ambiental, pola obriga de considerar os efectos sinérxicos ou acumulativos con outros parques xa construídos e/ou avaliados.

Así, no ámbito dos parques eólicos, o referido Anexo I establece que estarán sometidas á avaliación ambiental ordinaria, entre outras, as 'Instalacións para a utilización da forza do vento para a produción de enerxía (parques eólicos) que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou que teñan máis de 30 MW ou que se atopen a menos de 2 km doutro parque eólico en



funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental'.

Polo tanto, no caso das instalacións de aproveitamento eólico, o fraccionamento que se alega de adverso non produce os efectos denunciados (evitar que o proxecto teña que ser sometido a unha avaliación ambiental ordinaria).

Por outra banda, a Lei 21/2013 obriga a que os estudos de impacto ambiental que presenten os promotores deban contemplar os efectos sinérxicos ou acumulativos derivados da existencia doutros parques eólicos ou outro tipo de instalacións nas proximidades. Polo tanto, ese suposto 'partimento' dos proxectos non evita que a avaliación ambiental deba ter en conta o efecto derivado da proximidade doutras instalacións e infraestruturas.

O proxecto do parque eólico conta cun estudo de sinerxías incluído no estudo de impacto ambiental cunha zona de estudo dos parques eólicos e liñas eléctricas situadas na súa contorna.

Cómpre sinalar que nada impide, desde o punto de vista da lexislación ambiental e do sector eléctrico, a execución de parques próximos entre si por parte dun mesmo ou distintos promotores e compartindo certas instalacións. Así o ten declarado o Tribunal Supremo na súa sentenza do 11 de decembro de 2013 cando di que 'una cosa es que los distintos elementos e instalaciones de un parque eólico deban tener una consideración unitaria y otra que ello impida que puedan existir parques próximos y que estos puedan compartir la ubicación de algunos elementos o la línea de vertido a la red'.

Pola contra, tanto a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico como o Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, así como o Real Decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, obrigan a que se compartan as infraestruturas de evacuación, precisamente para evitar un maior impacto ambiental. En concreto, a disposición final segunda do Real Decreto 1183/2020, modifica o Real Decreto 1955/2000 para condicionar a autorización administrativa das infraestruturas de evacuación á presentación, por parte dos titulares de ditas liñas de evacuación, dun documento que acredite a existencia dun acordo vinculante para o uso compartido das



mesmas por parte de todos os titulares de permisos de acceso e conexión na mesma posición de liña. En palabras do Alto Tribunal, na devandita sentenza do 11 de decembro de 2013, 'no podría darse un tratamento separado a grupos de aerogeneradores de forma artificiosa y tratarlos como parques autónomos, o duplicar instalaciones con el mismo fin, pues ello comportaría efectivamente un fraude de ley que, al margen de su mayor impacto medioambiental, podría suponer una alteración de la competencia o una evitación de mayores exigencias medioambientales'.

Pola súa parte, a Lei 8/2009 do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, define parque eólico como a instalación de produción de electricidade a partir de enerxía eólica, constituída por un ou varios aerogeneradores interconectados electricamente con liñas propias, que comparten unha mesma estrutura de accesos e control, con medición de enerxía propia, así como coa obra civil necesaria. Polo tanto, de acordo con esta definición, pode colixirse o carácter unitario dun parque e considerarse autónomo e independente sempre que teña capacidade de funcionamento separado, sen prexuízo de que comparta infraestruturas de evacuación con outros parques. É máis, compartir infraestruturas de evacuación supón, como é lóxico, un menor impacto ambiental, obxectivo a perseguir neste tipo de instalacións. Nesta mesma liña, a utilización de accesos comúns supón un uso máis racional do terreo, reducindo a superficies afectadas polas instalacións.

No que respecta á definición de instalacións de conexión a Lei 8/2009 remítese ao establecido no artigo 30 do mencionado Real Decreto 1955/2000, entendendo por instalacións de conexión de centrais de xeración aquelas que sirvan de ligazón entre unha ou varias centrais de xeración de enerxía eléctrica e a correspondente instalación de transporte ou distribución, incluíndo liñas e subestacións.

En calquera caso, os proxectos eólicos son sometidos a avaliación ambiental ordinaria, e nela avalíanse os efectos sinérxicos. Así, por exemplo, o informe do 18.12.2022 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural relativo ao parque eólico Campo das Rosas establece que 'En base ás análises efectuadas e resultados obtidos, non se prevén modificacións na intensidade dos efectos sinérxicos das instalacións existentes, autorizadas e tramitadas nas áreas analizadas como consecuencia da acumulación de infraestruturas (en explotación ou en autorización máis as proxectadas). O resultados indican que o parque eólico e liña



eléctrica proxectada non producirá un incremento significativo da intensidade dos efectos sinérxicos nas áreas analizadas dentro da envolvente de 5 km.'

De igual forma, o informe da Axencia Turismo de Galicia do 30.03.2022 dispón que 'o impacto que terá o parque eólico 'Campo das Rosas' no turismo rural local así como na súa contorna é reducido e que deberán ser atenuados polas medidas compensatorias e correctivas a incluír na Declaración de Impacto Ambiental.

Así mesmo e tras a análise turística da instalación e en concreto sobre a posible incidencia do parque eólico Campo das Rosas sobre a festa de interese turístico da Rapa das Bestas de Sabucedo, destacar que a afección considérase na mesma liña que o resto da actuación, tendo presente que a súa afección visual é real e preséntase analizada no estudio de impacto turístico aportado.'

E por último, cómpre indicar que as empresas adxudicatarias do concurso do 2010 terán que cumprir cos seus compromisos adquiridos, e a Xunta de Galicia velará polo seu cumprimento."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:30:56
Nº Rexistro: 59303
Data envío: 11/09/2023 11:30:56.437

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:30:53

CSV: BOPGDSPG-XHCPCPXOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ff

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª- **número 48828**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outras/outros deputadas/os do mesmo grupo, sobre **"as políticas económicas previstas polo Goberno galego para xerar emprego"**, (publicada no BOPG número 450, do 8 de febreiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Dende a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, as liñas de traballo en relación á políticas económicas dirixidas a incentivar o emprego podemos destacar o seguinte:

No primeiro semestre de 2023, **Galicia é a segunda CCAA por número de axudas ao emprego publicadas pola Xunta** (44 apoios), representando o 10,4% do total de axudas ao emprego de todo o Estado (423), só por detrás de Navarra (62 // 14,66%).

En termos de investimento económico, **Galicia sitúase no terceiro lugar cun total de 274,2M€ (e un 12,09%)**, só por detrás de Valencia (17,09% // 387,5M€) e de Andalucía (12,51% // 283,8M€).

Atendendo a esa perspectiva, Galicia amosa **un destacado esforzo investidor en materia de axudas para o emprego** e de atención a este conxunto de políticas de apoio, en comparación co resto de comunidades autónomas:

- A Xunta ocupa **o segundo posto por orzamento dedicado ao emprego con 274,2M€**, xa que dedica o 1,94% sobre o total do seu orzamento, só por detrás de Extremadura (2,33% // 166,8M€) ¹. A

¹ Para facer a comparativa tense en conta o investimento do total das axudas destinadas ao emprego sobre o orzamento total da CCAA. Os 274,2M€ son o resultado da suma das axudas ao emprego das consellerías de Promoción do Emprego e Igualdade, de Medio Rural, do Igape e da Vicepresidencia segunda de Presidencia.



media estatal sitúase no 0,89%, menos da metade do investimento feito en Galicia (un 118,57% por baixo).

- No mesmo nivel, Galicia sitúase no **3º lugar por investimento por poboación parada media entre xaneiro e maio²**, cun investimento por persoa parada de **1.945,38€**, só por detrás de Extremadura (2.021,39€) e de Navarra (1.957,74€), tendo en conta que a media do conxunto de CCAA foi de 908,39€, moi lonxe do esforzo, un 114,16% menos.
- En clave autonómica, **a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade representa o 70,69% do número de axudas publicadas** (incluídas as demais consellerías e deputacións provinciais), **e o 87,64% atendendo ao investimento aplicado (255,4M€)**.
- Tendo en conta só o esforzo investidor da Xunta de Galicia, **a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade supón o 93,18% das axudas publicadas e o 93,14% do orzamento aplicado (os mencionados 255,4M€)**

² Galicia representa só o 4,96% do total da poboación parada media do que vai de 2023.



Comparativa conxunto CCAA – Nº de apoios // Orzamento total dos apoios

CC.AA.	Nº apoios publicados	% s/ total apoios	Orzamento 2023	Orzamento 2024 e ss.	Total orzamento 23-24	% Total orzamento
Andalucía	27	6,38%	261.296.048,84 €	22.556.222,00 €	283.852.270,84 €	12,51%
Aragón	25	5,91%	55.747.536,19 €	14.411.431,79 €	70.158.967,98 €	3,09%
Asturias	16	3,78%	22.593.230,94 €	13.895.000,00 €	36.488.230,94 €	1,61%
Baleares	17	4,02%	30.285.906,71 €	7.968.573,29 €	38.254.480,00 €	1,69%
Canarias	9	2,13%	32.560.803,00 €		32.560.803,00 €	1,44%
Cantabria	15	3,55%	17.261.750,00 €	5.000.000,00 €	22.261.750,00 €	0,98%
Castilla La Mancha	23	5,44%	119.079.942,04 €	8.664.723,17 €	127.744.665,21 €	5,63%
Castilla y León	8	1,89%	60.630.000,00 €	1.395.000,00 €	62.025.000,00 €	2,73%
Cataluña	16	3,78%	176.419.628,66 €	127.893,45 €	176.547.522,11 €	7,78%
Ceuta	4	0,95%	4.498.099,58 €		4.498.099,58 €	0,20%
España	7	1,65%	51.444.243,86 €	3.996.686,14 €	55.440.930,00 €	2,44%
Euskadi	20	4,73%	128.945.681,90 €	24.232.515,00 €	153.178.196,90 €	6,75%
Extremadura	37	8,75%	136.284.847,95 €	30.554.581,99 €	166.839.429,94 €	7,36%
Galicia	44	10,40%	199.315.466,53 €	74.891.841,95 €	274.207.308,48 €	12,09%
La Rioja	14	3,31%	9.463.552,50 €	3.368.638,12 €	12.832.190,62 €	0,57%
Madrid	23	5,44%	258.855.174,93 €		258.855.174,93 €	11,41%
Murcia	21	4,96%	34.703.893,89 €	8.750.000,00 €	43.453.893,89 €	1,92%
Navarra	62	14,66%	57.099.599,64 €	4.440.000,00 €	61.539.599,64 €	2,71%
Valencia	35	8,27%	384.038.324,97 €	3.500.000,00 €	387.538.324,97 €	17,09%
Total xeral	423	100,00%	2.040.523.732,13 €	227.753.106,90 €	2.268.276.839,03 €	100,00%

Comparativa conxunto CCAA vs Orzamento autonómico

CC.AA.	Orzamento CCAA23	Total apoios publicados	% s/ total orzamento
Andalucía	41.077.207.630,00 €	283.852.270,84 €	0,69%
Aragón	7.800.013.830,00 €	70.158.967,98 €	0,90%
Asturias	5.903.686.960,00 €	36.488.230,94 €	0,62%
Baleares	7.133.371.720,00 €	38.254.480,00 €	0,54%
Canarias	11.059.201.630,00 €	32.560.803,00 €	0,29%
Cantabria	3.507.353.720,00 €	22.261.750,00 €	0,63%
Castilla La Mancha	11.571.457.310,00 €	127.744.665,21 €	1,10%
Castilla y León	12.752.807.820,00 €	62.025.000,00 €	0,49%
Cataluña	47.156.286.930,00 €	176.547.522,11 €	0,37%
Ceuta	345.803.772,00 €	4.498.099,58 €	1,30%
España		55.440.930,00 €	-
Euskadi	14.314.935.460,00 €	153.178.196,90 €	1,07%
Extremadura	7.162.130.880,00 €	166.839.429,94 €	2,33%
Galicia	14.154.837.620,00 €	274.207.308,48 €	1,94%
La Rioja	1.898.969.370,00 €	12.832.190,62 €	0,68%
Madrid	28.142.467.640,00 €	258.855.174,93 €	0,92%
Melilla	352.355.995,00 €		0,00%
Murcia	7.770.713.380,00 €	43.453.893,89 €	0,56%
Navarra	5.748.951.170,00 €	61.539.599,64 €	1,07%
Valencia	28.959.782.370,00 €	387.538.324,97 €	1,34%
		Promedio	0,89%
		Diferenza	118,57%

Comparativa conxunto CCAA atendendo ao esforzo medio por persoa parada rexistrada

CC.AA.	Primedio paro rexistrado	Total apoios publicados	% s/ total orzamento
Andalucía	730.674	283.852.270,84 €	388,48
Aragón	57.158	70.158.967,98 €	1.227,46
Asturias	61.618	36.488.230,94 €	592,17
Baleares	32.859	38.254.480,00 €	1.164,20
Canarias	183.048	32.560.803,00 €	177,88
Cantabria	33.414	22.261.750,00 €	666,24
Castilla La Mancha	140.442	127.744.665,21 €	909,59
Castilla y León	119.188	62.025.000,00 €	520,40
Cataluña	345.226	176.547.522,11 €	511,40
Ceuta	10.216	4.498.099,58 €	440,30
España	2.841.830	55.440.930,00 €	-
Euskadi	109.934	153.178.196,90 €	1.393,37
Extremadura	82.537	166.839.429,94 €	2.021,39
Galicia	140.953	274.207.308,48 €	1.945,38
La Rioja	14.432	12.832.190,62 €	889,15
Madrid	310.348	258.855.174,93 €	834,08
Melilla	8.262		0,00
Murcia	91.075	43.453.893,89 €	477,12
Navarra	31.434	61.539.599,64 €	1.957,74
Valencia	339.013	387.538.324,97 €	1.143,14
		Promedio	908,39
		Diferenza	114,16%

Comparativa CCAA Galicia

Entidade	Nº de apoios	% Total apoios	Orzamento 2023	Orzamento 2024 e ss.	Total orzamento 23-24	% Total orzamento
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade	41	70,69%	196.615.466,53 €	58.791.841,95 €	255.407.308,48 €	87,64%
Consellería do Medio Rural	1	1,72%	1.600.000,00 €	14.900.000,00 €	16.500.000,00 €	5,66%
Deputación Provincial da Coruña	12	20,69%	13.082.000,00 €		13.082.000,00 €	4,49%
Deputación Provincial de Ourense	1	1,72%	1.575.000,00 €		1.575.000,00 €	0,54%
Deputación Provincial de Pontevedra	1	1,72%	2.553.600,00 €		2.553.600,00 €	0,88%
Instituto Galego de Promoción Económica	1	1,72%	100.000,00 €	1.200.000,00 €	1.300.000,00 €	0,45%
Presidencia da Xunta de Galicia	1	1,72%	1.000.000,00 €		1.000.000,00 €	0,34%
Total xeral	58	100,00%	216.526.066,53 €	74.891.841,95 €	291.417.908,48 €	100,00%

Comparativa Xunta de Galicia

“

Etiquetas de fila	Nº de apoios	% Nº apoios	Orzamento 2023	Orzamento 2024 e ss	Total orzamento 2023-24	% Total orzamento
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade	41	93,18%	196.615.466,53 €	58.791.841,95 €	255.407.308,48 €	93,14%
Consellería do Medio Rural	1	2,27%	1.600.000,00 €	14.900.000,00 €	16.500.000,00 €	6,02%
Instituto Galego de Promoción Económica	1	2,27%	100.000,00 €	1.200.000,00 €	1.300.000,00 €	0,47%
Presidencia da Xunta de Galicia	1	2,27%	1.000.000,00 €		1.000.000,00 €	0,36%
Total general	44	100,00%	199.315.466,53 €	74.891.841,95 €	274.207.308,48 €	100,00%

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2023 9:30:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:30:21
Nº Rexistro: 59298
Data envío: 11/09/2023 11:30:21.234

CSV: BOPGDS PG-XHCPCP xOr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

